



IES Arcebispo Xelmírez II

PD19-20 /06FIL

Departamento de Filosofía

Programación 2019-2020

Contido	
1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	
1.1. Centro	
1.1.1 Perfil do alumnado.....	
1.2. . Obxectivos adaptados ao contexto do centro e do alumnado	
1.2.1. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria	
1.2.2. Obxectivos do bacharelato	
1.3. Reparto dos grupos entre o profesorado da materia	
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	
2.1. Primeiro da E.S.O.	
2.1.1. Valores Éticos.....	
2.2. Segundo da E.S.O.	
2.2.1. Valores Éticos.....	
2.3. Terceiro da E.S.O.	
2.3.1. Valores Éticos.....	
2.4. Cuarto da E.S.O.....	
2.4.1. Valores Éticos.....	
2.4.2. Filosofía	
2.5. Primeiro de Bacharelato	
2.5.1. Filosofía	
2.6. Segundo de Bacharelato	
2.6.1. Historia da Filosofía.....	
2.6.2. Psicoloxía.....	
3. CONCRECIÓN, SE É O CASO, DOS OBXECTIVOS DA MATERIA PARA O CURSO.....	
3.1. . Obxectivos xerais para as materias da E.S.O.	
3.1.1. Primeiro da E.S.O.	
3.1.2. Segundo da E.S.O.	
3.1.3. Terceiro da E.S.O.....	
3.1.4. Cuarto da E.S.O.	
3.2. . Obxectivos xerais para as materias do Bacharelato.....	
3.2.1 1 Primeiro de Bacharelato.....	
3.2.2 Segundo de Bacharelato	
4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DOS SEGUINTE ASPECTOS: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, COMPETENCIAS CLAVE E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	
4.1. Valores éticos. Introducción.....	



- 4.2. Valores éticos. Primeiro da E.S.O.
 - 4.2.1. Mapa de relacións curriculares no que se indica:
 - a) grao mínimo de consecución para superar a materia,
 - b) temporalización
 - c) as competencias clave
- 4.3. Valores éticos. Segundo da E.S.O.
 - 4.3.1. Aclaracións sobre a temporalización, o grao mínimo de consecución para superar a materia, as competencias clave e os procedementos e instrumentos de avaliación
- 4.4. Valores éticos. Terceiro da E.S.O.
 - 4.4.1. Aclaracións sobre a temporalización, o grao mínimo de consecución para superar a materia, as competencias clave e os procedementos e instrumentos de avaliación
- 4.5. Valores éticos. Cuarto da E.S.O.....
 - 4.5.1. Aclaracións sobre a temporalización, o grao mínimo de consecución para superar a materia, as competencias clave e os procedementos e instrumentos de avaliación
- 4.6. Filosofía. Cuarto da E.S.O.
 - 4.6.1. Introducción
 - 4.6.2. Aclaracións sobre a temporalización, o grao mínimo de consecución para superar a materia, as competencias clave e os procedementos e instrumentos de avaliación
- 4.7. Filosofía. Primeiro de Bacharelato
 - 4.7.1. . Introducción
 - 4.7.2. Aclaracións sobre a temporalización, o grao mínimo de consecución para superar a materia, as competencias clave e os procedementos e instrumentos de avaliación
- 4.8. . Historia da Filosofía. Segundo de Bacharelato
 - 4.8.1. . Introducción
 - 4.8.2. Aclaracións sobre a temporalización, o grao mínimo de consecución para superar a materia, as competencias clave e os procedementos e instrumentos de avaliación
 - Resumo temporalización.....
- 4.9. Psicoloxía. Segundo de Bacharelato
 - 4.9.1. . Introducción
 - 4.9.2. Aclaracións sobre a temporalización, o grao mínimo de consecución para superar a materia, as competencias clave e os procedementos e instrumentos de avaliación
- 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS
- 6. MATERIAIS E RECURSOS.....
 - 6.1. Primeiro da E.S.O. Valores éticos.....
 - 6.2. Segundo da E.S.O. Valores éticos.
 - 6.3. Terceiro da E.S.O. Valores éticos.....
 - 6.4. Cuarto da E.S.O. Valores éticos.
 - 6.5. Cuarto da E.S.O. Filosofía.....
 - 6.6. Primeiro de Bacharelato. Filosofía
 - 6.7. Segundo de Bacharelato. Historia da Filosofía
 - 6.8. Segundo de Bacharelato. Psicoloxía.....
- 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO



ALUMNADO.....

7.1. Criterios de avaliación

7.1.1. Criterios de avaliación para a materia de Valores Éticos.
Consideracións xerais.....

7.1.2. Criterios de avaliación para a materia de Valores Éticos. 1º ESO.

7.1.3. Criterios de avaliación para a materia de Valores Éticos. 2º ESO.

7.1.4. Criterios de avaliación para a materia de Valores Éticos. 3º ESO.....

7.1.5. Criterios de avaliación para a materia de Valores Éticos. 4º ESO.

7.1.6. Criterios de avaliación para a materia de Filosofía 4º ESO.....

7.1.7. Criterios de avaliación para a materia de Filosofía 1 BACH

7.1.8. Criterios de avaliación para a materia de Historia da Filosofía 2 BACH

7.1.9. Criterios de avaliación para a materia de Psicoloxía 2 BACH.....

7.2. Criterios de cualificación

7.3. Criterios de promoción

8. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS
QUE SE POIDAN TOMAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E
AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....

1. Materias da ESO

1º e 3º de ESO Valores Éticos

2. Materias do bacharelato

2.1. Filosofía.....

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

10.1. Vías de atención á diversidade.....

10.2. A atención á diversidade e as súas implicacións na aula

10.3. A atención á diversidade na área de filosofía.....

11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO
CURSO QUE CORRESPONDA

12. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

12.1. Indicadores de logro do proceso de ensino

12.2. Indicadores de logro da práctica docente.....

13. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PRESENTE
DOCUMENTO E PROCESOS DE MELLORA

15. ACTA DE APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN E SINATURAS:



1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O proxecto didáctico para o curso 2018-2019 deséñase como marco para a unificación de criterios dos distintos membros do Departamento, aínda concedendo unha certa independencia cada un deles, á vez que se desexa que sirva como punto de referencia para o alumnado. Este proxecto propónse co obxectivo de axustar as esixencias xerais das normativas existentes para as disciplinas que imparte o Departamento ás condicións concretas con que se presenta o actual curso académico. Por iso preténdese reflectir nel os obxectivos que se intentan alcanzar, a metodoloxía que se vai a empregar, a distribución temporal da materia que se impartirá e os sistemas de avaliación e de recuperación que se van a seguir, facendo especial fincapé nos contidos mínimos exixibles para os exames de setembro, así como nos criterios de cualificación das probas.

Os membros do Departamento irán unificando criterios de acordo co proxecto didáctico nas reunións dos seus membros, facendo autoavaliación dos obxectivos e a metodoloxía empregada nas diferentes disciplinas que imparte o Departamento. O Departamento móstrase disposto á coordinación con outros programas pertencentes a departamentos deste centro, especialmente no que incumbe ás actividades complementarias e extraescolares.

1.1. Centro

O I.E.S. Arcebispo Xelmírez II é un centro situado na zona norte de Santiago, en Salgueiriños. A súa principal zona de influencia son os barrios de Vite e Vista Alegre, Xoán XXIII, Salgueiriños, As Cancelas e Cruceiro da Coruña. Recibe tamén alumnado de Meixonfrío e As Fontiñas, que comparte con outros centros, así como a zona rural do norte de Santiago. No 1º curso de Bacharelato, o alumnado procede non só do propio centro, senón tamén do IES de Oroso, do CPI Viaño Pequeno de Trazo, de outros centros públicos, concertados e privados de Santiago e,



en pequeno número, de variadas procedencias. No resto dos cursos, a incorporación de alumnado procedente doutros centros non deixa de ser anecdótica.

1.1.1 Perfil do alumnado

O perfil do alumnado escolarizado no IES Arcebispo Xelmírez II foi variando nos últimos anos, fundamentalmente no que respecta ao e status sociocultural das familias de procedencia e ao nivel de estudos dos pais, que inflúe notablemente nas expectativas das familias cara a educación dos seus fillos. A maior parte do alumnado sitúase nas clases medias e ten aumentado considerablemente o número dos proxenitores que posúen formación universitaria, e que establece esta meta para os seus fillos.

O IES Arcebispo Xelmírez II escolariza tamén alumnado con menos recursos, procedentes en xeral de barrios periféricos, cunha incidencia alta do desemprego e onde se concentran tamén familias de minorías étnicas (con predominio da etnia xitana) é inmigrantes con escasos recursos. Xeralmente nestes casos compre establecer estratexias (deseñadas dende o departamento de orientación e implementadas dende a acción tutorial) para concienciar ao alumnado da necesidade de acadar unha titulación para aumentar as súas expectativas sociais e laborais. A responsabilidade na mellora do proceso da ensinanza e da aprendizaxe que ofrece o centro establece entre as súas prioridades o éxito educativo destes colectivos e o desenvolvemento pleno das capacidades deste alumnado que non teñen que subordinarse ás demandas do mercado laboral.

Ten un peso importante na configuración da comunidade educativa é o alumnado asignado pola comisión de escolarización, que supera nos últimos anos o 10% do total. O perfil deste alumnado é moi variable e cambia cada curso académico, o que dificulta o deseño previo dos proxectos educativos e calquera outra actuación. É frecuente que nunha porcentaxe significativa teñen necesidades educativas específicas. Resumindo o anteriormente exposto, o IES Arcebispo Xelmírez II é un centro receptor de alumnado diverso e con procedencias ben diferentes que converten nun obxectivo prioritario a atención á diversidade.



DATOS DO CENTRO

IES Arcebispo Xelmírez II

Rúa Irmandiños, 15, 15704 (Santiago de Compostela)

Telefonos: 881 867 075- Fax: 881 867 062

e-mail: ies.arcebispo.xelmirez.2@edu.xunta.es



1.2. Obxectivos adaptados ao contexto do centro e do alumnado

Resáltanse en negriña os aspectos que se priorizan en función das características e necesidades do centro.

1.2.1. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria

<p>a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.</p>
<p>b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.</p>
<p>c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.</p>
<p>d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.</p>
<p>e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.</p>
<p>f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.</p>
<p>g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.</p>
<p>h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.</p>
<p>i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.</p>
<p>l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.</p>



m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, **respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais**, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. **Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade**. Valorar criticamente os **hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente**, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) **Apreciar a creación artística** e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

o) **Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia**, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

p) **Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe**, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

1.2.2. Obxectivos do bacharelato

a) **Exercer a cidadanía democrática**, desde unha perspectiva global, e **adquirir unha conciencia cívica responsable**, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. **Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais**.

c) **Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións** existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) **Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe** e como medio de desenvolvemento persoal.

e) **Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá**.

f) **Expresarse con fluidez** e corrección **nunha ou máis linguas estranxeiras**.

g) **Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e**



comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. **Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.**

i) **Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais**, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) **Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos.** Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como **afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio**, con especial referencia ao territorio galego.

m) **Afianzar** o espírito emprendedor con actitudes **de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.**

n) **Desenvolver a sensibilidade artística e literaria**, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e **impulsar condutas e hábitos saudables.**

p) **Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.**

q) **Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia**, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.



1.3. Reparto dos grupos entre o profesorado da materia

Durante o curso 2018-2019 o Departamento de Filosofía está composto por dúas profesoras Ana María Alonso Rodríguez, María del Carmen Rey Sobral. Ademais da docencia de todas as materias do departamento, asúmese a docencia da materia de Libre Configuración Autonómica "Oratoria". As dúas profesoras do Departamento asumen ademais fora de horario, docencia no STEMBach. O reparto horario da carga lectiva do Departamento é o seguinte:

PROFESORA	1º ESO ORAT 1h/s	1ºESO VAL ÉTIC 1h/s	2ºESO VAL ÉTIC 1h/s	3ºESO VAL ÉTIC 1h/s	4ºESO VAL ÉTIC 1h/s	4ºESO FIL 3h/s	1BAC FILOS 3h/s	2BAC H FIL 4h/s	2BAC PSIC 3h/s
Alonso Rodríguez, Ana María (Xef. Dep. Filos)	3 grup			1 grup		1 grup	3 grup		
Rey Sobral, María del Carmen (Dep Filos)		3 grup	2 grup		1 grup		1 grup	1 grup	1 grup
TOTAL HORAS	3	3	2	1	1	3	12	4	3



2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

O Consello Europeo de Lisboa estableceu como obxectivo estratéxico para a Unión Europea ser “a economía baseada no coñecemento máis competitiva e dinámica do mundo, capaz de ter un crecemento económico sostible con máis e mellores traballos e cunha maior cohesión social”. Para acadar este obxectivo, os sistemas educativos deberán adaptarse ás demandas da sociedade do coñecemento e a necesidade de mellorar a calidade e o nivel do traballo. Con este fin, o Consello Europeo de Lisboa fixo un chamamento aos Estados Membros, ao Consello e a Comisión para establecer un marco europeo que definira “as novas destrezas básicas” proporcionadas por medio dunha *aprendizaxe ao longo da vida*. Indicábase xa que este marco debería incluír *Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC), cultura tecnolóxica, linguas estranxeiras, espírito emprendedor e habilidades sociais*.

Nos posteriores Consellos Europeos (Estocolmo, 2001 e Barcelona 2002) continuouse nesta liña de traballo, acentuando a necesidade da acción para mellorar o dominio das destrezas básicas e promocionar a dimensión europea en educación. Coa fin de acadar eses obxectivos comúns para o 2010, adoptouse un detallado programa de traballo dividido en trece áreas u obxectivos nos que participaban grupos de expertos. O grupo de traballo das competencias clave comezou a traballar no 2001, coa finalidade de identificar e definir que son as novas destrezas e cal é a mellor maneira de integralas no currículo, mantelas e aprendelas ao longo da vida. No seu primeiro informe emitido en febreiro de 2002, o grupo introduciu un marco con oito **competencias clave**.

Ao mesmo tempo que se atendía o mandato do Consello de Europa para identificar e definir as competencias clave, mantíñase o mesmo debate e unha liña de traballo semellante noutros foros internacionais. Entre eles destaca o proxecto da **OCDE** para a **Definición e Selección de Competencias (DeSeCo)**, a iniciativa **ASEM** (a iniciativa da aprendizaxe ao longo da vida da Reunión Asia-Europa), o informe **Eurydice**, mostrou interese polas competencias relacionándoas cunha mellor organización da aprendizaxe, o informe **PISA 2000** enfatizaba a importancia das competencias para unha aprendizaxe exitosa.

O grupo de traballo das competencias clave da UE, tendo tamén en conta os diversos estudos internacionais, definiu un **marco** composto por oito dominios de **competencias clave** que se consideran necesarios para a sociedade do coñecemento:

- Comunicación en lingua materna,
- Comunicación en lingua estranxeira,
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía,
- Competencia dixital,
- Competencias interpersoais e cívicas,



Expresión cultural,
Aprender a Aprender e
Espírito emprendedor.

Este marco constitúe o primeiro intento a nivel europeo de proporcionar unha lista global das **competencias clave** que se consideran necesarias para acadar os obxectivos de realización persoal, inclusión social e emprego nunha sociedade do coñecemento.

Na LOMCE recóllense estas competencias con lixeiras variacións na súa denominación:

CCL. Competencia en Comunicación Lingüística

CMCT. Competencia Matemática e en Ciencia e Tecnoloxía

CD. Competencia Dixital

CAA. Competencia para Aprender a Aprender

CSC. Competencias Sociais e Cívicas

CSIEE. Competencia en Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor

CCEC. Competencia en Consciencia e expresións Culturais

Tendo en conta o carácter transversal, teórico e práctico, que permite integrar en unha visión de conxunto na gran diversidade de saberes, capacidades e valores, a materia Filosofía permite traballar de modo satisfactorio as sete competencias propostas na lexislación educativa actual e marco educativo europeo. A continuación tratamos de sinalar algún dos aspectos que mostran a relación entre a Filosofía e as sete competencias:

· **Comunicación lingüística (CCL):** a filosofía é unha materia eminentemente lingüística. A mesma experiencia filosófica é posible grazas a linguaxe. A argumentación é a base do discurso filosófico, o que permite xustificar as ideas e construír un punto de vista común servíndonos dese instrumento que todos compartimos, que non é outro que a linguaxe.

· **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):** unha das achegas fundamentais da filosofía é unha perspectiva ampla respecto á ciencia. A propia reflexión filosófica se ven construíndo con referencias permanentes á ciencia. Hai unha conexión ineludible entre ciencia e filosofía. Por outra parte, nesta materia se abre a reflexión sobre os valores dos que está cargada a ciencia, tanto externos como internos. Ademais a lóxica nace da necesidade de construír os noso coñecemento de forma rigorosa, achegando á filosofía á matemática.

· **Competencia dixital (CD):** a competencia dixital no consiste unicamente en saber utilizar as ferramentas tecnolóxicas ou en dominar medios informáticos. Unha das habilidades relacionadas con esta competencia é precisamente á busca, selección e xerarquización da información que se traballa na nosa materia dunha forma constante e que constitúe unha das tarefas máis urxentes na sociedade da información



· **Aprender a aprender (CAA):** esta competencia estará presente en todas las actividades que se realicen en el curso, pois obriga ao alumnado a poñer en práctica habilidades esenciais de todo aprendizaxe. Dende a resolución de dilemas morais, á elaboración de mapas conceptuais ou os comentarios de textos, en todas as actividades entrará en xogo a autonomía de cadaquén á hora de atopar as ideas e conceptos básicos que se pretenden discutir na aula.

· **Competencias sociais e cívicas (CSC):** esta es sen dúbida a competencia máis relacionada coa filosofía. Na declaración da UNESCO en defensa da filosofía, se caracteriza a esta disciplina como unha escola de liberdade. No texto deféndese a presenza da filosofía ao longo de todo o sistema educativo, dado que habilidades como o pensamento crítico, a tolerancia ou o diálogo se potencian coa ensinanza da filosofía. Fórmanse mellores cidadáns non por aprendan unha serie de dogmas sociais ou políticos, senón porque aprenden a pensar en medio da pluralidade e a dar valor aos argumentos para a toma de decisións.

· **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** se ben o espírito emprendedor está presente no currículo de Filosofía de 1º de Bacharelato, ao final do bloque 6, o relevante é a súa relación coa toma de iniciativas e a con la autonomía persoal, o que responde a unha esixencia xenuinamente filosófica: “pensa por ti mesmo/a”, “atrévete a saber”. Cando se lle pide a quen estuda filosofía que elabore o seu propio pensamento no so se está mellorando a súa autoestima e valorando os seus puntos de vista senón que se lle está pedindo que tome a iniciativa de pensar por si mesmo.

· **Conciencia e expresións culturais (CCEC):** o arte, a música, as distintas manifestacións culturais, poden entenderse como vehículo de ideas filosóficas. Por outra parte, a filosofía aporta unha mirada global e interdisciplinar que contribúe a fortalecer esta competencia.



1.1. Primeiro da E.S.O.

1.1.1. Valores Éticos

Valores Éticos - 1º E.S.O. - Contribución ao desenvolvemento das competencias clave - CAA (10)
VEB1.2.1. Coñece información, de fontes diversas, arredor dos grupos de adolescentes, as súas características e a influencia que exercen sobre os seus membros na determinación da súa conduta, e realiza un resumo coa información obtida.
VEB1.5.3. Encontra a relación que existe, disertando en grupo, entre algunhas virtudes e valores éticos e o desenvolvemento das capacidades de autocontrol emocional e automotivación, tales como: a sinceridade, o respecto, a prudencia, a temperanza, a xustiza e a perseveranza, entre outras
VEB1.6.1. Comprende en que consisten as habilidades emocionais que, segundo Goleman, debe desenvolver o ser humano e elabora, en colaboración en grupo, un esquema explicativo arredor do tema.
VEB2.2.2. Exemplifica, en colaboración en grupo, a influencia que teñen na configuración da personalidade os valores morais inculcados polos axentes sociais, entre eles a familia, a escola, os amigos e os medios de comunicación masiva, elaborando un esquema e conclusións, utilizando soportes informáticos.
VEB2.4.1. Comprende a importancia que para Goleman ten a capacidade de recoñecer as emocións alleas e a de controlar as relacións interpersoais, e elabora un resumo esquemático sobre o tema.
VEB2.5.3. Emprega, en diálogos curtos reais ou inventados, habilidades sociais como a empatía, a escoita activa, a interrogación asertiva, etc., coa finalidade de que aprenda a utilízalos de forma natural na súa relación coas demais persoas.
VEB2.5.4. Exercita algunhas técnicas de comunicación interpersoal, mediante a realización de diálogos orais, tales como a forma axeitada de dicir non, o disco raiado, o banco de néboa, etc., co obxecto de dominalas e poder utilízalas no momento adecuado.
VEB3.3.2. Analiza e valora a influencia que teñen na liberdade persoal a intelixencia, que nos permite coñecer posibles opcións para elixir, e a vontade, que nos dá a fortaleza suficiente para facer o que temos decidido facer.
VEB3.4.2. Procura e selecciona información sobre a existencia de clases de valores: relixiosos, afectivos, intelectuais, vitais, etc.
VEB3.6.2. Emprende, utilizando a iniciativa persoal e a colaboración en grupo, a organización e o desenvolvemento dunha campaña no seu medio, co fin de promover o recoñecemento dos valores éticos como elementos fundamentais do pleno desenvolvemento persoal e social.

Valores Éticos - 1º E.S.O. - Contribución ao desenvolvemento das competencias clave - CCEC (0)



Valores Éticos - 1º E.S.O. - Contribución ao desenvolvemento das competencias clave - CLL (15)
VEB1.1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando o seu significado etimolóxico.
VEB1.1.2. Describe as características principais da persoa: substancia independente, racional e libre.
VEB1.5.1. Define a intelixencia emocional e as súas características, valorando a súa importancia na construción moral do ente humano.
VEB1.5.2. Explica en que consisten as emocións e os sentimentos e como se relacionan coa vida moral.
VEB2.1.1. Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios informática.
VEB2.1.2. Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións fundamentadas eticamente.
VEB2.2.1. Describe o proceso de socialización e valora a súa importancia na interiorización individual dos valores e as normas morais que rexen a conduta da sociedade en que vive.
VEB2.3.1. Define os ámbitos da vida privada e a pública, así como o límite da liberdade humana, en ambos os casos.
VEB2.5.1. Explica en que consiste a conduta asertiva, facendo unha comparación co comportamento agresivo ou inhibido, e adopta como principio moral fundamental, nas relacións interpersoais, o respecto á dignidade das persoas.
VEB2.5.3. Emprega, en diálogos curtos reais ou inventados, habilidades sociais como a empatía, a escoita activa, a interrogación asertiva, etc., coa finalidade de que aprenda a utilizalos de forma natural na súa relación coas demais persoas.
VEB2.5.4. Exercita algunhas técnicas de comunicación interpersoal, mediante a realización de diálogos orais, tales como a forma axeitada de dicir non, o disco raiado, o banco de néboa, etc., co obxecto de dominalas e poder utilizalas no momento adecuado.
VEB3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e o concepto de persoa.
VEB3.3.3. Analiza algúns factores biolóxicos, psicolóxicos, sociais, culturais e ambientais, que inflúen no desenvolvemento da intelixencia e a vontade, nomeadamente o papel da educación, e expón as súas conclusións de forma clara, mediante unha presentación realizada con soportes informáticos e audiovisuais.
VEB3.4.1. Explica o que son os valores e as súas principais características, e aprecia a súa importancia na vida individual e colectiva das persoas.
VEB5.1.1. Explica e aprecia en que consiste a dignidade que esta declaración recoñece ao ser humano como persoa, posuidora duns dereitos universais, inalienables e innatos, mediante a lectura do seu preámbulo.



Valores Éticos - 1º E.S.O. - Contribución ao desenvolvemento das competencias clave - CD (6)
VEB2.1.1. Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios informática.
VEB2.2.2. Exemplifica, en colaboración en grupo, a influencia que teñen na configuración da personalidade os valores morais inculcados polos axentes sociais, entre eles a familia, a escola, os amigos e os medios de comunicación masiva, elaborando un esquema e conclusións, utilizando soportes informáticos.
VEB3.3.3. Analiza algúns factores biolóxicos, psicolóxicos, sociais, culturais e ambientais, que inflúen no desenvolvemento da intelixencia e a vontade, nomeadamente o papel da educación, e expón as súas conclusións de forma clara, mediante unha presentación realizada con soportes informáticos e audiovisuais.
VEB3.4.3. Realiza, en traballo en grupo, unha xerarquía de valores, explicando a súa fundamentación racional, mediante unha exposición usando medios informáticos ou audiovisuais.
VEB3.2.1. Distingue entre a conduta instintiva do animal e o comportamento racional e libre do ser humano, destacando a magnitude das súas diferenzas e apreciando as consecuencias que estas teñen na vida das persoas.
VEB3.3.3. Analiza algúns factores biolóxicos, psicolóxicos, sociais, culturais e ambientais, que inflúen no desenvolvemento da intelixencia e a vontade, nomeadamente o papel da educación, e expón as súas conclusións de forma clara, mediante unha presentación realizada con soportes informáticos e audiovisuais.

Valores Éticos - 1º E.S.O. - Contribución ao desenvolvemento das competencias clave – CMCCT (2)
VEB3.2.1. Distingue entre a conduta instintiva do animal e o comportamento racional e libre do ser humano, destacando a magnitude das súas diferenzas e apreciando as consecuencias que estas teñen na vida das persoas.
VEB3.3.3. Analiza algúns factores biolóxicos, psicolóxicos, sociais, culturais e ambientais, que inflúen no desenvolvemento da intelixencia e a vontade, nomeadamente o papel da educación, e expón as súas conclusións de forma clara, mediante unha presentación realizada con soportes informáticos e audiovisuais.

Valores Éticos - 1º E.S.O. - Contribución ao desenvolvemento das competencias clave - CSC (22)
VEB1.1.3. Explica e valora a dignidade da persoa que, como ente autónomo, se converte nun "ser moral".
VEB1.2.1. Coñece información, de fontes diversas, arredor dos grupos de adolescentes, as súas características e a influencia que exercen sobre os seus membros na determinación da súa conduta, e realiza un resumo coa información obtida.
VEB1.3.1. Identifica en que consiste a personalidade e os factores xenéticos, sociais, culturais e do contorno que inflúen na súa construción, e aprecia a capacidade de autodeterminación no ser humano.
VEB1.4.1. Describe e estima o papel relevante da razón e a liberdade para configurar cos seus propios actos a estrutura da súa personalidade.



Valores Éticos - 1º E.S.O. - Contribución ao desenvolvemento das competencias clave - CSC (22)
VEB1.6.2. Relaciona o desenvolvemento das habilidades emocionais coa adquisición das virtudes éticas, tales como: a perseveranza, a prudencia, a autonomía persoal, a temperanza, a fortaleza da vontade, a honestidade cun mesmo, o respecto á xustiza e a fidelidade aos propios principios éticos, entre outras.
VEB2.1.2. Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións fundamentadas eticamente.
VEB2.2.2. Exemplifica, en colaboración en grupo, a influencia que teñen na configuración da personalidade os valores morais inculcados polos axentes sociais, entre eles a familia, a escola, os amigos e os medios de comunicación masiva, elaborando un esquema e conclusións, utilizando soportes informáticos.
VEB2.2.3. Xustifica e aprecia a necesidade da crítica racional, como medio indispensable para adecuar aos valores éticos universais establecidos na DUDH os costumes, as normas, os valores, etc., do seu medio, rexeitando todo o que atente contra a dignidade do humano e os seus dereitos fundamentais.
VEB2.5.2. Aмосa, nas relacións interpersoais, unha actitude de respecto cara ao dereito que todos os seres humano teñen a sentir, pensar e actuar de forma diferente, a equivocarse, a gozar do tempo de descanso, a ter unha vida privada, a tomar as súas propias decisións, etc., e nomeadamente a ser valorado de forma especial polo simple feito de ser persoa, sen discriminar nin menosprezar a ninguén, etc.
VEB2.6.1. Identifica a adquisición das virtudes éticas como unha condición necesaria para lograr unhas boas relacións interpersoais, entre elas a prudencia, a lealdade, a sinceridade, a xenerosidade, etc.
VEB2.6.2. Elabora unha lista con algúns valores éticos que deben estar presentes nas relación entre o individuo e a sociedade, tales como responsabilidade, compromiso, tolerancia, pacifismo, lealdade, solidariedade, prudencia, respecto mutuo, xustiza, etc.
VEB2.6.3. Destaca o deber moral e cívico que todas as persoas teñen de prestar auxilio e socorro a outras cuxa vida, liberdade e seguridade estean en perigo de xeito inminente, colaborando na medida das súas posibilidades a prestar primeiros auxilios, en casos de emerxencia.
VEB3.1.1. Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral.
VEB3.1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética.
VEB3.2.1. Distingue entre a conduta instintiva do animal e o comportamento racional e libre do ser humano, destacando a magnitude das súas diferenzas e apreciando as consecuencias que estas teñen na vida das persoas.
VEB3.4.2. Procura e selecciona información sobre a existencia de clases de valores: relixiosos, afectivos, intelectuais, vitais, etc.
VEB3.4.3. Realiza, en traballo en grupo, unha xerarquía de valores, explicando a súa fundamentación racional, mediante unha exposición usando medios informáticos ou audiovisuais.
VEB3.5.1. Explica a diferenza entre os valores éticos e o resto dos valores, e valora a importancia para a persoa dos valores éticos.
VEB3.6.1. Destaca algunhas das consecuencias negativas que, a nivel individual e comunitario, ten a ausencia de valores e normas éticas, tales como o egoísmo, a corrupción, a mentira, o abuso de poder, a intolerancia, a insolidariedade, a violación dos dereitos humanos, etc.



**Valores Éticos - 1º E.S.O. - Contribución ao desenvolvemento das competencias clave - CSC
(22)**

- VEB3.6.2. Emprende, utilizando a iniciativa persoal e a colaboración en grupo, a organización e o desenvolvemento dunha campaña no seu medio, co fin de promover o recoñecemento dos valores éticos como elementos fundamentais do pleno desenvolvemento persoal e social.
- VEB5.2.1. Dá razóns sobre a orixe histórica do problema dos dereitos da muller, recoñecendo os patróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e a desigualdade de xénero.
- VEB5.2.2. Xustifica a necesidade de actuar en defensa dos dereitos da infancia, loitando contra a violencia e o abuso do que nenos e as nenas son vítimas no século XXI, tales como o abuso sexual, o traballo infantil, ou a súa utilización como soldados/as, etc.

**Valores Éticos - 1º E.S.O. - Contribución ao desenvolvemento das competencias clave - CSIEE
(10)**

- VEB1.2.2. Elabora conclusións sobre a importancia que ten para o/a adolescente desenvolver a autonomía persoal e ter o control da súa propia conduta conforme aos valores éticos libremente elixidos.
- VEB1.3.1. Identifica en que consiste a personalidade e os factores xenéticos, sociais, culturais e do contorno que inflúen na súa construción, e aprecia a capacidade de autodeterminación no ser humano.
- VEB1.4.2. Realiza unha lista dos valores éticos que estima como desexables para integralos na súa personalidade, e explica as razóns da súa elección.
- VEB1.6.3. Emprega a introspección como medio para recoñecer as propias emocións, sentimentos e estados de ánimo, coa finalidade de ter un maior autocontrol deles e ser capaz de automotivarte, converténdote no dono da propia conduta.
- VEB1.7.1. Toma conciencia e aprecia a capacidade que posúes para modelar a propia identidade e facer de ti mesmo unha persoa xusta, sincera, tolerante, amable, xenerosa, respectuosa, solidaria, honesta, libre, etc., nunha palabra, digna de ser apreciada por ti mesma.
- VEB1.7.2. Deseña un proxecto de vida persoal conforme ao modelo de persoa que queres ser e os valores éticos que desexas adquirir, facendo que a túa propia vida teña un sentido.
- VEB2.1.2. Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións fundamentadas eticamente.
- VEB2.5.1. Explica en que consiste a conduta asertiva, facendo unha comparación co comportamento agresivo ou inhibido, e adopta como principio moral fundamental, nas relacións interpersoais, o respecto á dignidade das persoas.
- VEB2.5.4. Exercita algunhas técnicas de comunicación interpersoal, mediante a realización de diálogos orais, tales como a forma axeitada de dicir non, o disco raiado, o banco de néboa, etc., co obxecto de dominalas e poder utilízalas no momento adecuado.
- VEB3.6.2. Emprende, utilizando a iniciativa persoal e a colaboración en grupo, a organización e o desenvolvemento dunha campaña no seu medio, co fin de promover o recoñecemento dos valores éticos como elementos fundamentais do pleno desenvolvemento persoal e social.



1.2. Segundo da E.S.O.

1.2.1. Valores Éticos

Valores Éticos - 2º E.S.O. - Contribución ao desenvolvemento das competencias clave - CAA (6)
VEB1.3.2. Enumera algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identifica algunhas destas e ordénaas segundo un criterio racional.
VEB3.6.1. Enuncia os elementos distintivos das "teorías éticas" e argumenta a súa clasificación en éticas de fins e éticas procedementais, e elabora un esquema coas súas características máis destacadas.
VEB3.6.3. Elabora, en colaboración co grupo, argumentos a favor e/ou en contra do epicureísmo, e expón as súas conclusións cos argumentos racionais correspondentes.
VEB4.1.2. Utiliza e selecciona información sobre os valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas, as diferenzas e as relacións entre eles.
VEB4.2.2. Selecciona e usa información, en colaboración co grupo, para entender e apreciar a importancia que Aristóteles lle dá á xustiza como valor ético no que se fundamenta a lexitimidade do Estado e a súa relación coa felicidade e o ben común, e expón as súas conclusións persoais debidamente fundamentadas.
VEB6.1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, avaliando o impacto positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana (social, económico, político, ético e ecolóxico, etc.).

Valores Éticos - 2º E.S.O. - Contribución ao desenvolvemento das competencias clave - CCEC (6)
VEB3.5.2. Sinala quen foron os sofistas e algúns dos feitos e das razóns en que se fundamentaba a súa teoría relativista da moral, destacando as consecuencias que esta ten na vida das persoas.
VEB3.5.3. Coñece os motivos que levaron a Sócrates a afirmar o "intelectualismo moral", e explica en que consiste e a postura de Platón ao respecto.
VEB3.6.2. Enuncia os aspectos fundamentais da teoría hedonista de Epicuro e os valores éticos que defende, destacando as características que a identifican como unha ética de fins.
VEB3.7.2. Distingue os tres tipos de tendencias que hai no ser humano, segundo Aristóteles, e a súa relación co que el considera como ben supremo da persoa.
VEB3.8.2. Enumera as características que fan do utilitarismo e do epicureísmo unhas éticas de fins.
VEB4.1.1. Explica e aprecia as razóns que dá Aristóteles para establecer un vínculo necesario entre ética, política e xustiza.

Valores Éticos - 2º E.S.O. - Contribución ao desenvolvemento das competencias clave - CCL (19)
VEB1.1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando algunhas definicións achegadas por filósofos/as.



Valores Éticos - 2º E.S.O. - Contribución ao desenvolvemento das competencias clave - CCL (19)
VEB1.3.2. Enumera algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identifica algunhas destas e ordénaas segundo un criterio racional.
VEB2.1.1. Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios informática.
VEB2.1.2. Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións fundamentadas eticamente.
VEB3.2.2. Explica as tres etapas do desenvolvemento moral na persoa, segundo a teoría de Piaget ou a de Köhlberg, e as características propias de cada unha, destacando como se pasa da heteronomía á autonomía moral.
VEB3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral.
VEB3.4.1. Describe as características distintivas dos valores éticos, utilizando exemplos concretos deles e apreciando a súa relación esencial coa dignidade humana e a conformación dunha personalidade xusta e satisfactoria.
VEB3.5.1. Define o concepto de norma e de norma ética, distinguíndoa das normas xurídicas, relixiosas, etc.
VEB3.5.4. Compara o relativismo e o obxectivismo moral apreciando a vixencia destas teorías éticas na actualidade, e expresa opinións de forma argumentada.
VEB3.6.1. Enuncia os elementos distintivos das "teorías éticas" e argumenta a súa clasificación en éticas de fins e éticas procedementais, e elabora un esquema coas súas características máis destacadas.
VEB3.6.3. Elabora, en colaboración co grupo, argumentos a favor e/ou en contra do epicureísmo, e expón as súas conclusións cos argumentos racionais correspondentes.
VEB3.7.1. Explica o significado do termo "eudemonismo" e o que para Aristóteles significa a felicidade como ben supremo, e elabora e expresa conclusións.
VEB3.7.3. Achega razóns para clasificar o eudemonismo de Aristóteles dentro da categoría da ética de fins.
VEB3.8.1. Fai unha recensión das ideas fundamentais da ética utilitarista: o principio de utilidade, o concepto de pracer, a compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal e a localización do valor moral nas consecuencias da acción, entre outras.
VEB3.8.3. Argumenta racionalmente as súas opinións sobre a ética utilitarista.
VEB4.2.2. Selecciona e usa información, en colaboración co grupo, para entender e apreciar a importancia que Aristóteles lle dá á xustiza como valor ético no que se fundamenta a lexitimidade do Estado e a súa relación coa felicidade e o ben común, e expón as súas conclusións persoais debidamente fundamentadas.
VEB5.1.1. Procura e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, as semellanzas e os vínculos entre a ética e o dereito.
VEB6.1.2. Achega argumentos que fundamenten a necesidade de pór límites éticos e xurídicos á investigación práctica, tanto científica como tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo.
VEB6.3.1. Analiza información seleccionada de diversas fontes, coa finalidade de coñecer en que consisten algúns dos avances en medicina e biotecnoloxía, que formulan dilemas morais (utilización de células nai, clonación, euxeñese, etc.), sinalando algúns perigos que estes encerran de prescindir do respecto á dignidade humana e os seus valores fundamentais.



Valores Éticos - 2º E.S.O. - Contribución ao desenvolvemento das competencias clave - CD (4)
VEB2.1.1. Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios informática.
VEB4.2.1. Elabora, recorrendo á súa iniciativa persoal, unha presentación con soporte informático, sobre a política aristotélica como unha teoría organicista, cunha finalidade ética e que atribúe a función educativa ao Estado.
VEB5.1.1. Procura e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, as semellanzas e os vínculos entre a ética e o dereito.
VEB6.1.3. Recorre á súa iniciativa persoal para expor as súas conclusións sobre o tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de xeito argumentado e ordenado racionalmente.

Valores Éticos - 2º E.S.O. - Contribución ao desenvolvemento das competencias clave - CMCCT (4)
VEB6.1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, avaliando o impacto positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana (social, económico, político, ético e ecolóxico, etc.).
VEB6.1.2. Achega argumentos que fundamenten a necesidade de pór límites éticos e xurídicos á investigación práctica, tanto científica como tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo.
VEB6.2.1. Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnodependencia, sinalando os seus síntomas e as súas causas, e estimando as súas consecuencias negativas, como unha adición incontrolada aos dispositivos electrónicos, aos videoxogos e ás redes sociais, que conduce as persoas cara a unha progresiva deshumanización.
VEB6.3.1. Analiza información seleccionada de diversas fontes, coa finalidade de coñecer en que consisten algúns dos avances en medicina e biotecnoloxía, que formulan dilemas morais (utilización de células nai, clonación, euxeñese, etc.), sinalando algúns perigos que estes encerran de prescindir do respecto á dignidade humana e os seus valores fundamentais.

Valores Éticos - 2º E.S.O. - Contribución ao desenvolvemento das competencias clave - CSC (16)
VEB1.2.1. Explica a concepción kantiana do concepto de persoa, como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais.
VEB1.2.2. Comenta e valora a idea de Kant ao concibir a persoa como un fin en si mesma, rexeitando a posibilidade de ser tratada por outros como instrumento para alcanzar fins alleos a ela.
VEB1.3.1. Sinala en que consiste a virtude e as súas características en Aristóteles, indicando a súa relación cos actos, os hábitos e o carácter.
VEB1.3.2. Enumera algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identifica algunhas destas e ordénaas segundo un criterio racional.
VEB2.1.2. Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a



Valores Éticos - 2º E.S.O. - Contribución ao desenvolvemento das competencias clave - CSC (16)
forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións fundamentadas eticamente.
VEB3.1.1. Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral, no que se refire á súa orixe e á súa finalidade.
VEB3.1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos en que se fundamenta.
PSB5.5.1. Identifica e aprecia a importancia que, no desenvolvemento e na maduración da persoa, teñen a afectividade e a sexualidade, como dimensións esenciais do ser humano, e describe os aspectos fundamentais da psicología da sexualidade: fisioloxía da resposta sexual, conduta sexual, etc.
PSB6.1.1. Analiza e valora as diferenzas culturais e o seu impacto no comportamento das persoas ao exercer a súa influencia nos esquemas cognitivos, a personalidade e a vida afectiva do ser humano.
PSB6.1.3. Investiga acerca da orixe social das actitudes persoais, valorando a súa utilidade para a predición da conduta humana e a súa influencia en condutas de violencia escolar, laboral, doméstica e de xénero, entre outras.
PSB6.2.2. Utiliza e selecciona información acerca do estudo psicolóxico das masas, realizado por Gustav Le Bon, e elabora conclusións acerca do poder da persuasión, o contaxio de sentimentos e emocións que se produce nas masas e os seus efectos na perda temporal da personalidade individual e consciente da persoa.
PSB6.2.3. Indaga na psicología de Erikson e destaca algunhas das causas psicolóxicas explicativas que sinala acerca dos actos terroristas ou do pensamento radical e irracional que se pon de manifesto en seguidores/as de equipos deportivos, artistas, grupos políticos, relixiosos, etc.
PSB6.2.4. Elaborar conclusións, en colaboración grupal, e formula pautas de conduta preventivas co fin de evitar que as persoas se convertan en parte da masa, perdendo o control da súa conduta, dos seus pensamentos e dos seus sentimentos.



**Psicoloxía - 2º BAC - Contribución ao desenvolvemento das competencias clave - CSIEE
(13)**

PSB1.3.4. Utiliza a súa iniciativa para expor as súas conclusións argumentadamente, mediante presentacións gráficas, en medios audiovisuais.

PSB2. 5.1. Realiza, en colaboración grupal, un mapa conceptual do sistema endócrino, apreciando a súa influencia na conduta humana e os seus trastornos, por exemplo: hipófise e depresión, tiroide e ansiedade, paratiroide e astenia, suprarrenais e delirios, páncreas e depresión, sexuais e climaterio, etc.

PSB3.1.3. Elabora unha presentación con medios audiovisuais e en colaboración grupal, desenvolvendo a súa iniciativa persoal e as leis gestálticas da percepción, valorando a súa achega conceptual e identificando exemplos concretos de como actúan (por exemplo, a través de obras pictóricas ou fotografías).

PSB3.3.2. Utiliza a súa iniciativa persoal para deseñar e elaborar, con medios informáticos, un cadro comparativo sobre diferentes tipos de memoria (sensorial, MCP e MLP), analizando a correspondencia entre elas e valorando a utilidade que teñen na aprendizaxe humana.

PSB4.1.1. Utiliza a súa iniciativa persoal para confeccionar, utilizando medios informáticos, un cadro comparativo das teorías da aprendizaxe: condicionamento clásico (Pavlov e Watson); aprendizaxe por ensaio-erro (Thorndike); condicionamento instrumental (Skinner); teoría cognitiva (Piaget); Gestalt (Khöler); aprendizaxe social ou vicaria (Bandura), etc.

PSB4.2.2. Utiliza a súa iniciativa persoal para elaborar un esquema explicativo sobre as fases do desenvolvemento da intelixencia segundo J. Piaget, valorando a importancia das influencias xenéticas e do medio neste proceso.

PSB4.4.1. Avalía, en traballo grupal, as vertentes positivas e negativas das aplicacións da intelixencia artificial, así como os perigos que pode representar pola súa capacidade para o control do ser humano, invadindo a súa intimidade e a súa liberdade.

PSB5.1.2. Recorre á súa iniciativa para realizar unha presentación, con medios informáticos, acerca das causas da frustración, partindo da clasificación dos conflitos de Lewin e valorando as respostas alternativas a esta, como a agresión, o logro indirecto, a evasión, a depresión ou a súa aceptación (tolerancia á frustración).

PSB5.1.3. Argumenta, en colaboración grupal, sobre a importancia da motivación no ámbito laboral e educativo, analizando a relación entre motivación e consecución de logros.

PSB5.2.2. Recorre á súa iniciativa persoal para realizar unha presentación, a través de medios audiovisuais, sobre as fases do desenvolvemento da personalidade, por exemplo segundo a teoría psicanalista, e elaborar conclusións sobre os cambios que se producen en cada unha delas.

PSB5. 2.6. Indaga sobre a relación entre identidade e autoestima, valorando criticamente a importancia do concepto de si mesmo/a e as repercusións que iso ten no desenvolvemento persoal e vital.

PSB6.3.1. Comenta e aprecia a importancia da aplicación da psicoloxía no mundo laboral, en temas tales como os aspectos psicolóxicos que inflúen na produtividade e no desenvolvemento empresarial, a importancia dos métodos e das técnicas psicolóxicas para a selección de persoal segundo os perfís laborais e a resolución de conflitos, etc.

PSB6.3.2. Procura e selecciona información sobre recursos humanos: selección de persoal e desenvolvemento de programas profesionais favorecedores da integración do persoal traballador na empresa, e a súa evolución persoal e profesional.



3. CONCRECIÓN, SE É O CASO, DOS OBXECTIVOS DA MATERIA PARA O CURSO

3.1. Obxectivos xerais para as materias da E.S.O.

Segundo o artigo 10 do Decreto 86/2015 o bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.



h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.



3.1.1. Primeiro da E.S.O.

3.1.1.1. Valores Éticos.

Valores éticos 1 E.S.O.		
Bloque 1. A dignidade da persoa		
Obxec - tivos	Contidos	Critérios de avaliación
a d h	B1.1. O concepto problemático de persoa. Significado etimolóxico. B1.2. Características da persoa: independencia, racionalidade e liberdade. B1.3. Dignidade da persoa: a persoa como ser moral.	B1.1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.
a b d e g h	B1.4. Adolescencia: crise de identidade, formación de grupos e influencia do grupo no/na adolescente. B1.5. Desenvolvemento da autonomía persoal na adolescencia. Control da conduta e escolla de valores éticos.	B1.2. Comprender a crise da identidade persoal que xorde na adolescencia e as súas causas, e describir as características dos grupos que forman e a influencia que exercen sobre os seus membros, coa finalidade de tomar conciencia da necesidade que ten, para seguir medrando moralmente e pasar á vida adulta, do desenvolvemento da súa autonomía persoal e do control da súa conduta.
a f g l	B1.6. Personalidade: factores xenéticos, sociais, culturais e do contorno ambiental que inflúen na súa construción. Capacidade de autodeterminación no ser humano.	B1.3. Describir en que consiste a personalidade e valorar a importancia de enriquecela con valores e virtudes éticas, mediante o esforzo e a vontade persoal.
a d g h	B1.7. A razón e a liberdade na estruturación da personalidade e na escolla dos valores éticos que a conformarán.	B1.4. Xustificar a importancia que ten o uso da razón e a liberdade no ser humano para determinar "como quere ser", elixindo os valores éticos que desexa incorporar á súa personalidade.
a b	B1.8. A intelixencia emocional e o seu papel no desenvolvemento	B1.5. Analizar en que consiste a intelixencia emocional e valorar a súa



Valores éticos 1 E.S.O.		
Bloque 1. A dignidade da persoa		
Obxec - tivos	Contidos	Criterios de avaliación
d e g h	moral da persoa. B1.9. Emocións, sentimentos e vida moral. B1.10. Os valores éticos e a capacidade de autocontrol emocional.	importancia no desenvolvemento moral do ser humano.
a b d g h k	B1.11. As habilidades emocionais segundo Goleman. B1.12. Habilidades emocionais e virtudes éticas. B1.13. A introspección: o autoconecemento, o autocontrol, a autonomía.	B1.6. Estimar a importancia do desenvolvemento da intelixencia emocional e a súa influencia na construción da personalidade e o seu carácter moral, sendo capaz de empregar a introspección para recoñecer emocións e sentimentos no seu interior, coa finalidade de mellorar as súas habilidades emocionais.
a d g k	B1.14. A construción da identidade propia conforme a valores éticos. B1.15. A persoa como proxecto vital.	B1.7. Comprender e apreciar a capacidade do ser humano, para influír de maneira consciente e voluntaria na construción da súa propia identidade, conforme aos valores éticos e así mellorar a súa autoestima.

Valores éticos 1 E.S.O.		
Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións		
Obxec - tivos	Contidos	Criterios de avaliación
a b e g h	B2.1. Diferenzas entre ética e dereito. B2.2. Posibles conflitos entre os valores que regulan a vida privada e os que regulan a vida pública.	B2.1. Distinguir, na persoa, os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social.
a b	B2.4. Proceso de socialización: interiorización de	B2.2. Describir e valorar a importancia da influencia do contorno



Valores éticos 1 E.S.O.		
Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións		
Obxec	Contidos	Criterios de avaliación
d e g h ñ	valores e normas morais. B2.5. Valores inculcados polos axentes sociais na configuración da personalidade. B2.6. Necesidade da crítica racional para alcanzar valores éticos universais, exemplificados na DUDH e baseados na dignidade humana.	cultural no desenvolvemento moral da persoa, a través da análise do papel que desempeñan os axentes sociais.
a h	B2.7. Diferenza entre a vida privada (regulada pola ética) e a vida pública (regulada polo dereito). Límites da liberdade nos dous ámbitos.	B2.3. Distinguir na persoa os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social.
a b d h	B2.8. Habilidades emocionais de Goleman e valores éticos que atinxen ás relación humanas	B2.4. Relacionar e valorar a importancia das habilidades da intelixencia emocional sinaladas por Goleman, en relación coa vida interpersonal, e establecer o seu vínculo cos valores éticos que enriquecen as relacións humanas.
a b d g h	B2.9. Asertividade fronte a agresividade e a inhibición. B2.10. Asertividade e respecto á dignidade das outras persoas. B2.11. Asertividade e outras habilidades sociais.	B2.5. Utilizar a conduta asertiva e as habilidades sociais, coa finalidade de incorporar á súa personalidade algúns valores e virtudes éticas necesarias no desenvolvemento dunha vida social máis xusta e enriquecedora.
a b d h	B2.12. Valores e virtudes éticas nas relación interpersoais. B2.13. Deber moral e cívico do auxilio.	B2.6. Xustificar a importancia dos valores e das virtudes éticas para conseguir unhas relacións interpersoais xustas, respectuosas e satisfactorias.



Valores éticos 1 E.S.O.		
Bloque 3. A reflexión ética		
Obxec	Contidos	Craterios de avaliación
a d h	B3.1. Diferenzas entre ética e moral. Importancia da reflexión ética.	B3.1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de forma racional a conduta do ser humano á súa plena realización.
a d f h	B3.2. Conduta instintiva animal e o comportamento racional, libre e moral do ser humano.	B3.2. Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas.
a b d e f g h	B3.3. Liberdade e concepto de persoa. B3.4. Influencia na liberdade da Intelixencia e da vontade. B3.5. Factores biolóxicos, psicolóxicos, sociais, culturais e ambientais, que inflúen no desenvolvemento da intelixencia e a vontade, nomeadamente o papel da educación.	B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa e apreciar o papel que a intelixencia e a vontade teñen como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.
a b d e h	B3.6. Valores. O seu papel na vida individual e colectiva. B3.7. Clases de valores. B3.8. Xerarquías de valores.	B3.4. Xustificar e apreciar o papel dos valores na vida persoal e social, resaltando as súas características, a súa clasificación e a súa xerarquía, coa finalidade de comprender a súa natureza e a súa importancia.
a d h	B3.9. Carácter distintivo dos valores éticos.	B3.5. Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos.
a	B3.10. Valores e normas éticas, e os	B3.6. Tomar conciencia da



Valores éticos 1 E.S.O.		
Bloque 3. A reflexión ética		
Obxec - ..	Contidos	Criterios de avaliación
d e g h	seus efectos beneficiosos para a persoa e para a comunidade.	importancia dos valores e das normas éticas, como guía da conduta individual e social, asumindo a responsabilidade de difundilos e promovelos polos beneficios que proporcionan á persoa e á comunidade.

Valores éticos 1 E.S.O.		
Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos		
Obxec - ..	Contidos	Criterios de avaliación
a c d h	B5.1. Preámbulo da DUDH: a dignidade das persoas como fundamento dos seus dereitos universais, inalienables e innatos.	B5.1. Identificar, no preámbulo da DUDH, o respecto á dignidade das persoas e os seus atributos esenciais como o fundamento do que derivan todos os dereitos humanos.
a b c d e g h	B5.2. Dereitos da muller: patróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e desigualdade de xénero. B5.3. Dereitos da infancia.	B5.2. Estimar a importancia do problema actual do exercicio dos dereitos da muller e da infancia en grande parte do mundo, coñecendo as súas causas e tomando conciencia deles, coa finalidade de promover a súa solución.



3.1.2. Segundo da E.S.O.

3.1.2.1. Valores Éticos.

Valores éticos. 2º de ESO		
Bloque 1. A dignidade da persoa		
Obxec	Contidos	Criterios de avaliación
a d h l	B1.1. Conceptos de persoa achegados pola filosofía.	B1.1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.
a c d h l	B1.2. Visión kantiana: a persoa como suxeito autónomo e como un fin en si mesma.	B1.2. Identificar os conceptos de heteronomía e autonomía, mediante a concepción kantiana da persoa, coa finalidade de valorar a súa importancia e aplicala na realización da vida moral.
a b d h l	B1.3. Noción aristotélica da virtude: relación cos actos, os hábitos e o carácter. Virtudes éticas.	B1.3. Entender a relación entre os actos, os hábitos e o desenvolvemento do carácter, mediante a comprensión do concepto de virtude en Aristóteles e, en especial, o relativo ás virtudes éticas, pola importancia que teñen no desenvolvemento da personalidade.

Valores éticos. 2º de ESO		
Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións		
Obxec	Contidos	Criterios de avaliación
a b e g h	B2.1. Diferenzas entre ética e dereito. B2.2. Posibles conflitos entre os valores que regulan a vida privada e os que regulan a vida pública.	B2.1. Distinguir, na persoa, os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social.

Valores éticos. 2º de ESO		
Bloque 3. A reflexión ética		
Obxec	Contidos	Criterios de avaliación
a	B3.1. Diferenza entre ética e moral.	B3.1. Distinguir entre ética e moral,



Valores éticos. 2º de ESO		
Bloque 3. A reflexión ética		
d h	B3.2. Reflexión ética como guía racional de conduta.	sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas, e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización.
a b d g h	B3.3. Estrutura moral da persoa. B3.4. Etapas do desenvolvemento moral en Piaget e Köhlberg. Paso da heteronomía á autonomía moral.	B3.2. Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, analizando as súas etapas de desenvolvemento e tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas, libre e racionalmente asumidas, como guía do seu comportamento.
a g h	B3.5. A liberdade como raíz da estrutura moral da persoa.	B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa, e apreciar o papel da intelixencia e da vontade como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.
a b c d e g h	B3.6. Características distintivas dos valores éticos. B3.7. Valores éticos e dignidade humana.	B3.4. Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos.
a b h l	B3.8. Normas. Especificidade das normas éticas. B3.9. Relativismo moral dos sofistas. B3.10. Intelectualismo moral en Sócrates e Platón. B3.11. Relativismo moral fronte a obxectivismo moral.	B3.5. Establecer o concepto de normas éticas e apreciar a súa importancia, identificando as súas características e a natureza da súa orixe e validez, mediante o coñecemento do debate ético que existiu entre Sócrates e os sofistas.
b e g h l	B3.12. Clasificación das teorías éticas: éticas de fins e éticas procedementais. B3.13. A ética de Epicuro como ética de fins.	B3.6. Explicar as características e os obxectivos das teorías éticas, así como a súa clasificación en éticas de fins e procedementais, sinalando os principios máis destacados do hedonismo de Epicuro.
b h l	B3.14. O eudemonismo aristotélico como ética de fins. B3.15. O ben supremo da persoa en Aristóteles e as tres tendencias da alma.	B3.7. Entender os principais aspectos do eudemonismo aristotélico, identificándoo como unha ética de fins e valorando a súa importancia e a vixencia actuais.



Valores éticos. 2º de ESO		
Bloque 3. A reflexión ética		
b g h l	B3.16. O utilitarismo como ética de fins: principio de utilidade; concepto de pracer; compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal; localización do valor moral nas consecuencias da acción.	B3.8. Comprender os elementos máis significativos da ética utilitarista e a súa relación co hedonismo de Epicuro, clasificándoa como unha ética de fins e elaborando argumentos que apoien a súa valoración persoal arredor desta formulación ética.

Valores éticos. 2º de ESO		
Bloque 4. A xustiza e a política		
Obxec - ..	Contidos	Criterios de avaliación
a b e h l	B4.1. Relación entre ética, política e xustiza no pensamento aristotélico. B4.2. Semellanzas, diferenzas e relacións entre valores éticos e valores cívicos.	B4.1. Comprender e valorar a importancia da relación entre os conceptos de ética, política e xustiza, mediante a análise e a definición destes termos, destacando o vínculo entre eles no pensamento de Aristóteles.
b e g h l	B4.3. A política de Aristóteles. B4.4. Concepto aristotélico de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade.	B4.2. Coñecer e apreciar a política de Aristóteles e as súas características esenciais, e entender o seu concepto de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade, elaborando un xuízo crítico sobre a perspectiva deste filósofo.

Valores éticos. 2º de ESO		
Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos		
Obxec - ..	Contidos	Criterios de avaliación
b e h	B5.1. Relacións entre ética e dereito.	B5.1. Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións.



Valores éticos. 2º de ESO		
Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía		
Obxec	Contidos	Criterios de avaliación
a b d e f g h m	B6.1. Dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía polo seu impacto en todos os ámbitos da vida humana. B6.2. Valores recollidos na DUDH como criterio para fixar límites á investigación científico-tecnolóxica.	B6.1. Recoñecer a importancia da dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos, coa finalidade de orientar a súa actividade consonte os valores defendidos pola DUDH.
a d g m	B6.3. Problemas da tecnodependencia.	B6.2. Entender e valorar o problema da tecnodependencia e a alienación humana á que conduce.
a b d e f g h m	B6.4. Dilemas morais que presentan os avances en medicina e biotecnoloxía.	B6.3. Utilizar os valores éticos contidos na DUDH no campo científico e tecnolóxico, coa finalidade de evitar a súa aplicación inadecuada e solucionar os dilemas morais que ás veces se presentan, nomeadamente no terreo da medicina e a biotecnoloxía.



3.1.3. Terceiro da E.S.O.

3.1.3.1. Valores Éticos

Valores éticos 3 E.S.O.		
Bloque 4. A xustiza e a política		
Obxec	Contidos	Criterios de avaliación
a c d h l	B4.1. A democracia como forma de goberno na que se plasman os principios éticos da DUDH. B4.2. O Estado de dereito. B4.3. Léxico da unidade: democracia, cidadán/cidadá, soberanía, autonomía persoal, igualdade, xustiza, representatividade, etc. B4.4. División de poderes. A proposta de Montesquieu e a súa función de control do Estado por parte da cidadanía.	B4.1. Xustificar racionalmente a necesidade dos valores e principios éticos contidos na DUDH, como fundamento universal das democracias durante os séculos XX e XXI, destacando as súas características e a súa relación cos conceptos de "Estado de dereito" e "división de poderes".
a d g h	B4.5. Deber moral da participación cidadá no exercicio da democracia. B4.6. Riscos de democracias que violen os dereitos humanos.	B4.2. Recoñecer a necesidade da participación activa dos cidadáns e das cidadás na vida política do Estado coa finalidade de evitar os riscos dunha democracia que viole os dereitos humanos.
a b c d h l	B4.7. A Constitución española: valores éticos nos que se fundamenta e conceptos preliminares que establece.	B4.3. Coñecer e valorar os fundamentos da Constitución española de 1978, identificando os valores éticos dos que parte e os conceptos preliminares que establece.
a c d h	B4.8. Dereitos e liberdades públicas fundamentais na Constitución española.	B4.4. Amosar respecto pola Constitución española e identificar nela, mediante unha lectura explicativa e comentada, os dereitos e os deberes do individuo como persoa e cidadán ou cidadá, apreciando a súa adecuación á DUDH, coa finalidade de asumir de xeito consciente e responsable os principios de convivencia que ben rexer no Estado español.
a	B4.9. Adecuación da Constitución	B4.5. Sinalar e apreciar a adecuación



Valores éticos 3 E.S.O.		
Bloque 4. A xustiza e a política		
Obxec	Contidos	Criterios de avaliación
b c d g h	española aos principios éticos da DUDH. B4.10. Deberes cidadáns na Constitución española. B4.11. Responsabilidade fiscal e principios reitores da política social e económica na Constitución española.	da Constitución española aos principios éticos definidos pola DUDH, mediante a lectura comentada e reflexiva dos "dereitos e deberes dos cidadáns" (artigos do 30 ao 38) e dos "principios reitores da política social e económica" (artigos do 39 ao 52).
a b g h l	B4.12. Estatuto de Autonomía de Galicia: título preliminar; título primeiro, capítulos I e II.	B4.6. Coñecer e valorar os elementos esenciais do Estatuto de autonomía de Galicia segundo aparece no seu título preliminar e no título primeiro, capítulos I e II.
a d h l	B4.13. Desenvolvemento histórico da Unión Europea (UE): obxectivos e valores éticos en que se fundamenta, de acordo coa DUDH. B4.14. Logros alcanzados pola UE en beneficio dos seus cidadáns e das súas cidadás.	B4.7. Coñecer os elementos esenciais da UE, analizando os beneficios recibidos e as responsabilidades adquiridas polos estados membros e a súa cidadanía, coa finalidade de recoñecer a súa utilidade e os logros alcanzados por esta.

Valores éticos 3 E.S.O.		
Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos		
Obxec	Contidos	Criterios de avaliación
a b e h	B5.1. Relación entre ética e dereito. B5.2. Relación entre legalidade e lexitimidade.	B5.1. Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións, e analizar o significado dos termos de legalidade e lexitimidade.
a b e	B5.3. Xustificación das normas xurídicas. B5.4. Convencionalismo dos sofistas	B5.2. Explicar o problema da xustificación das normas xurídicas, a través da análise das teorías do



Valores éticos 3 E.S.O.		
Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos		
Obxec	Contidos	Craterios de avaliación
g h l	B5.5. Iusnaturalismo. Iusnaturalismo de Locke. B5.6. Iuspositivismo de Kelsen.	dereito natural ou iusnaturalismo, o convencionalismo e o positivismo xurídico, identificando a súa aplicación no pensamento xurídico de determinados/as filósofos/as, coa finalidade de ir conformando unha opinión argumentada sobre a fundamentación ética das leis.
a b d e h l	B5.7. Elaboración da DUDH e creación da ONU. Circunstancias históricas, obxectivos de ambos os acontecementos e papel da DUDH como código ético de conduta dos estados.	B5.3. Analizar o momento histórico e político que impulsou a elaboración da DUDH e a creación da ONU, coa finalidade de entendela como unha necesidade do seu tempo, cuxo valor continúa vixente como fundamento ético universal da lexitimidade do dereito e dos estados.
a b c d e g h l	B5.8. Estrutura da DUDH: os seus artigos e os tipos de dereito.	B5.4. Interpretar e apreciar o contido e a estrutura interna da DUDH, coa finalidade de coñecela e propiciar o seu aprecio e respecto.
b h l	B5.9. Xeracións de dereitos e feitos históricos que influíron no seu desenvolvemento.	B5.5. Comprender o desenvolvemento histórico dos dereitos humanos como unha conquista da humanidade
a c d e	B5.10. Problemas aos que se enfronta o exercicio dos dereitos civís e políticos da DUDH.	B5.6. Avaliar, utilizando o xuízo crítico, a magnitude dos problemas aos que se enfronta a aplicación da DUDH.



Valores éticos 3 E.S.O.		
Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía		
Obxec	Contidos	Criterios de avaliación
a b d e f g	B6.1. Necesidade de criterios éticos na investigación científica. Progreso científico-técnico e valores éticos.	B6.1. Recoñecer que existen casos en que a investigación científica non é neutral, senón que está determinada por intereses políticos, económicos, etc., mediante a análise da idea de progreso e a súa interpretación equivocada, cando os obxectivos non respectan un código ético fundamentado na DUDH.



3.1.4. Cuarto da E.S.O.

3.1.4.1. Valores Éticos

Valores éticos. 4º de ESO		
Bloque 1. A dignidade da persoa		
Obxec	Contidos	Criterios de avaliación
a b c d h	<p>B1.1. A dignidade do ser humano como valor básico no que se asenta a DUDH.</p> <p>B1.2. Atributos esenciais do ser humano na DUDH: razón, conciencia e liberdade.</p> <p>B1.3. Léxico do bloque: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.</p>	<p>B1.1. Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH, subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal.</p>

Valores éticos. 4º de ESO		
Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións		
Obxec	Contidos	Criterios de avaliación
a b c d e g h	<p>B2.1. Dereitos e liberdades dos individuos establecidos na DUDH que o Estado debe respectar.</p>	<p>B2.1. Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre a cidadanía e o Estado, co fin de favorecer o seu cumprimento na sociedade en que viven.</p>
a c d g h	<p>B2.2. Fenómeno da socialización global.</p> <p>B2.3. Perigos da socialización global á marxe dos valores éticos universais.</p> <p>B2.4. Medios de comunicación de masas e socialización global. Conflito entre liberdade de expresión outros dereitos.</p>	<p>B2.2. Explicar en que consiste a socialización global e a súa relación cos medios de comunicación masiva, valorando os seus efectos na vida e no desenvolvemento moral das persoas e da sociedade, e reflexionar acerca do papel que deben ter a ética e o Estado en relación con este tema.</p>



Valores éticos. 4º de ESO		
Bloque 3. A reflexión ética		
Obxec - ..	Contidos	Criterios de avaliación
a d f h	B3.1. Importancia e valor da reflexión ética como defensa dos DDHH. B3.2. Novos campos da ética aplicada: profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.	B3.1. Recoñecer que a necesidade dunha regulación ética é fundamental no mundo actual de grandes e rápidos cambios, debido á magnitude dos perigos aos que se enfrenta o ser humano, polo que resulta necesaria a súa actualización e a ampliación aos novos campos de acción da persoa, co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos.
a d g h m	B3.3. Proxecto de vida persoal: límites e oportunidades que ofrecen as circunstancias persoais, e valores éticos que serven como guía.	B3.2. Comprender e apreciar a importancia que teñen para o ser humano do século XXI as circunstancias que o rodean, salientando os límites que lle imponen e as oportunidades que lle ofrecen para a elaboración do seu proxecto de vida, conforme os valores éticos que libremente elixe e que dan sentido á súa existencia.
a b d h l	B3.4. Éticas formais e éticas materiais. B3.5. Ética kantiana: carácter formal. Autonomía da persoa como valor ético fundamental.	B3.3. Distinguir os principais valores éticos nos que se fundamentan as éticas formais, establecendo a súa relación coa ética kantiana e sinalando a importancia que este filósofo lle atribúe á autonomía da persoa como valor ético fundamental.
b c d e g h	B3.6. Ética do discurso, de Apel e Habermas, como ética formal. Relación coa ética de Kant.	B3.4. Identificar a ética do discurso, de Habermas e de Apel como unha ética formal, que salienta o valor do diálogo e o consenso na comunidade, como procedemento para atopar normas éticas xustas.

Valores éticos. 4º de ESO		
Bloque 4. A xustiza e a política		
Obxec - ..	Contidos	Criterios de avaliación
a c d h	B4.1. Democracia e xustiza. B4.2. Deberes cívicos como cumprimento de valores éticos e como defensa e difusión dos	B4.1. Concibir a democracia non só como unha forma de goberno, senón como un estilo de vida cidadá, consciente do seu deber como



Valores éticos. 4º de ESO		
Bloque 4. A xustiza e a política		
l	dereitos humanos.	elemento activo da vida política, colaborando na defensa e na difusión dos dereitos humanos tanto na súa vida persoal como na social.
a c d h l	B4.3. Perigos dunha globalización sen valores éticos. B4.4. Promoción dos DDHH por parte dos Estados: fomento e ensino dos valores éticos.	B4.2. Reflexionar acerca do deber da cidadanía e dos Estados de promover o ensino e a difusión dos valores éticos como instrumentos indispensables para a defensa da dignidade e os dereitos humanos, ante o perigo que o fenómeno da globalización pode representar para a destrución do planeta e a deshumanización da persoa.

Valores éticos. 4º de ESO		
Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH)		
Obxec	Contidos	Criterios de avaliación
a d g h	B5.1. Dereito e leis: finalidade, características e xustificación ética. B5.2. Conflitos entre principios éticos individuais e principios normativos sociais.	B5.1. Apreciar a necesidade das leis xurídicas no Estado, para garantir o respecto aos dereitos humanos, e disertar acerca dalgúns dilemas morais nos que existe un conflito entre os deberes éticos, relativos á conciencia da persoa, e os deberes cívicos que lle imponen as leis xurídicas.
a b c d e g h	B5.3. Teoría da xustiza de Rawls: posición orixinal e veo de ignorancia; criterio de imparcialidade; función dos dous principios de xustiza.	B5.2. Disertar acerca da teoría de Rawls baseada na xustiza como equidade e como fundamento ético do dereito, e emitir un xuízo crítico acerca dela.
a b c d e g h	B5.4. Os DDHH como ideais irrenunciáveis. B5.5. Deficiencias na aplicación dos DDHH referidos ao económico e ao social. B5.6. Organizacións que traballan pola defensa dos DDHH.	B5.3. Valorar a DUDH como conxunto de ideais irrenunciáveis, tendo presentes os problemas e as deficiencias na súa aplicación, especialmente no relativo ao ámbito económico e social, indicando a importancia das institucións e os/as voluntarios/as que traballan pola



Valores éticos. 4º de ESO		
Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH)		
		defensa dos dereitos humanos.
a b d e g h	B5.7. Dereito á seguridade e a paz. B5.8. Compromiso coa paz e a solidariedade coas vítimas da violencia. B5.9. Ameazas á paz.	B5.4. Entender a seguridade e a paz como un dereito recoñecido na DUDH (no seu artigo 3) e como un compromiso dos españois e das españolas a nivel nacional e internacional (preámbulo da Constitución española), identificando e avaliando o perigo das novas ameazas que xurdiron nos últimos tempos.
a d h	B5.10. As Forzas Armadas na Constitución española. B5.11. Misións das Forzas Armadas. B5.12. Conflitos armados: importancia das organizacións internacionais na súa prevención e na súa solución.	B5.5. Coñecer a misión atribuída na Constitución española ás Forzas Armadas e a súa relación cos compromisos que España ten cos organismos internacionais a favor da seguridade e a paz, reflexionando acerca da importancia do dereito internacional para regular e limitar o uso e as aplicación da forza e do poder.

Valores éticos. 4º de ESO		
Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.		
Obxec	Contidos	Criterios de avaliación
a b e f h m	B6.1. Validez ética dos proxectos científicos e tecnolóxicos.	B6.1. Identificar criterios que permitan avaliar, de xeito crítico e reflexivo, os proxectos científicos e tecnolóxicos, co fin de valorar a súa idoneidade en relación co respecto aos dereitos e valores éticos da humanidade.
a d f g h	B6.2. Códigos deontolóxicos dos axentes sociais.	B6.2. Estimar a necesidade de facer cumprir unha ética deontolóxica a científicos/as, tecnólogos/as e outros/as profesionais.



3.1.4.2. Filosofía

Filosofía. 4º de ESO		
Bloque 1. A filosofía		
Obxec	Contidos	Criterios de avaliación
b e f h	B1.1. Conceptos do bloque "A filosofía": filosofía, mito, logos, saber, opinión, abstracto, concreto, razón, sentidos, arché, causa, monismo, dualismo, pluralismo, substancia, prexuízo, etc. B1.2. Modos de pensar: coñecer, opinar, argumentar, interpretar, razoar, analizar, criticar, descubrir, crear.	B1.1. Comprender o que é a reflexión filosófica, diferenciándoa doutros tipos de saberes que estudan aspectos concretos da realidade e do individuo.
b e h l	B1.3. Explicación racional (logos) e mitolóxica (mito). B1.4. Comparativa de textos míticos e racionais ao respecto da cosmoxénese e a antropoxénese.	B1.2. Coñecer a orixe da filosofía occidental (onde, cando e por que xorde), distinguíndoa dos saberes prerracionais, o mito e a maxia, en tanto que saber práctico, e comparándoa con algunhas características xerais das filosofías orientais.
h l	B1.5. A pregunta polo arché nos presocráticos: solucións de Heráclito, Parménides e Demócrito.	B1.3. Identificar o primeiro interrogante filosófico da filosofía grega, a pregunta pola orixe, e coñecer as primeiras respostas dadas polos primeiros pensadores gregos.
a h l	B1.6. O individuo e a polis en Sócrates e en Protágoras.	B1.4. Coñecer o xiro antropolóxico da filosofía no século V a.C., explicando algunhas das ideas centrais de Sócrates e de Protágoras, e reflexionando sobre a aplicación práctica da filosofía respecto ao individuo e a sociedade en que vive.
g h	B1.7. A necesidade de dar sentido como consubstancial ao ser humano.	B1.5. Reflexionar e argumentar, de xeito escrita e oral, sobre o interese, especificamente humano, por entenderse a si mesmo e o que o rodea.



Filosofía. 4º de ESO		
Bloque 1. A filosofía		
Obxec - tivos	Contidos	Criterios de avaliación 6
h l	B1.8. Funcións da filosofía nas súas vertentes teórica e práctica.	B1.6. Recoñecer as funcións da filosofía en tanto que saber crítico que aspira a fundamentar, analizar e argumentar sobre os problemas últimos da realidade, desde unha vertente tanto teórica como práctica.

Filosofía. 4º de ESO		
Bloque 2. Identidade persoal		
Obxec - tivos	Contidos	Criterios de avaliación 21
b d h	B2.1. Conceptos do bloque "Identidade persoal": personalidade, temperamento, carácter, conciencia, inconsciencia, condutismo, cognitivismo, psicoloxía humanística, psicanálise, etc.	B2.1. Comprender a profundidade da pregunta "quen son?", coñecendo algunhas respostas dadas desde a psicoloxía e a filosofía, reflexionar e valorar a importancia de coñecerse a si mesmo/a, e expresalo por escrito.
h	B2.2. A personalidade.	B2.2. Definir o que é a personalidade, así como os principais conceptos relacionados con ela.
h	B2.3. Teorías sobre a personalidade	B2.3. Coñecer e explicar as teses centrais dalgunhas teorías sobre a personalidade.
a b d g h	B2.4. Etapas do desenvolvemento da identidade persoal. Tipos de personalidade.	B2.4. Recoñecer as etapas do desenvolvemento da identidade persoal, reflexionando sobre os factores que determinan o éxito e o fracaso, e achega propia opinión razoada sobre estes dous conceptos.
l	B2.5. O inconsciente na psicanálise.	B2.5. Analizar que se entende por inconsciente no marco do pensamento da psicanálise.
a b e h n	B2.6. O innato e o adquirido na formación da personalidade.	B2.6. Reflexionar por escrito e dialogar en grupo sobre a posible incidencia que a herdanza xenética e o adquirido teñen na formación da personalidade.
b e g	B2.7. A filosofía da mente e a neurociencia.	B2.7. Investigar en internet en que consiste a filosofía da mente e a neurociencia, e seleccionar a información máis significativa.



Filosofía. 4º de ESO		
Bloque 2. Identidade persoal		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación 21
d h	B2.8. A motivación e os conceptos sociados: emoción, sentimento, necesidades primarias e secundarias, autorrealización, vida afectiva e frustración.	B2.8. Identificar a función e a importancia da motivación como factor enerxético e direccional da vida humana nas súas múltiples dimensións.
d	B2.9. A motivación desde a teoría cognitiva: coñecemento e motivación.	B2.9. Recoñecer, no marco da teoría cognitiva, o valor do coñecemento como elemento motivador da conduta humana, reflexionando sobre a consideración do ser humano como animal racional.
d h	B2.10. Teoría humanística sobre a motivación. Diferenzas coa teoría cognitivista.	B2.10. Explicar as ideas centrais da teoría humanística sobre a motivación, reflexionando sobre o carácter da motivación como elemento distintivo do ser humano fronte ao simplemente animal.
d h	B2.11. Condición afectiva humana B2.12. Impulsos, emocións e sentimentos. B2.13. Papel do corpo na afectividade	B2.11. Coñecer a condición afectiva do ser humano, distinguindo entre impulsos, emocións e sentimentos, e recoñecendo o papel do corpo na posibilidade de manifestación do afectivo.
d h m	B2.14. Incidencia na conduta das emocións: frustración, desexo e amor.	B2.12. Valorar a importancia da relación entre a motivación e o afectivo para dirixir a conduta humana en diferentes direccións e con distinta intensidade.
b d g h	B2.15. Incidencia na conduta das emocións: A curiosidade e o pracer de aprender, o desexo de lograr obxectivos, a satisfacción pola resolución de problemas, o agrado polo recoñecemento de éxito e a compracencia polo estímulo de iniciativas	B2.13. Reflexionar e argumentar sobre a importancia da motivación e das emocións, como a curiosidade e o pracer de aprender, o desexo de lo grar obxectivos, a satisfacción pola resolución de problemas, o agrado polo recoñecemento de éxito, a compracencia polo estímulo de iniciativas, etc.
d g h	B2.16. As emocións como estímulo da iniciativa, a autonomía e o emprendemento.	B2.14. Reflexionar sobre o papel das emocións como ferramenta para ser emprendedor/a e creativo/A.



Filosofía. 4º de ESO		
Bloque 2. Identidade persoal		
Obxec -	Contidos	Criterios de avaliación
b d g h	B2.17. O ser humano como centro das múltiples perspectivas que se integran no saber orixinario que é a filosofía.	B2.15. Coñecer, desde a historia da filosofía, algunhas das reflexións sobre aspectos que caracterizan o ser humano en canto tal, valorando a función da filosofía como saber orixinario e integrador de múltiples perspectivas cuxo centro común é a persoa.
h l	B2.18. Teorías sobre a alma de Platón e de Aristóteles, e relación nelas entre alma, corpo e afectos.	B2.16. Explicar as teorías da alma de Platón e de Aristóteles, reflexionando sobre a consideración e a relación entre a alma, o corpo e os afectos, que se analizan nesas teorías.
h l	B2.18. Teorías sobre a alma de Platón e de Aristóteles, e relación nelas entre alma, corpo e afectos.	B2.16. Explicar as teorías da alma de Platón e de Aristóteles, reflexionando sobre a consideración e a relación entre a alma, o corpo e os afectos, que se analizan nesas teorías.
g h l	B2.19. A introspección en Agostiño de Hipona.	B2.17. Coñecer a importancia da introspección sinalada por Agostiño de Hipona, como método de autoconecemento e de formación da propia identidade.
h l	B2.20. O cogito de Descartes B2.21. O home-máquina dos materialistas franceses do século XVIII.	B2.18. Describir e comparar a concepción cartesiana do papel do pensamento como aspecto que define o individuo, fronte ás concepcións materialistas e mecanicistas do home-máquina no materialismo francés do século XVIII.
h	B2.22. A vontade como elemento definatorio do humano.	B2.19. Coñecer a importancia da facultade da vontade como elemento definatorio do humano.
d h	B2.23. Reflexión filosófica sobre a afectividade.	B2.20. Expresar algunha das consideracións filosóficas sobre o afectivo.
g h	B2.24. O ser humano como proxecto.	B2.21. Recoñecer as implicacións filosóficas da idea do home como proxecto.



Filosofía. 4º de ESO		
Bloque 3. Socialización		
Obxec	Contidos	Criterios de avaliación
a b g h l	B3.1. Conceptos do bloque "Socialización": individualidade, alteridade, socialización, estado de natureza, dereitos naturais, contrato social, respecto, propiedade, Estado, lexitimación, institucionalización, rol, status, conflito e cambio social, globalización, etc.	B3.1. Identificar o "outro" tal como é na súa individualidade e, ao mesmo tempo, identificalo como un "alter ego" que comparte un espazo e unhas circunstancias comúns, dando lugar á intersubxectividade.
a h l	B3.2. Cultura e sociedade. Compoñentes socioculturais do ser humano.	B3.2. Recoñecer a dimensión social e cultural do ser humano, identificando e distinguindo os conceptos de cultura e de sociedade.
a l ñ o	B3.3. Contidos culturais: institucións, ideas, crenzas, valores, obxectos materiais, etc. B3.4. Niveis biolóxico, afectivo e cognitivo na internalización da cultura.	B3.3. Identificar o proceso de construción, os elementos e a lexitimación dunha cultura, valorando esta non só como ferramenta de adaptación ao medio, senón como ferramenta para a transformación e a autosuperación.
d h	B3.5. Elementos do proceso de socialización: socialización primaria e secundaria.	B3.4. Coñecer os elementos do proceso de socialización e relacionalos coa propia personalidade.
a h	B3.6. Teses fundamentais sobre a orixe da sociedade e o Estado.	B3.5. Coñecer as teorías sobre a orixe da sociedade e reflexionar de forma escrita sobre elas, argumentando as propias opinións ao respecto.
a b d l	B3.7. A civilización. Diferenza entre civilización e cultura. Oriente e Occidente.	B3.6. Comprender o sentido do concepto de civilización, relacionando as súas semellanzas e diferenzas co concepto de cultura.
e g h	B3.8. Comunicación. Comunicación non verbal. B3.9. A comunicación na época das tecnoloxías da información e da comunicación.	B3.7. Definir o que é a comunicación, analizando as formas de comunicación non verbal, e a incidencia das novas tecnoloxías da información e da comunicación.
a g l	B3.10. O individuo como capaz de innovar e crear cambios culturais.	B3.8. Reflexionar sobre o posible papel activo dun/dunha mesmo/a na construción da cultura e, en canto tal, identificarse como ser creativo e innovador, capaz de xerar elementos culturais.
a b	B3.11. Diferenzas culturais. Relativismo cultural e etnocentrismo.	B3.9. Reflexionar e indagar sobre o relativismo cultural e o etnocentrismo.



Filosofía. 4º de ESO		
Bloque 4. Pensamento		
Obxec - tivos	Contidos	Criterios de avaliación 5
b h	B4.1. Conceptos do bloque "Pensamento": razón, sentidos, experiencia, abstracción, universalidade, sistematicidade, racionalismo, dogmatismo, empirismo, límite, intelixencia, intelixencia emocional, certeza e erro. B4.2. Características da racionalidade humana.	B4.1. Comprender a facultade racional como específica do ser humano e as súas implicacións, analizando en que consiste a racionalidade e cales son as súas características.
h l	B4.3. Posibilidades e límites da razón.	B4.2. Explicar as teses básicas dalgunhas concepcións filosóficas sobre as posibilidades e os límites da razón.
f	B4.4. Racionalidade teórica e racionalidade práctica. Teoría e experiencia.	B4.3. Distinguir a racionalidade teórica da racionalidade práctica, así como teoría e experiencia.
d h l	B4.5. Concepcións contemporáneas sobre a intelixencia. B4.6. Teoría da intelixencia emocional.	B4.4. Coñecer a concepción contemporánea sobre a intelixencia, incidindo na teoría da intelixencia emocional de Daniel Goleman.
b g h	B4.7. A verdade e os seus tipos: a verdade como correspondencia; a verdade segundo o pragmatismo americano; a verdade desde o perspectivismo e o consenso. B4.8. Papel do erro na procura da verdade. O erro como oportunidade.	B4.5. Comprender algúns dos principais tipos de verdade (a verdade como correspondencia; a verdade segundo o pragmatismo americano; a verdade desde o perspectivismo e o consenso) e reflexionar sobre a posibilidade de alcanzar a verdade absoluta.



Filosofía. 4º de ESO		
Bloque 5. Realidade e metafísica		
Obxec	Contidos	Criterios de avaliación
h l	B5.1. Conceptos do bloque "Realidade e metafísica": metafísica, realidade, pregunta radical, esencia, natureza, cosmos, caos, creación, finalismo, contingente, mecanicismo e determinismo. B5.2. Metafísica: o seu obxecto e o seu método.	B5.1. Coñecer o significado do termo "metafísica", comprendendo que é a principal disciplina das que compoñen a filosofía, identificando o seu obxectivo fundamental, consistente en realizar preguntas radicais sobre a realidade, e entendendo en que consiste o "preguntar radical".
b f h l n	B5.3. A natureza como esencia e como totalidade: Universo. B5.4. Orixe do Universo. Eternidade ou creación. B5.5. Respostas á pregunta pola finalidade do Universo. B5.6. Respostas á pregunta sobre o posto do ser humano no Universo.	B5.2. Comprender unha das principais respostas á pregunta acerca do que é a natureza e identificar esta non só como a esencia de cada ser, senón ademais como o conxunto de todas as cousas que hai, e coñecer algunhas das grandes preguntas metafísicas acerca da natureza: a orixe e a finalidade do Universo, a orde que rexe a natureza, se é que a hai, e o posto do ser humano no Cosmos, reflexionando sobre as implicacións filosóficas de cada unha destas cuestións.
f h	B5.7. Determinismo e Indeterminismo. Teoría do caos.	B5.3. Coñecer as implicacións filosóficas da teoría do caos, comprendendo a importancia de sinalar se a natureza se rexe por leis deterministas ou se rexe polo azar cuántico, e argumentar a propia opinión sobre como afecta esta resposta de cara á comprensión da conduta humana.
f h l n	B5.8. Sentido da existencia. Vida e morte. B5.9. Sentido da historia. B5.10. Lugar do ser humano no mundo.	B5.4. Reflexionar sobre a interrogación polo sentido da existencia, explicando as teses centrais dalgúns teorías filosóficas da vida, e disertar razoadamente sobre a vida ou a morte, ou o devir histórico, ou o lugar do individuo na realidade, entre outras cuestións metafísicas.



Filosofía. 4º de ESO		
Bloque 6. Transformación		
Obxec - tivos	Contidos	Criterios de avaliación 14
a b g h	B6.1. Conceptos do bloque "Transformación-ética": vontade, liberdade negativa, liberdade positiva, autodeterminación, libre albedrío, determinismo, indeterminismo e condicionamento.	B6.1. Coñecer os dous significados do concepto de liberdade de acción (liberdade negativa e liberdade positiva), e aplicalos tanto no ámbito da sociedade política como no terreo da vida privada ou a liberdade interior.
h	B6.2. Libre albedrío e vontade.	B6.2. Comprender o que é o libre albedrío ou a liberdade interior, en relación coa posibilidade de autodeterminación dun mesmo e coa facultade da vontade.
a f g h	B6.3. Libre albedrío: condicionamentos sociais e políticos. B6.4. Libre albedrío: xenética e neurociencia.	B6.3. Reflexionar e argumentar sobre a relación entre a liberdade interior e a liberdade social e política.
h	B6.5. O libre albedrío e o determinismo na natureza.	B6.4. Coñecer a existencia de determinismo na natureza, analizando a posibilidade que ten o ser humano de ser libre, tendo en conta que é un ser natural e, en canto tal, sometido ás leis da natureza.
h l	B6.6. Posturas filosóficas sobre o libre albedrío: a do estoicismo, a de Kant e a intermedia, que avoga pola non existencia da liberdade absoluta.	B6.5. Recoñecer as tres posturas sobre o problema da liberdade absoluta ou condicionada: a tese estoica, a negación do sometemento da vontade ás leis naturais de Kant e a posición intermedia, que rexeita non a liberdade, senón a liberdade absoluta.
b d h	B6.7. Conceptos do bloque "Transformación-Estética": estética, creatividade, sinapse neuronal, imaxinación, pensamento diverxente, pensamento converxente e serendipia.	B6.6. Coñecer a estética como a parte da filosofía que estuda o proceso creativo, a experiencia estética e a beleza.
g h	B6.7. Imaxinación humana: características. B6.8. Imaxinación: funcionamento e mecanismos de aparición de novas ideas.	B6.7. Identificar o que é a imaxinación, en tanto que facultade específica do ser humano, explicando como funciona e cales son as súas características.



Filosofía. 4º de ESO		
Bloque 6. Transformación		
Obxec	Contidos	Criterios de avaliación
b e g h n	B6.9. Creatividade humana.	B6.8. Recoñecer a capacidade humana da creatividade, en tanto que potencialidade existente en todas as persoas e que se consegue adestrando o cerebro.
g h n	B6.10. Fases do proceso creativo.	B6.9. Coñecer as fases do proceso creativo e reflexionar sobre a importancia de que o pensamento diverxente imaxinativo e o pensamento lóxico e racional traballen xuntos.
b n	B6.11. Principais técnicas de desenvolvemento da creatividade: revisión de supostos e inversión.	B6.10. Coñecer e aplicar algunhas técnicas de desenvolvemento da creatividade.
a b g h	B6.12. Técnica do brainstorming.	B6.11. Utilizar a técnica do brainstorming para construír unha historia literaria con temática filosófica.
b g h	B6.13. Relación entre liberdade e creatividade.	B6.12. Valorar a liberdade como condición básica para a creatividade innovadora, a conexión entre si das ideas preexistentes e a competitividade.
g h n	B6.14. Elementos que potencian a creatividade: motivación, perseveranza, orixinalidade e medio.	B6.13. Coñecer as características das persoas especialmente creativas, como a motivación, a perseveranza, a orixinalidade e o medio, e investigar sobre como se poden potenciar esas calidades.
g	B6.15. Innovación e creación como asunción de riscos.	B6.14. Reflexionar argumentadamente sobre o sentido do risco e a súa relación para alcanzar solucións innovadoras e, xa que logo, a posibilidade de evolucionar.



3.2. Obxectivos xerais para as materias do Bacharelato

Segundo o artigo 26 do Decreto 86/2015 o bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o



respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.



3.2.1 Primeiro de Bacharelato

3.2.1.1. Filosofía

Filosofía. 1º de bacharelato		
Bloque 1. Contidos transversais		
Obxec - tivos	Contidos	Critérios de avaliación
b d e h m	B1.1. Textos filosóficos e pertencentes a outras ramas do saber relacionados coas temáticas filosóficas estudadas.	B1.1. Ler comprensivamente e analizar de forma crítica textos significativos e breves, pertencentes a pensadores/as destacados/as.
b d e h	B1.2. Composición escrita de argumentos de reflexión filosófica e de discursos orais, manexando as regras básicas da retórica e a argumentación.	B1.2. Argumentar e razoar os propios puntos de vista sobre as temáticas estudadas na unidade, de forma oral e escrita, con claridade e coherencia.
b d e g	B1.3. Uso dos procedementos de traballo intelectual (incluíndo os das tecnoloxías da información e da comunicación) adecuados á filosofía, en especial a asimilación e o uso rigoroso do léxico relacionado cos temas filosóficos estudados.	B1.3. Seleccionar e sistematizar información obtida de distintas fontes.
d e g	B1.3. Uso dos procedementos de traballo intelectual (incluíndo os das tecnoloxías da información e da comunicación) adecuados á filosofía, en especial a asimilación e o uso rigoroso do léxico relacionado cos temas filosóficos estudados.	B1.4. Analizar e argumentar sobre formulacións filosóficas, elaborando de xeito colaborativo esquemas, mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles, mediante o uso de medios e plataformas dixitais.



Filosofía. 1º de bacharelato		
Bloque 2. O saber filosófico		
Obxec -	Contidos	Craterios de avaliación
b e l	B1.1. Textos filosóficos e textos pertencentes a outras ramas do saber relacionados coa temática filosófica estudada.	B2.5. Analizar de maneira crítica fragmentos de textos significativos e breves sobre a orixe, a caracterización e a vixencia da filosofía, identificando as problemáticas e solucións expostas, distinguindo as teses principais e a orde de argumentación, relacionando os problemas formulados nos textos co estudado na unidade e coa presentación doutros intentos de comprensión da realidade, como o científico e o teolóxico, ou outros tipos de filosofía, como a oriental.

Filosofía. 1º de bacharelato		
Bloque 3. O coñecemento		
Obxec - tivos	Contidos	Craterios de avaliación
d e h	B3.1. Teoría do coñecemento. B3.2. Graos e ferramentas do coñecer: razón, entendemento e sensibilidade. B3.3. Abstracción. B3.4. Problemas implicados no coñecer: posibilidades, límites e intereses; o irracional.	B3.1. Coñecer de modo claro e ordenado as problemáticas implicadas no proceso do coñecemento humano, analizadas desde o campo filosófico, os seus graos, as ferramentas e as fontes, e expor por escrito os modelos explicativos do coñecemento máis significativos.
d e h g	B3.5. Problema filosófico do coñecemento. B3.6. A verdade como propiedade das cousas. A verdade como propiedade do entendemento: coherencia e adecuación. B3.7. Algúns modelos filosóficos de explicación do coñecemento e o acceso á verdade.	B3.2. Explicar e reflexionar sobre o problema do acceso á verdade, identificando as problemáticas e as posturas filosóficas que xurdiron en torno ao seu estudo.



Filosofía. 1º de bacharelato		
Bloque 3. O coñecemento		
Obxec	Contidos	Criterios de avaliación
b d e	B1.1. Textos filosóficos e textos pertencentes a outras ramas do saber relacionadas coas temáticas filosóficas estudadas.	B3.3. Analizar de forma crítica fragmentos de textos significativos sobre a análise filosófica do coñecemento humano, os seus elementos, as súas posibilidades e os seus límites, valorando os esforzos por alcanzar unha aproximación á verdade arredándose do dogmatismo, da arbitrariedade e dos prexuízos.
d e h i l	B3.8. Filosofía, ciencia e tecnoloxía. Filosofía da ciencia. B3.9. Obxectivos e instrumentos da ciencia. B3.10. Método hipotético-dedutivo. B3.11. Investigación científica na modernidade e na época contemporánea: das matemáticas e a técnica como ferramentas de coñecemento e interpretación fundamentais á reformulación dos conceptos clásicos.	B3.4. Coñecer e explicar a función da ciencia, os seus modelos de explicación, as súas características, os seus métodos e a tipoloxía do saber científico, expondo as diferenzas e as coincidencias do ideal e a investigación científica co saber filosófico, como pode ser a problemática da obxectividade ou a adecuación teoría-realidade, argumentando as propias opinións de xeito razoado e coherente.
d e h i l	B3.12. Técnica e tecnoloxía: saber e praxe.	B3.5. Relacionar e identificar as implicacións da tecnoloxía, en tanto que saber práctico transformador da natureza e da realidade humana, reflexionando, desde a filosofía da tecnoloxía, sobre as relacións coa ciencia e cos seres humanos.
b d l	B3.13. Reflexións filosóficas sobre o desenvolvemento científico e tecnolóxico: o problema da indución B3.14. Visión aristotélica do quefacer científico.	B3.6. Analizar de xeito crítico fragmentos de textos filosóficos sobre a reflexión filosófica acerca da ciencia, a técnica e a filosofía, identificando as problemáticas e as solucións propostas, distinguindo as teses principais e a orde da argumentación, relacionar os problemas formulados nos textos co estudado na unidade e razoar a postura propia.
d	B3.15. Relación entre filosofía e	B3.7. Entender e valorar a relación



Filosofía. 1º de bacharelato		
Bloque 3. O coñecemento		
Obxec - ..	Contidos	Criterios de avaliación
e h i g l	ciencia.	entre a filosofía e a ciencia.

Filosofía. 1º de bacharelato		
Bloque 4. A realidade		
Obxec - ..	Contidos	Criterios de avaliación
d e h	B4.1. A metafísica como explicación teórica da realidade.	B4.1. Recoñecer e valorar a metafísica, disciplina que estuda a realidade en tanto que totalidade, distinguíndoa das ciencias, que versan sobre aspectos particulares desta.
d e h	B4.2. Pregunta polo ser como punto de partida da Filosofía. Platón fronte a Aristóteles. B4.3. Interrogación metafísica sobre a verdadeira realidade: problema da aparencia e a realidade. B4.4. Pregunta pola orixe e a estrutura do real. B4.5. Caracterización da realidade: cambio ou permanencia, substancialismo estático fronte ao devir. Esencialismo e existencialismo. B4.6. Necesidade de categorizar racionalmente o real.	B4.2. Coñecer e explicar, desde un enfoque metafísico, os principais problemas que presenta a realidade.
d e	B4.7. Cosmovisións científicas sobre o universo. A filosofía da natureza	B4.3. Coñecer e comparar as explicacións dadas desde as grandes



Filosofía. 1º de bacharelato		
Bloque 4. A realidade		
Obxec - tivos	Contidos	Critérios de avaliación
h i g l	<p>como admiración filosófica pola natureza.</p> <p>B4.8. Paradigma cualitativo organicista: universo aristotélico.</p> <p>B4.9. Universo máquina: visión mecanicista na Modernidade.</p> <p>Supostos epistemolóxicos do modelo heliocéntrico: procura das leis universais dun universo infinito. Determinismo, regularidade, conservación, economía e continuidade.</p> <p>B4.10. Visión contemporánea do Universo.</p> <p>B4.11. Reencontro da filosofía e a física na teoría do caos.</p>	<p>cosmovisións sobre o universo.</p>
d e g h i	<p>B1.3. Uso dos procedementos de traballo intelectual (incluíndo os das tecnoloxías da información e da comunicación) adecuados á filosofía, en especial a asimilación e o uso rigoroso do léxico relacionado coas temáticas filosóficas estudadas.</p>	<p>B4.4. Elaborar táboas e/ou mapas conceptuais comparando os caracteres adxudicados historicamente ao Universo, entendido como totalidade do real, contextualizando historicamente e culturalmente cada cosmovisión e ampliando información mediante internet e/ou fontes bibliográficas.</p>
d e h i m	<p>B1.1. Textos filosóficos e textos pertencentes a outras ramas do saber relacionados coas temáticas filosóficas estudadas.</p>	<p>B4.5. Ler e analizar de xeito crítico textos filosóficos, epistemolóxicos e científicos sobre a comprensión da realidade, tanto desde o plano metafísico como desde o físico, usando con precisión os termos técnicos estudados, relacionar os problemas presentados nos textos co estudado nas unidades e razoar a postura propia.</p>



Filosofía. 1º de bacharelato		
Bloque 5. O ser humano desde a filosofía		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación
b c d e	B5.1. A reflexión filosófica sobre o ser humano e o sentido da existencia: antropoloxía filosófica.	B5.1. Recoñecer en que consiste a antropoloxía filosófica.
d e h i	B5.2. Implicacións filosóficas da evolución. Filosofía e bioloxía.	B5.2. Coñecer e explicar as implicacións filosóficas da evolución, en relación cos contidos metafísicos e cos/coas pensadores/as xa estudados/as.
d e g h i l	B5.3. A dialéctica natureza-cultura no proceso de antropoxénese e de construción da identidade propia humana.	B5.3. Recoñecer e reflexionar, de maneira argumentada, sobre a interacción dialéctica entre o compoñente natural e o cultural que caracterizan o ser humano como tal, sendo o culturalmente adquirido condición para a innovación e a creatividade que caracterizan a especie.
a b c e h	B1.2. Composición escrita de argumentos de reflexión filosófica e de discursos orais, manexando as regras básicas da retórica e a argumentación.	B5.4. Valorar os coñecementos adquiridos nesta unidade, rexeitando os prexuízos tanto etnocéntricos como por motivos físicos, e tamén as actitudes de intolerancia, inxustiza e exclusión.
b c	B5.4. Visión grega. Heroe homérico: concepto socrático.	B5.5. Coñecer e reflexionar sobre as concepcións filosóficas



Filosofía. 1º de bacharelato		
Bloque 5. O ser humano desde a filosofía		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación
d e h	<p>Dualismo platónico. Animal racional e político aristotélico. Materialismo e individualismo helenista.</p> <p>B5.5. Pensamento medieval: creación á imaxe divina; nova concepción do corpo e a alma, da morte e da liberdade.</p> <p>B5.6. Renacemento: antropocentrismo e humanismo.</p> <p>B5.7. Modernidade e século XIX: razón, emocións e liberdade.</p> <p>B5.8. O ser humano na filosofía contemporánea.</p>	<p>sobre o ser humano como tal que se viñeron dando ao longo da filosofía occidental, comparando semellanzas e diferenzas entre as sucesivas formulacións, analizando criticamente a influencia do contexto sociocultural na concepción filosófica, e valorando algunhas formulacións diverxentes que abriron camiño cara á consideración actual da persoa.</p>
b e h	<p>B5.9. Visións filosóficas orientais: budismo, taoísmo e hinduísmo.</p>	<p>B5.6. Comparar a visión filosófica occidental do ser humano coa visión filosófica oriental, o budismo, o taoísmo e o hinduísmo, e argumentar as opinións propias sobre semellanzas e diferenzas.</p>
b d e h	<p>B5.10. Algunhas claves sobre o sentido da existencia humana.</p> <p>B5.11. Cuestión do sentido, a esencia e a existencia, o eu, a liberdade, a morte, o destino, o azar, a historia e a necesidade de transcendencia.</p>	<p>B5.7. Disertar, de forma oral e escrita, sobre as temáticas intrinsecamente filosóficas no ámbito do sentido da existencia, como poden ser a cuestión do sentido, a esencia e a existencia, o eu, a liberdade, a morte, o destino, o azar, a historia ou a necesidade de transcendencia, entre outras.</p>



Filosofía. 1º de bacharelato		
Bloque 5. O ser humano desde a filosofía		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación
b c d e h	B5.12. Reflexión filosófica sobre o corpo. B5.13. Teorías filosóficas sobre a relación entre mente e corpo.	B5.8. Coñecer algunhas teorías filosóficas occidentais sobre o corpo humano, e reflexionar de xeito colaborativo e argumentar acerca dos puntos de vista propios.

Filosofía. 1º de bacharelato		
Bloque 6. A racionalidade		
Obxec	Contidos	Criterios de avaliación
a b c d e	B2.5. Racionalidade teórica e práctica. B6.1. Orixe da ética occidental: Sócrates fronte aos sofistas.	B6.1. Identificar a especificidade da razón na súa dimensión práctica, en tanto que orientadora da acción humana.
a b c	B6.2. A ética como reflexión sobre a acción moral: carácter, conciencia e madureza moral.	B6.2. Recoñecer o obxecto e función da ética.
a b c d e h	B6.3. Principais teorías sobre a moral humana. B6.4. Procura da felicidade. B6.5. A boa vontade: Kant. B6.6. A xustiza como virtude ético-política. B6.7. Relativismo e universalismo moral.	B6.3. Coñecer e explicar as principais teorías éticas sobre a xustiza e a felicidade, e sobre o desenvolvemento moral.
a b c d e h	B6.8. Fundamentos filosóficos do Estado. B6.9. Principais interrogantes da filosofía política.	B6.4. Explicar a función, as características e os principais interrogantes da filosofía política, como a orixe e a lexitimidade do Estado, as relacións entre o individuo e o Estado ou a natureza das leis.
a b c	B6.10. A xustiza segundo Platón. B6.11. O convencionalismo nos sofistas.	B6.5. Coñecer as teorías e os conceptos filosóficos principais que estiveron na base da construción da



Filosofía. 1º de bacharelato		
Bloque 6. A racionalidade		
Obxec	Contidos	Critérios de avaliación
d e h	B6.12. Realismo político: Maquiavelo. B6.13. Contractualismo: Hobbes, Locke, Rousseau e Montesquieu. B6.14. A paz perpetua de Kant. B6.15. Fundamentos filosóficos do capitalismo no século XIX. John Stuart Mill. Alienación e ideoloxía segundo Marx. B6.16. Disputa política entre Popper e a escola de Frankfurt.	idea de Estado e das súas funcións, apreciando o papel da filosofía como reflexión crítica.
a b c d e h	B6.17. Función do pensamento utópico.	B6.6. Disertar de xeito oral e escrito sobre a utilidade do pensamento utópico, analizando e valorando a súa función, para propor posibilidades alternativas, proxectar ideas innovadoras e avaliar o xa experimentado.
a b c	B6.18. Legalidade e lexitimidade.	B6.7. Distinguir os conceptos de legalidade e lexitimidade.
b d e h	B6.19. Capacidade simbólica. E. Cassirer. B6.20. Creatividade. H. Poincaré.	B6.8. Recoñecer a capacidade simbólica como elemento distintivo da especie humana.
b d e h n p	B6.21. Estética filosófica: función e características. B6.22. A arte como instrumento de comprensión e expresión simbólica da realidade. B6.23. A estética filosófica e a capacidade simbólica do ser humano. A realidade desde a arte, a literatura e a música.	B6.9. Coñecer o campo da estética, reflexionando sobre as contribucións filosóficas realizadas por tres das construcións simbólicas culturais fundamentais.



Filosofía. 1º de bacharelato		
Bloque 6. A racionalidade		
Obxec	Contidos	Critérios de avaliación
a b d e	B6.24. Relación da arte coa ética, co coñecemento e coa técnica.	B6.10. Relacionar a creación artística con outros campos como o da ética, o coñecemento e a técnica.
b d e h n p	B6.25. Sentimento, experiencia e xuízo estético. Beleza. Creación artística e sociedade. Abstracción artística e pensamento metafísico. A arte como xustificación ou como crítica da realidade. B6.26. Filosofía e arte. Filosofía e literatura. Filosofía e música.	B6.11. Analizar textos en que se comprenda o valor da arte, a literatura e a música como vehículos de transmisión do pensamento filosófico, utilizando con precisión o vocabulario específico propio da estética filosófica.
d g h n	B1.2. Composición escrita de argumentos de reflexión filosófica e de discursos orais, manexando as regras básicas da retórica e a argumentación.	B6.12. Reflexionar por escrito sobre algunha das temáticas significativas estudadas, argumentando as propias posicións, e ampliar en internet a información aprendida.
b d e	B6.27. Retórica, argumentación e lóxica: a comunicación desde a filosofía. B6.28. Importancia da comunicación e a súa relación coa linguaxe, a verdade e a realidade.	B6.13. Entender a importancia da comunicación para o desenvolvemento do ser humano e as sociedades.
b d e	B6.29. Lóxica proposicional.	B6.14. Coñecer en que consiste a lóxica proposicional e apreciar o seu valor para amosar o razoamento correcto e a expresión do pensamento como condición fundamental para as relacións humanas.
b d e	B6.30. Retórica e composición do discurso.	B6.15. Coñecer as dimensións que forman parte da composición do discurso retórico, e aplicarlas na composición de discursos.
b d	B6.31. Argumentación: regras e ferramentas do diálogo e a	B6.16. Coñecer e utilizar as regras e as ferramentas básicas do discurso



Filosofía. 1º de bacharelato		
Bloque 6. A racionalidade		
Obxec	Contidos	Criterios de avaliación
e	demostración de argumentos. B6.32. Filosofía da linguaxe: o problema filosófico dos conceptos universais e o erro argumentativo da xeneralización apresurada.	baseado na argumentación demostrativa.
b d e m p	B6.33. A filosofía e a empresa como proxecto racional.	B6.17. Coñecer as posibilidades da filosofía na creación dun proxecto, en xeral, e no ámbito empresarial en particular, e valorar o seu papel potenciador da análise, a reflexión e o diálogo.
b e m p	B6.34. O modo metafísico de preguntar para deseñar un proxecto vital e de empresa. B6.35. Os procesos de cuestionamento e a importancia da definición de obxectivos.	B6.18. Comprender a importancia do modo de "preguntar radical" da metafísica para proxectar unha idea ou un proxecto vital ou empresarial, facilitando os procesos de cuestionamento e definición das preguntas radicais e as respostas a estas.
b m p	B6.36. Proceso de análise racional do conxunto dun sistema, dos elementos que o integran e da orde racional que subxace á estrutura lóxica dun proxecto, vital e empresarial.	B6.19. Comprender o valor da teoría do coñecemento, a razón crítica e a lóxica para introducir racionalidade na orixe e no desenvolvemento dun proxecto.
b e m	B6.37. Importancia do diálogo e da defensa argumentativa de proxectos, fins e medios.	B6.20. Valorar as técnicas do diálogo filosófico, a argumentación e a retórica para organizar a comunicación entre as partes e a resolución de negociacións e de conflitos, para xerar diálogo baseado na capacidade de argumentar correctamente, para definir e comunicar correctamente o obxectivo dun proxecto.



Filosofía. 1º de bacharelato		
Bloque 6. A racionalidade		
Obxec	Contidos	Criterios de avaliación
a m n	B6.38. Deseño dun proxecto vital e laboral. Papel da Estética no desenvolvemento do pensamento creativo e innovador.	B6.21. Valorar a capacidade da estética filosófica para favorecer o pensamento creativo e innovador que permite adaptarse e anticiparse aos cambios, xerando innovación e evitando o estancamento, valorando así a función e a importancia das persoas emprendedoras e innovadoras para a construción e o avance dunha cultura, e a transformación da realidade.
a b c f m p	B6.39. Importancia da ética para establecer o sistema de valores no traballo.	B6.22. Comprender e apreciar a función axiolóxica da ética para establecer un sistema de valores que permita mellorar o clima laboral, comprendendo que os valores éticos son clave para lograr o equilibrio entre innovación, sustentabilidade e competitividade.
b m p	B6.40. Razón crítica en tanto que reguladora da acción humana.	B6.23. Coñecer e valorar a importancia da razón crítica para o avance dun proxecto persoal e colectivo.

Obxectivos específicos

Os obxectivos xerais, aos que contribúen os contidos da Filosofía, xa sinalados, concrétanse no caso da Filosofía de 1º Bacharelato, nos seguintes contidos específicos:

- Distinguir a dobre dimensión teórica e práctica da filosofía, e comprender as grandes preguntas e problemas filosóficos xerados a partir desta dobre dimensión.
- Obter información por diversos medios sobre os problemas filosóficos, analizándoa e integrándoa, así como adquirir unha bagaxe básica de nocións, conceptos e teorías elaboradas polos filósofos en torno aos mesmos.
- Coñecer e identificar as características específicas do ser humano e as dimensións que o configuran, analizando a súa xénese evolutiva e as tensións que xeran: dialéctica natureza/cultura e individuo/sociedade.
- Comprender e analizar a forma específica de categorización e relación lingüístico-simbólica que o suxeito humano establece co mundo e cos semellantes.
- Analizar e comprender os elementos e procedementos propios da racionalidade, e caracterizar a especificidade do saber filosófico, contrastándoo con outros saberes – en especial co científico-.



- Analizar e comprender os fundamentos da acción moral, valorando a autonomía moral como meta ineludible dunha conduta madura e responsable.
- Coñecer, analizar e valorar os enfoques das teorías éticas fronte a dobre aspiración de felicidade e xustiza na sociedade actual, facendo especial énfase nos esforzos de conciliación de ambas aspiracións.
- Comprender as conexións entre moral, dereito e política, partindo da análise do concepto de cidadanía e da súa xénese histórica.
- Comprender e valorar a raíz ética da lexitimidade política democrática e, en consecuencia, das institucións do Estado que sobre elas se levante.
- Analizar os novos retos da democracia no mundo globalizado actual.
- Dialogar, debater e argumentar con rigor lóxico e coherencia, respectando aos que sosteñen posturas diferentes.
- Analizar textos referidos ás temáticas desenvoltas no curriculum, así como elaborar composicións e traballos escritos en torno as mesmas.
- Manter un diálogo continuo coa vida real, mediante a aplicación das nocións e conceptos que se van adquirindo ao entorno circundante.
- Empregar con rigor e propiedade os conceptos e vocabulario específico correspondente, tanto na análise dos problemas como nos debates e exposicións orais e escritas dos mesmos.
- Desenvolver a competencia lectora e hábitos de traballo intelectual
- Desenvolver unha competencia social e cidadá -baseada nunha actitude crítica, autónoma e responsable- ante todo intento de xustificación de desigualdades sociais e ante toda discriminación por sexo, etnia, cultura, crenzas ou características individuais e sociais



3.2.2 Segundo de Bacharelato

3.2.2.1. Historia da Filosofía

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato		
Bloque 1. Contidos transversais		
Obxec - tivos	Contidos	Criterios de avaliación
b d e h	B1.1. Comentario de texto. B1.2. Diálogo filosófico e argumentación.	B1.1. Realizar a análise de fragmentos dos textos máis salientables da historia da filosofía, e ser capaz de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas.
a b c d e	B1.2. Diálogo filosófico e argumentación.	B1.2. Argumentar con claridade e capacidade crítica, oralmente e por escrito, as súas propias opinións sobre os problemas fundamentais da filosofía, dialogando de xeito razoado con outras posicións diferentes.
b d e g m	B1.3. Ferramentas de aprendizaxe e investigación da filosofía.	B1.3. Aplicar adecuadamente as ferramentas e os procedementos do traballo intelectual á aprendizaxe da filosofía, realizando traballos de organización e investigación dos contidos.
d g m	B1.4. Aplicación das competencias de tecnoloxías da información e da comunicación á historia da filosofía.	B1.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación na realización e na exposición dos traballos de investigación filosófica.

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato		
Bloque 2. A filosofía na Grecia antiga		
Obxec - tivos	Contidos	Criterios de avaliación
b c d	B2.1. Orixe da filosofía grega. Os presocráticos: resposta á orixe do cosmos.	B2.1. Coñecer a orixe da filosofía en Grecia e comprender o primeiro gran sistema filosófico, o de Platón,



Historia da Filosofía. 2º de bacharelato		
Bloque 2. A filosofía na Grecia antiga		
Obxec - tivos	Contidos	Criterios de avaliación
e h	B2.2. Dialéctica socrática. B2.3. Convencionalismo democrático e relativismo dos sofistas B2.4. Platón: ontoloxía e coñecemento; concepción dualista do ser humano; dimensión antropolóxica e política da virtude; o autor e o seu contexto.	analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude, en relación coa filosofía presocrática e o xiro antropolóxico de Sócrates e os Sofistas, valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Grecia antiga, e apreciando criticamente o seu discurso.
b d e h	B2.5. A física de Demócrito. B2.6. Problemas da filosofía antiga e solución de Aristóteles. B2.7. Aristóteles: metafísica, física, coñecemento, ética eudemonista e política. Comparación coa filosofía platónica. O autor e o seu contexto.	B2.2. Entender o sistema teleolóxico de Aristóteles, en relación co pensamento de Platón e a física de Demócrito, e valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e cos cambios socioculturais da Grecia antiga.
d e h l	B2.8. Doutrinas éticas helenísticas: Epicureísmo, Estoicismo e Escepticismo. B2.9. Científicos helenísticos. B2.10. A Biblioteca de Alexandría.	B2.3. Coñecer as escolas éticas xurdidas no helenismo, como o Epicureísmo, o Estoicismo e o Escepticismo, valorar o seu papel no contexto socio-histórico e cultural da época, e recoñecer a repercusión dos grandes científicos helenísticos, apreciando a gran importancia para occidente da Biblioteca de Alexandría.



Historia da Filosofía. 2º de bacharelato		
Bloque 3. A filosofía medieval		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación
b c d e h	B3.1. Cristianismo e filosofía. Agostiño de Hipona: teoría da iluminación, filosofía da historia, o problema da certeza e a defensa da liberdade.	B3.1. Explicar a orixe do pensamento cristián e o seu encontro coa filosofía a través das ideas fundamentais de Agostiño de Hipona, apreciando a súa defensa da liberdade, da verdade e do coñecemento interior ou a historia.
d e h	B3.2. Escolástica medieval. Tomé de Aquino: relacións de razón e fe. Vías para a demostración da existencia de Deus. Lei moral. Relación coa filosofía antiga e coa agostiniana, a xudía e o nominalismo. O autor e o seu contexto.	B3.2. Coñecer a síntese de Tomé de Aquino, en relación co agostinismo, a filosofía árabe e xudía, e o nominalismo, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Media.
d e h	B3.4. Crise da Escolástica no século XIV: nominalismo de Guillerme de Ockham. Relacións entre razón e fe. Novo pulo para a ciencia.	B3.3. Coñecer algunha das teorías centrais do pensamento de Guillerme de Ockham, cuxa reflexión crítica supuxo a separación entre razón e fe, a independencia da filosofía e o novo pulo para a ciencia.

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato		
Bloque 4. A filosofía na Modernidade e na Ilustración		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación
b c d e h l	B4.1. A filosofía no Renacemento. Humanismo: novo concepto sobre a natureza humana. B4.2. F. Bacon. Os prexuízos na investigación do coñecemento. B4.3. Implicacións da revolución científica. B4.4. Realismo político de Maquiavelo.	B4.1. Comprender a importancia do xiro do pensamento occidental que se deu no Renacemento e que anticipa a modernidade, valorando o novo humanismo que enxalza a "dignitas hominis", a investigación dos prexuízos do coñecemento de F. Bacon e as implicacións da Revolución Científica, e coñecer as teses fundamentais do realismo político de N. Maquiavelo.
b c d	B4.5. Descartes: O método, o " <i>cogito</i> " (coñecemento e realidade) e o dualismo antropolóxico.	B4.2. Entender o racionalismo de Descartes, distinguíndoo e relacionándoo coa filosofía humanista



Historia da Filosofía. 2º de bacharelato		
Bloque 4. A filosofía na Modernidade e na Ilustración		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación
e h	B4.6. Comparación do autor coa filosofía antiga e medieval, e relación coa Moderna. O autor e o seu contexto.	e o monismo panteísta de Spinoza, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Moderna.
b c d e h l	B4.7. Hume: o coñecemento, crítica á causalidade e á substancia. Emotivismo moral. Comparación coa filosofía anterior. O autor e o seu contexto B4.8. Locke: liberalismo político.	B4.3. Coñecer o empirismo de Hume en relación co liberalismo político de Locke, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna.
b c d e h	B4.9. A Ilustración francesa. Rousseau: a crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral.	B4.4. Coñecer os principais ideais dos ilustrados franceses, afondando no pensamento de J.J. Rousseau, e valorar a importancia do seu pensamento para o xurdimento da democracia mediante unha orde social acorde coa natureza humana.
b c d e h	B4.10. Idealismo transcendental. Kant: as facultades e límites do coñecemento. B4.11. Lei Moral e paz perpetua. B4.12. Relación do proxecto ilustrado de Rousseau coa filosofía Moderna e Kant. B4.13. Comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna.	B4.5. Comprender o idealismo crítico de Kant, en relación co racionalismo de Descartes, o empirismo de Hume e a filosofía ilustrada de Rousseau, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna.

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato		
Bloque 5. A filosofía contemporánea		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación
b c d	B5.1. Marx: o materialismo histórico, a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e a súa visión humanista do	B5.1. Entender o materialismo histórico de Marx, en relación co idealismo de Hegel e con Feuerbach,



Historia da Filosofía. 2º de bacharelato		
Bloque 5. A filosofía contemporánea		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación
eh	<p>individuo.</p> <p>B5.2. Relación de Marx cos problemas da filosofía contemporánea. O autor e o seu contexto.</p>	<p>e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Contemporánea.</p>
bceh	<p>B5.3. Nietzsche: crítica á metafísica, á moral e á ciencia; a verdade como metáfora.</p> <p>B5.4. O superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, e comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea. O autor e o seu contexto.</p> <p>B5.5. A vontade en Schopenhauer.</p>	<p>B5.2. Comprender o vitalismo de Nietzsche en relación co vitalismo de Schopenhauer, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Contemporánea.</p>
bceh	<p>B5.6. Filosofía española. Ortega y Gasset: a súa relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, e outras posturas filosóficas. O autor e o seu contexto.</p>	<p>B5.3. Entender o raciovitalismo de Ortega y Gasset en relación con figuras da filosofía española, como Unamuno, e do pensamento europeo, e valorar as influencias que recibe e a repercusión do seu pensamento no desenvolvemento das ideas e a rexeneración social, cultural e política de España.</p>
bceh	<p>B5.7. Filosofía crítica da escola de Frankfurt. A crítica a razón ilustrada e á idea de progreso.</p> <p>B5.8. Racionalidade dialóxica de Habermas: os intereses do coñecemento e a acción comunicativa.</p> <p>B5.9. Contribución de Habermas ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea.</p> <p>B5.10. Pensamento posmoderno: principais teses dos filósofos posmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexión sobre a súa vixencia actual.</p>	<p>B5.4. Coñecer as teses fundamentais da crítica da Escola de Frankfurt, analizando a racionalidade dialóxica de Habermas, relacionándoo coa filosofía crítica da Escola de Frankfurt, e valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Contemporánea. Coñecer as teses máis definitorias do pensamento posmoderno, identificando as teses fundamentais de Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e valorar criticamente a súa repercusión no pensamento filosófico a partir de finais do século XX.</p>

Obxectivos específicos

Os obxectivos xerais, aos que contribúen os contidos da Filosofía, xa sinalados, concréntanse



no caso da Filosofía de 1º Bacharelato, nos seguintes contidos específicos:

- Coñecer os períodos da historia da filosofía e os seus representantes fundamentais.
- Recoñecer as cuestións que ocuparon permanentemente a filosofía ao longo da súa historia e relacionalas con temas traballados en filosofía e cidadanía, utilizando con propiedade os conceptos adquiridos.
- Comprender a vinculación entre o pensamento dos distintos autores e outras manifestacións da actividade humana do seu contexto histórico: socioeconómicas, políticas, científicas e artísticas.
- Elaborar exposicións orais e composicións escritas acerca de temas determinados con claridade, corrección, plenitude e autonomía, exercitando na medida do posible unha reflexión persoal.
- Comentar textos filosóficos analizando con rigor os seus conceptos e teses e comparándoos coa postura defendida noutros textos de diferente autoría acerca dos mesmos temas.
- Desenvolver o hábito de ponderar con criterio opinións contrapostas a partir do contraste entre teorías e correntes filosóficas que se sucederon na historia.
- Constatar a posición de cada representante dunha corrente filosófica sobre a diferenza de xénero e valorala á luz das crenzas e prácticas do seu contexto histórico.
- Debater temas de actualidade en relación cos contidos da materia, fundamentando racionalmente a propia postura, recoñecendo as achegas doutras persoas e illando os prexuízos infundados.
- Valorar o coñecemento do pasado como unha achega continua de elementos que contribúen á comprensión do presente e á planificación do porvir.
- Apreciar a lectura como medio de enriquecemento persoal e desenvolver un hábito inquisitivo e analítico en relación coa información recibida na vida cotiá.



3.2.2.2. Psicología

Psicología. 2º de bacharelato		
Bloque 1. A psicología como ciencia		
Obxec	Contidos	Criterios de avaliación
b e h l	B1.1. A psicología desde as súas orixes en Grecia ata o século XIX. B1.2. Constitución da psicología como saber autónomo: Wundt, Watson, James e Freud. B1.3. Diversidade de acepcións do termo psicología ao longo da súa evolución. B1.4. Obxecto propio da psicología. A psicología e outros saberes.	B1.1. Entender e apreciar a especificidade e a importancia do coñecemento psicolóxico, como ciencia que trata da conduta e os procesos mentais do individuo, valorando que se trata dun saber e unha actitude que estimula a crítica, a autonomía, a investigación e a innovación.
d e l	B1.5. Obxectivos que caracterizan a psicología. B1.6. Facetas teórica e práctica da psicología, e ámbitos de aplicación. B1.7. Metodoloxías da investigación psicolóxica: métodos e obxectivos.	B1.2. Identificar a dimensión teórica e práctica da psicología, os seus obxectivos, as súas características e as súas ramas e técnicas de investigación, relacionándoas, como ciencia multidisciplinar, con outras ciencias cuxo fin é a comprensión dos fenómenos humanos, como a filosofía, a bioloxía, a antropoloxía, a economía, etc.
a d e g h	B1.8. Achegas máis importantes da psicología na comprensión dos fenómenos humanos. Problemas tratados e conclusións ofrecidas. B1.9. Teorías psicolóxicas: psicanálise, condutismo, teoría cognitiva, Gestalt, humanismo e psicobioloxía. B1.10. Textos de autores como W. Wundt, S. Freud, A. Maslow, W. James e B. F. Skinner, entre outros.	B1.3. Recoñecer e expresar as achegas máis importantes da psicología, desde os seus inicios ata a actualidade, identificando os principais problemas formulados e as solucións achegadas polas correntes psicolóxicas contemporáneas, e realizando unha análise crítica de textos significativos e breves de contido psicolóxico, identificando as problemáticas formuladas e relacionándoas co estudado na unidade.



Psicología. 2º de bacharelato		
Bloque 2. Fundamentos biolóxicos da conduta		
Obxec	Contidos	Criterios de avaliación
e g h i	B2.1. Anatomía do encéfalo humano. Comparativa co doutros animais. B2.2. Filoxénese da evolución do cerebro humano e relación coa conduta.	B2.1. Explicar a evolución do cerebro humano desde un enfoque antropolóxico, distinguindo as súas características específicas das doutros animais, co fin de apreciar a importancia do desenvolvemento neurolóxico e as consecuencias que delas se derivan.
d e g i	B2.3. Morfoloxía da neurona. Sinapse, impulso nervioso e neurotransmisores. B2.4. Áreas do cerebro e as funcións que executan.	B2.2. Analizar e apreciar a importancia da organización do sistema nervioso central, fundamentalmente do encéfalo humano, distinguindo as localizacións e as funcións que determinan a conduta dos individuos
e h i l	B2.5. Técnicas de investigación da actividade cerebral: anxiogramas, EEG, TAC, TEP, IRM, intervencións directas e estudo de casos. B2.6. Impulso que deron as técnicas de investigación do cerebro para o estudo do comportamento e a solución dalgunhas patoloxías.	B2.3. Entender e valorar as técnicas actuais de investigación do cerebro e o seu impacto no avance científico acerca da explicación da conduta e na superación dalgúns trastornos e dalgunhas doenzas mentais.
a c e g i	B2.7. Bases xenéticas da diferenza entre a conduta feminina e a masculina. B2.8. Doenzas causadas por alteracións xenéticas. Anomalía na conduta. Síndromes.	B2.4. Comprender e recoñecer algunhas das bases xenéticas que determinan a conduta humana, apreciando a relación de causa e efecto que pode existir entre ambas as dúas e destacando a orixe dalgunhas doenzas producidas por alteracións xenéticas.
b c d h	B2.9. Sistema endócrino. Glándulas e hormonas, e influencia na conduta. Influencia na diferenza entre a conduta feminina e a masculina.	B2.5. Investigar e resumir a influencia do sistema endócrino sobre o cerebro e os comportamentos derivados diso, co fin de valorar a importancia da relación entre ambos.



Psicología. 2º de bacharelato		
Bloque 3. Os procesos cognitivos básicos: percepción, atención e		
Obxec	Contidos	Criterios de avaliación
b d e g h l m	B3.1. Percepción: elementos e fases do proceso. B3.2. Teorías sobre a percepción: asociacionismo, Gestalt, cognitivismo e neuropsicología. B3.3. Leis da percepción da Gestalt. B3.4. Ilusións ópticas e trastornos perceptivos. B3.5. Algúns fenómenos perceptivos: constancia perceptiva, percepción subliminar e extrasensorial, membro fantasma e percepción por estimulación eléctrica do cerebro (por exemplo, o ollo de Dobelle), etc.	B3.1. Comprender a percepción humana como un proceso construtivo eminentemente subxectivo e limitado, no cal ten a súa orixe o coñecemento sobre a realidade, valorando o ser humano como un procesador de información.
b d e h	B3.6. Factores individuais e sociais que inflúen na percepción.	B3.2. Explicar e apreciar a relevancia das influencias individuais e sociais no fenómeno da percepción, valorando criticamente tanto os seus aspectos positivos como os negativos.
b d e g m	B3.7. A memoria. Atención e concentración. B3.8. Tipos de atención. B3.9. Alteracións da atención. B3.10. Tipos de memoria. Relación entre eles e utilidade que teñen na aprendizaxe humana. B3.11. Esquecemento: causas. B3.12. A memoria e os efectos producidos nela por desuso, interferencia, falta de motivación, etc. B3.13. Distorsións e alteracións da memoria.	B3.3. Coñecer e analizar a estrutura, os tipos e o funcionamento da memoria humana, investigando as achegas dalgunhas teorías actuais, co fin de entender a orixe e os factores que inflúen no desenvolvemento desta capacidade no ser humano, e utilizar as súas achegas na súa propia aprendizaxe.



Psicología. 2º de bacharelato		
Bloque 4. Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e		
Obxec	Contidos	Criterios de avaliación
b d e g h m	B4.1. Teorías da aprendizaxe: condicionamento clásico; aprendizaxe por ensaio-erro; condicionamento instrumental; teoría cognitiva; aprendizaxe social. B4.2. Técnicas de condicionamento na publicidade. B4.3. Factores que inflúen na aprendizaxe: coñecementos previos adquiridos, capacidades, personalidade, estilos cognitivos, motivación, actitudes e valores.	B4.1. Explicar as principais teorías sobre a aprendizaxe, identificando os factores que cada unha delas considera determinantes neste proceso, co obxecto de iniciarse na comprensión deste fenómeno e das súas aplicacións no campo social, e utilizar os seus coñecementos para mellorar a súa propia aprendizaxe.
estados.	<p>VEB5.3.2. Contrasta información de algúns dos acontecementos históricos e políticos que orixinaron a DUDH, entre eles o uso das ideoloxías nacionalistas e racistas que defendían a superioridade duns homes sobre outros, chegando ao extremo do Holocausto xudeu, así como a discriminación e o exterminio de todas as persoas que non pertencesen a unha determinada etnia, a un modelo físico, a unha relixión, a unhas ideas políticas, etc.</p> <p>VEB5.3.3. Sinala os obxectivos da creación da ONU e a data en que se asinou a DUDH, e valora a importancia deste feito para a historia da humanidade.</p>		<p>vulneración dos dereitos humanos en situacións como a discriminación, a persecución por ideas políticas ou pertence a unha determinada etnia, etc.</p>	



Valores éticos 3 E.S.O.

Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos

Contidos	Estándares de aprendizaxe / 12 / 10 sesións (contidos mínimos en negra)	Tempo-ralización Segundo trimestre 10 sesións	Grao mínimo de consecución para superar a materia 6	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
<p>B5.8. Estrutura da DUDH: os seus artigos e os tipos de dereito.</p>	<p>VEB5.4.1. Constrúe un esquema sobre a estrutura da DUDH, que se compón dun preámbulo e 30 artigos que poden clasificarse da seguinte maneira:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Os artigos 1 e 2 refírense aos dereitos inherentes a todas as persoas: a liberdade, a igualdade, a fraternidade e a non discriminación. – Os artigos do 3 ao 11 refírense aos dereitos individuais. – Os artigos do 12 ao 17 establecen os dereitos do individuo en relación coa comunidade. – Os artigos do 18 ao 21 sinalan os dereitos e as liberdades políticas. – Os artigos do 22 ao 27 céntranse nos dereitos económicos, sociais e culturais. – Finalmente, os artigos do 28 ao 30 refírense á interpretación de todos eles, ás condicións necesarias para o seu exercicio e aos seus límites. <p>VEB5.4.2. Elabora unha campaña, en colaboración co grupo, coa finalidade de difundir a DUDH como fundamento do dereito e a democracia, no seu medio escolar, familiar e social.</p>		<ul style="list-style-type: none"> - B5.4. Comprende a estrutura da DUDH e os diferentes tipos de dereitos que hai dentro dela. - É capaz de elaborar unha campaña para difundir DUDH. 	<p>CAA, CCL, CCEC, CSC, CSIEE</p> <p>I. II. VI. X. XV XVI. XVII. XX.</p>



Valores éticos 3 E.S.O.

Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos				
Contidos	Estándares de aprendizaxe / 12 / 10 sesións (contidos mínimos en negra)	Tempo-ralización Segundo trimestre 10 sesións	Grao mínimo de consecución para superar a materia 6	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
B5.9. Xeracións de dereitos e feitos históricos que influíron no seu desenvolvemento.	VEB5.5.1. Describe os feitos máis influentes no desenvolvemento histórico dos dereitos humanos da primeira xeración (dereitos civís e políticos), da segunda xeración (económicos, sociais e culturais) e da terceira (dereitos dos pobos á solidariedade, ao desenvolvemento e á paz).		- B5.5. Recoñece e é capaz de describir as características de cada xeración de dereitos humanos .	CCEC I. VIII. XII. XX.
B5.10. Problemas aos que se enfronta o exercicio dos dereitos civís e políticos da DUDH .	VEB5.6.1. Investiga mediante información obtida en distintas fontes , sobre os problemas e os retos da aplicación da DUDH , no que se refire ao exercicio de dereitos civís (destacando os problemas relativos á intolerancia, a exclusión social, a discriminación da muller, a violencia de xénero e a existencia de actitudes como a homofobia, o racismo, a xenofobia, o acoso laboral e escolar, etc.) e dos dereitos políticos (guerras, terrorismo, ditaduras, xenocidio, refuxiados/as políticos/as, etc.).		- B5.6. É quen de recoñecer , en diferentes fontes de información , os problemas que existen na aplicación da DUDH , destacando aqueles que son máis pronunciados.	CAA, CD, CSC I. II. VIII. IX. XX.

Valores éticos 3 E.S.O.

Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía				
Contidos	Estándares de aprendizaxe 3 / 12 sesións (contidos mínimos en negra)	Tempo-ralización 12 sesións	Grao mínimo de consecución para superar a materia 1	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación



Valores éticos 3 E.S.O.

Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía

<p>B6.1. Necesidade de criterios éticos na investigación científica. Progreso científico-técnico e valores éticos.</p>	<p>VEB6.1.1. Obtén e selecciona información, traballando en colaboración, dalgúns casos nos que a investigación científica e tecnolóxica non foi guiada nin é compatible cos valores éticos da DUDH, xerando impactos negativos nos ámbitos humano e ambiental, sinalando as causas.</p>	<p>Iniciando penúltima semana de marzode 2020 28^a – 30^a 31^a- 32^a Proba e recuperación (se corresponde, revisión dos resultados) 33^a – probas finais (se corresponde)</p>	<p>- B6.1. Recoñece a existencia de consecuencias positivas e negativas da investigación científica, sinalando a partires desto a necesidade de criterios éticos na investigación científica.</p>	<p>CAA, CD, CMCCT, CSC, CCL, CSIEE I. II. VIII. IX. X. XVIII. XIX. XX.</p>
	<p>VEB6.1.2. Diserta, colaborando en grupo, sobre a idea de progreso na ciencia e a súa relación cos valores éticos, o respecto á dignidade humana e o seu medio, e elabora e expón conclusións.</p>	<p>Finalizand o a mediados de xuño de 2018</p>		
	<p>VEB6.1.3. Selecciona e contrasta información, colaborando en grupo, sobre algunhas das ameazas da aplicación indiscriminada da ciencia e a tecnoloxía para o contorno ambiental e para a vida (explotación descontrolada dos recursos naturais, destrución de hábitats, contaminación química e industrial, choiva ácida, cambio climático, desertificación, etc.).</p>	<p>Reflexión sobre o curso (se sobran sesións)</p>		



4.5. Valores éticos. Cuarto da E.S.O.

4.5.1. Aclaracións sobre a temporalización, o grao mínimo de consecución para superar a materia, as competencias clave e os procedementos e instrumentos de avaliación.

Dado que as **competencias non poden ser observadas directamente** e só podemos inferir se un alumno as ten adquirido a través do desempeño, faise necesario **dispoñer de diferentes procedementos e instrumentos de avaliación**. Como os que se presentan a continuación. Para **seleccionar os procedementos e instrumentos de avaliación que se empregarán en cada caso**, teranse en **conta as competencias ligadas** a cada estándar de aprendizaxe ou a cada **grupo de estándares**. A **elección** dos procedementos está en **relación co carácter da competencia** que se vai avaliar, ao **contexto** (o número de alumnado do que estea composto o grupo-clase, a diversidade nesa composición, a actitude ante o proceso de aprendizaxe, etc.) e aos **medios dispoñibles**, entre outros factores.

Táboa de referencias		
Ref.	Competenc	Procedementos e instrumentos de avaliación
I.	CCL, CD, CAA	Construción dunha breve reflexión, oral e/ou escrita, sobre un dos temas da materia, a partires de diferentes fontes de información (diccionario, enciclopedia, internet, periódicos, etc.)
II	CCL, CAA,	Análise de fragmentos de texto, vídeo, audio, fotografía nota de prensa, ou similar.
III	CCL, CAA, CSC CSIEE,	Responder a cuestionarios que plantexan preguntas reflexivas.
IV	CCL, CSC	Exercicios sobre lecturas guiadas.
V.	CCL	Exercicios tipo test, verdadeiro/falso ou de recheo de espazos baleiros.
VI	CCL, CD, CAA	Realización de esquemas
VII	CCL, CD,	Construción de mapas conceptuais
VII I.	CSC, CAA, CSIEE,	Abordaxe de dilemas éticos / estudio de casos
IX	CSIEE, CSC,	Participación en debate e posta en común / aprendizaxe baseado en problemas
X.	CD, CSC, CMCCT, CSIEE,	Realización de infografías, carteis, dípticos, etc. de tipo informativo-explicativo
XI	CSIEE, CSC, CAA,	Observación das actividades desenvolvidas en clase
XII	CSIEE, CSC,	Exploración por medio de preguntas formuladas polo profesorado
XII I.	CSC, CAA,	Revisión de cadernos de clase e/ou fichas
XIV	CCL, CD,	Portfolio
XV	CSC, CAA,	Elaboración de mapas mentais



Táboa de referencias		
Ref.	Competenc	Procedementos e instrumentos de avaliación
	CCEC, CCL	
XVI	CAA, CCL	Lista de cotexo
XVI I.	CSC, CAA,	Escala de valores
XVII I.	CSC, CAA, CSIEE,	Rexistro anecdotario
XI X.	CCL, CAA, CSC,	Exposición
XX .	CCL, CSC, CMCCT, CD, CSIEE,	Rúbrica

Algunhas aclaracións sobre os instrumentos e procedementos de avaliación enumerados na anterior táboa:

- Os instrumentos / procedementos referenciados como I. (Construción dunha breve reflexión, oral e/ou escrita, sobre un dos temas da materia, a partires de diferentes fontes de información) II. (Análise de fragmentos de texto, vídeo, audio, fotografía nota de prensa, ou similar) serán utilizados con moita frecuencia en diferentes actividades que compoñen a tarefa proposta.
- III. (Responder a cuestionarios que formulan preguntas reflexivas) e V. (Exercicios tipo test, verdadeiro/falso ou de recheo de espazos baleiros) serán utilizados en exercizos puntuais ou en probas de recuperación de estándares non acadados.
- O instrumento / procedemento referenciado como IV. (Exercicios sobre lecturas guiadas) será utilizado, con frecuencia para valorar, fundamentalmente, a comprensión lectora. As lecturas poden terse en conta para subir a cualificación obtida en cada bloque (o que se indicará na programación de aula). Debido a esto tenderase a pactar co alumnado a súa utilización como elemento motivador. De antemán, polo tanto, é moi difícil detallar sobre que estándares de aprendizaxe versarán ditas lecturas, polo cal, non se proporciona aquí dita información.
- O instrumento / procedemento referenciado como XI. (Observación das actividades desenvolvidas en clase) será utilizado constantemente polo profesorado, sería moi reiterativo indicalo en practicamente todos os estándares de aprendizaxe.



- O instrumento / procedemento referenciado como XIII. (Revisión de cadernos de clase e/ou fichas) será utilizado con bastante frecuencia (en especial a revisión e entrega de fichas), e en moitas ocasións, terá como tema subxacente algún suceso de actualidade, polo cal é imposible especificar aquí cando e onde se vai a aplicar.
- O instrumento / procedemento referenciado como XIV. (Portfolio) O instrumento / procedemento referenciado como XIV. (Portfolio) é un dos instrumentos fundamentais de avaliación, xa que é o utilizado para avaliar o conxunto de actividades e exercizos realizados ao longo do curso.
- O instrumento / procedemento referenciado como XVII (escala de valores) é o instrumento fundamental para avaliar o traballo de aula e un dos instrumentos de avaliación para actividades concretas e mesmo determinadas cuestións nas probas específicas.
- O instrumento / procedemento referenciado como XX (rúbrica) usarase, con frecuencia, para avaliar distintas actividades e a tarefa global.



Para fixar os procedementos e instrumentos de avaliación teranse en conta as competencias ligadas a cada estándar de aprendizaxe ou a cada grupo de estándares. Temos que reparar en que **as competencias non poden ser observadas directamente** e só a través do desempeño podemos inferir se un alumno as ten adquirido, por iso se fai **necesario dispoñer de diferentes procedementos e instrumentos de avaliación**. Ademais avaliar distintas formas de aprender, require tamén aplicar distintas formas de avaliar e unha ampla variedade de instrumentos. A **elección** dos procedementos **está en relación co carácter da competencia** que se vai avaliar, ao **contexto** (o número de alumnado do que estea composto o grupo-clase, a diversidade nesa composición, a actitude ante o proceso de aprendizaxe, etc.) e aos **medios dispoñibles**, entre outros factores. A este respecto é necesario sinalar a falta de postos informáticos para cada alumna ou alumno debido a alta ocupación das dúas aulas de informática do centro, co cal, o tratamento da competencia dixital terá que sustanciarse na casa (no caso de que o alumnado teña posibilidades), nos recreos na biblioteca (facéndolles perder o seu rato de lecer) ou por aprendizaxe vicario ó ver ó profesorado manexar as distintas ferramentas TIC, sempre que a rede do centro o permita, no que se refire a internet.

Poderían enumerarse un sen fin de instrumentos, pero so se darán **indicacións** moi xerais acerca dos **instrumentos máis comúns a todos os contextos** nos que se aplica a avaliación por competencias. Utilizaranse os procedementos e instrumentos de avaliación que se consideren **apropiados para cada** estándar ou **grupo de estándares**, tomando como **orientativos** os exemplos deles que, para maior **claridade**, se ofrecen nas **seguintes táboas**. Consideramos que o importante é o resultado final e non tanto prefixar dun xeito ríxido con que instrumento se va avaliar cada concepto ou contido, xa que **o devir da dinámica da clase** (que **non se pode prever**, obviamente, nunha programación xeral) con toda a súa variedade e diversidade lle indicará mellor ó profesorado que resulta **máis motivador** para o alumnado no proceso de ensino- aprendizaxe (algo que expresamente é **mencionado na LOMCE**).

O cálculo de sesións lectivas para o presente curso na materia Valores Éticos do 4º curso, é de 35 sesións. O número de estándares de aprendizaxe é de 33, de modo queno caso hipotético de non perder ningunha sesión por coincidir unha xornada festiva, ou calquera outra eventualidadedisporíase exactamente dunha sesión para cada estándar, o que resulta na maior parte dos caspos, claramente insuficiente. Isto obriga a agrupalos priorizando o máis inclusivos e os de carácter procedimental e traballalos de xeito transversal mediante unha metodoloxía de aprendizaxe por tarefas. Ao organizar o



currículo en torno a tarefas, non resulta doado establecer a priori unha temporalización precisa nin un número determinado de sesións para cada estándar. Porén, dado que a tarefa que se presenta para este curso foi traballada xa no curso anterior, ofrécese en primeiro lugar a proposta curricular cunha temporalización xeral estimada e, a continuación, a proposta de compactación, que presenta sobre o traballado no curso 2018-2019 pequenas modificacións que xorden da experiencia e do cambio da temática na Olimpíada Filosófica de Galicia (“O poder do mito”).



Valores éticos. 4º de ESO				
Bloque 1. A dignidade da persoa				
Contidos	Estándares de aprendizaxe / 3 / 3 semanas (contidos mínimos en 3)	Tempo - realización 3	Criterios de avaliación 1	Exemplos de procedementos e instrumentos
B1.1. A dignidade do ser humano como valor básico no que se asenta a DUDH . B1.2. Atributos esenciais do ser humano na DUDH: razón, conciencia e liberdade . B1.3. Léxico do bloque: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.	VEB1.1.1. Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa natureza.	1ª a 3ª	- B1.1. Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa como valor fundante da DUDH, subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal.	CSC, CCL, CAA I. III. V. XII. XVI . XVI I. XX.
	VEB1.1.2. Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón,			
	VEB1.1.3. Relaciona adecuadamente os termos e as expresións seguintes, que se utilizan na DUDH: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.			

Valores éticos. 4º de ESO				
Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais -				
Contidos	Estándares de aprendizaxe 7/ 6 / semanas (contidos mínimos en 7)	Tempo - realización 7	Criterios de avaliación 2	Exemplos de procedementos e instrumentos
B2.1. Dereitos e liberdades dos individuos establecidos na DUDH que o Estado debe respectar .	VEB2.1.1. Comenta, segundo o establecido pola DUDH nos artigos do 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos.	3ª a 4ª	- B2.1. Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre a cidadanía e o Estado.	CCL, CD, CSIEE I. VI. V. IX . XI I. X V.
	VEB2.1.2. Explica os límites do Estado que establece a DUDH nos artigos do 18 ao 21, ao determinar as liberdades dos cidadáns e das cidadás que este debe protexer e respectar.			



	<p>VEB2.1.3. Elabora unha presentación con soporte informático e audiovisual que ilustre os contidos máis sobresaíntes tratados no tema, e expón as súas conclusións de xeito</p>			
--	---	--	--	--



Valores éticos. 4º de ESO				
Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais -				
Contidos	Estándares de aprendizaxe / 7 / 7 semanas (contidos mínimos en	Tempo - realización 7	Criterios de avaliación 2	Exemplos de procedementos e instrumentos
	argumentado.			
B2.2. Fenómeno da socialización global . B2.3. Perigos da socialización dos valores éticos universais. B2.4. Medios de comunicación masiva e socialización global. Conflicto entre liberdade de expresión e outros dereitos .	VEB2.2.1. Describe e avalía o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de valores, normas, costumes,	5ª - 7ª 8ª + 9ª Proba e recuperación do bloque 1 e do bloque 2 (se corresponde), <i>revisión dos resultados</i> ou última novembro	- B2.2. Explicar en que consiste a socialización global, a súa relación cos medios de comunicación masiva, reflexionando dun xeito valorativo sobre os seus efectos na vida e no desenvolvemento moral das persoas e da sociedade.	CCEC, CCL, CSC I. II I. I X. XI. XVI I. XIX . XX.
	VEB2.2.2. Sinala os perigos que encerra o fenómeno da socialización global se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, e debate acerca da necesidade de establecer límites éticos e xurídicos neste tema.			
	VEB2.2.3. Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade , expresando as súas opinións con rigor intelectual.			
	VEB2.2.4. Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva , respectando o dereito á información e á liberdade de expresión que posúen os cidadáns e as cidadás.			

Valores éticos. 4º de ESO				
Bloque 3. A reflexión ética -				
Contidos	Estándares de aprendizaxe / 8 / 6 semanas (contidos mínimos en	Tempo - realización 6 sesións	Criterios de avaliación 4	Exemplos de procedementos e instrumentos
B3.1. Importancia e valor da reflexión ética como defensa dos DDHH . B3.2. Novos campos da ética aplicada: profesional, bioética, ambiente, economía, empresa ,	VEB3.1.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante o perigo que poden representar entes posuidores de grandes intereses políticos e económicos e grupos violentos, que teñen ao seu alcance armamento de grande alcance científico e tecnolóxico, capaces de pór en grande risco os dereitos fundamentais da persoa.	Iniciando na primeira semana de decembro 10ª	- B3.1. Recoñecer que a necesidade dunha regulación ética é fundamental no mundo actual co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos.	CSC, CMCCT, CSIEE II. II I. IV . VI. XII. XVI I.



ciencia e tecnoloxía, etc.	VEB3.1.2. Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a ética (profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e			
--------------------------------------	---	--	--	--



Valores éticos. 4º de ESO				
Bloque 3. A reflexión ética -				
Contidos	Estándares de aprendizaxe / 8 / 6 semanas (contidos mínimos en	Tempo-ralización 6 sesións	Criterios de avaliación 4	Exemplos de procedementos e instrumento
B3.3. Proxecto de vida persoal: límites e oportunidades que ofrecen as circunstancias persoais, e valores éticos que serven como guía.	VEB3.2.1. Describe e avalía as circunstancias que no momento actual o/a rodean, identificando as limitacións e as oportunidades que se lle formulan desde as perspectivas social, laboral, educativa, económica, familiar, afectiva, etc., co obxecto de deseñar, a partir delas, o seu proxecto de vida persoal, determinando libremente os valores éticos que deben guialo/a.	11ª	- B3.2. Comprender e apreciar a importancia que teñen para o ser humano do século XXI as circunstancias que o rodean, salientando os límites que lle impoñen e as oportunidades que lle ofrecen para a elaboración do seu proxecto de vida, conforme os valores éticos que libremente elixe e que dan sentido á súa existencia.	CSIE E I. XII . XI X.
B3.4. Éticas formais e éticas materiais. B3.5. Ética kantiana: carácter formal. Autonomía da persoa como valor ético fundamental .	VEB3.3.1. Define os elementos distintivos das éticas formais e compáraos cos relativos ás éticas materiais. VEB3.3.2. Explica as características da ética kantiana (formal, universal e racional), así como a importancia da súa achega á VEB3.3.3. Aprecia, na ética kantiana, o seu fundamento na autonomía da persoa como valor ético esencial e a súa manifestación no imperativo categórico e as súas formulacións.	12ª - 14ª	- B3.3. Distinguir os principais valores éticos nos que se fundamentan as éticas formais, establecendo a súa relación coa ética kantiana e sinalando a importancia nesta da autonomía da persoa como valor ético fundamental.	CCL, CSC I. VI. VII. XII. XII. XVI I. XX.
B3.6. Ética do discurso, de Apel e Habermas , como ética formal. Relación coa ética de Kant.	VEB3.4.1. Identifica a ética do discurso como unha ética formal e describe en que consiste o imperativo categórico que formula, sinalando as similitudes e as diferenzas que posúe co imperativo da ética de Kant. VEB3.4.2. Utiliza a súa iniciativa persoal e emprendedora para elaborar unha presentación con soporte informático acerca das éticas formais, expresando e elaborando conclusións fundamentadas.	15ª - 16ª	- B3.4. Identificar a ética do discurso, de Habermas e de Apel como unha ética formal, que salienta o valor do diálogo e o consenso na comunidade, como procedemento para atopar normas éticas xustas.	CAA, CD, CSIEE I. V. VII . X. XV I. XX .

Valores éticos. 4º de ESO				
Bloque 4. A xustiza e a política -				
Contidos	Estándares de aprendizaxe / 3 / 4 semanas (contidos mínimos en	Tempo-ralización 4	Criterios de avaliación 2	Exemplos de procedementos e instrumento



B4.1. Democracia e xustiza. B4.2. Deberes	VEB4.1.1. Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e	19 ^a	- B4.1. Concibir a democracia como un estilo de vida cidadá, dentro do cal é un elemento activo na difusión dos dereitos humanos.	CS C II. VII I. XI.
---	---	-----------------	---	------------------------------------



Valores éticos. 4º de ESO				
Bloque 4. A xustiza e a política - Unidade 4 do libro de texto				
Contidos	Estándares de aprendizaxe / 3 / 4 semanas (contidos mínimos en)	Tempo - realización 4	Criterios de avaliación 2	Exemplos de procedementos e instrumentos
cívicos como cumprimento de valores éticos e como defensa e difusión dos dereitos humanos.	cumpran os seus deberes (defensa dos valores éticos e cívicos, coidado e conservación de todos os bens e servizos públicos, participación na elección de representantes políticos/as, respecto e tolerancia á pluralidade de ideas e de crenzas, acatamento das leis e das sentenzas dos tribunais de xustiza, pagamento dos impostos establecidos, etc.).			XVI I. XX.
B4.3. Perigos dunha globalización sen valores éticos. B4.4. Promoción dos DDHH por parte dos ensinos dos valores éticos.	VEB4.2.1. Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, etc.). VEB4.2.2. Comenta o deber ético e político que teñen todos os estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos e a súa vixencia, e a necesidade de respectalos en todo o mundo (deber de contribuír na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos das demais persoas; honestidade, lealdade, pacifismo, prudencia, e mutua comprensión mediante o diálogo, a defensa e protección da natureza, etc.).	20ª 21ª- 22ª Proba e recuperación (se corresponde), revisión dos Segunda quincena marzo	- B4.2. Reflexionar acerca do deber da cidadanía e dos Estados de promover o ensino e a difusión dos valores éticos como instrumentos indispensables para a defensa da dignidade e os dereitos humanos, como una defensa ante os perigos de destrución do planeta ou deshumanización da persoa que pode traer a globalización.	CAA, CSC II. IX XII. XVI II. XX.



Valores éticos. 4º de ESO				
Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH)				
Contidos	Estándares de aprendizaxe / 13 / 7 semanas (contidos mínimos en)	Tempo - realización 7	Criterios de avaliación 5	Exemplos de procedementos e instrumentos
<p>B5.1. Dereito e leis: finalidade, características e xustificación ética.</p> <p>B5.2. Conflitos entre principios éticos individuais e principios normativos sociais.</p>	<p>VEB5.1.1. Explica a finalidade e as características das leis xurídicas dentro do Estado e a súa xustificación ética, como fundamento da súa lexitimidade e da súa obediencia.</p>	<p>Iniciando na segunda quincena de marzo</p> <p>23ª</p>	<ul style="list-style-type: none"> - B5.1. Apreciar a necesidade das leis xurídicas no Estado, para garantir o respecto aos dereitos humano. - Disertar acerca dalgúns dilemas morais entre deberes éticos / deberes cívicos 	<p>CCL, CSIEE</p> <p>II.</p> <p>VI.</p> <p>VII</p> <p>I.</p> <p>IX.</p> <p>XII</p> <p>.</p>
	<p>VEB5.1.2. Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do individuo e os da orde civil, formulando solucións razoadas, en casos como os de desobediencia civil e obxección de conciencia.</p>			
<p>B5.3. Teoría da xustiza de Rawls: posición orixinal e veo de ignorancia; criterio de imparcialidade; función dos dous principios de xustiza.</p>	<p>VEB5.2.1. Procura información en internet co fin de definir os principais conceptos utilizados na teoría de Rawls e establece unha relación entre eles (posición orixinal e veo de ignorancia, criterio de imparcialidade e función dos dous principios de xustiza que propón).</p>	<p>24ª</p>	<ul style="list-style-type: none"> - B5.2. Disertar acerca da teoría de Rawls baseada na xustiza como equidade e como fundamento ético do dereito. 	<p>CAA, CD, CCL I.</p> <p>XI</p> <p>I.</p> <p>X</p> <p>X.</p>
	<p>VEB5.2.2. Realiza un xuízo crítico acerca da teoría de Rawls e explica a súa conclusión argumentada acerca dela.</p>			
<p>B5.4. Os DDHH como ideais irrenunciáveis. B5.5. Deficiencias na aplicación dos DDHH referidos ao económico e ao social.</p> <p>B5.6. Organizacións que traballan pola defensa dos DDHH.</p>	<p>VEB5.3.1. Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados, e reconece os retos que aínda teñen que superar.</p>	<p>25ª</p>	<ul style="list-style-type: none"> - B5.3. Valorar a DUDH como conxunto de ideais irrenunciáveis, a pesares dos problemas na súa aplicación. - Recoñecer a importancia das institucións e os/as voluntarios/as que traballan pola defensa dos dereitos humanos. 	<p>CSC, CCEC, CD III.</p> <p>IX.</p> <p>X.</p> <p>XVI</p> <p>I.</p> <p>XX.</p>
	<p>VEB5.3.2. Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.)</p>			



	<p>VEB5.3.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgunhas institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos: Organización das Nacións Unidas (ONU) e os seus organismos, como FAO, Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA), Organización Mundial da</p>			
--	--	--	--	--



Valores éticos. 4º de ESO				
Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH)				
Contidos	Estándares de aprendizaxe / 13 / 7semanas (contidos mínimos en)	Tempo - realización 7	Criterios de avaliación 5	Exemplos de procedementos e instrumentos
	Saúde (OMS), Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), etc., organizacións non gobernamentais como Greenpeace, UNICEF, Cruz Vermella, Media Lúa Vermella, etc., así como o Tribunal Internacional de Xustiza, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, etc.			
B5.7. Dereito á seguridade e a paz. B5.8. Compromiso coa paz e a solidariedade e coas vítimas da violencia. B5.9. Ameazas á paz.	VEB5.4.1. Diserta, en pequenos grupos, acerca da seguridade e a paz como un dereito fundamental das persoas, e aprecia a súa importancia para o exercicio do dereito á vida e á liberdade, elaborando e expresando as súas conclusións (artigo 3 da DUDH). VEB5.4.2. Toma conciencia do compromiso dos españois e das españolas coa paz, como unha aspiración colectiva e internacional reconecida na Constitución española, e rexeita a violación dos dereitos humanos, amosando solidariedade coas vítimas da violencia. VEB5.4.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte audiovisual, sobre algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual (terrorismo, desastres ambientais, catástrofes naturais, mafias internacionais, pandemias, ataques cibernéticos, tráfico de armas de destrución masiva, de persoas e de órganos, etc.).	26ª - 27ª	- B5.4. Entender a seguridade e a paz como un dereito reconecido na DUDH e como un compromiso da cidadanía española (CE 1978) - Identificar as novas ameazas que xurdiron nos últimos tempos.	CCL, CSC, CD I. II. IX. X. XVI I. XIX · XX.



<p>B5.10. As Forzas Armadas na Constitución española.</p> <p>B5.11. Misións das Forzas Armadas.</p> <p>B5.12. Conflitos armados: importancia das organizacións</p>	<p>VEB5.5.1. Coñece, analiza e asume como cidadán ou cidadá os compromisos internacionais realizados por España en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos, como membro de organismos internacionais (ONU, OTAN, UE, etc.).</p>	28 ^a -29 ^a	<ul style="list-style-type: none"> - B5.5. Coñecer a misión atribuída na Constitución española ás Forzas Armadas e a súa relación cos compromisos que España ten cos organismos internacionais a favor da seguridade e a paz. - Reflexionar acerca da importancia do dereito internacional para regular e limitar o uso da forza e do 	<p>CS</p> <p>C</p> <p>III.</p> <p>VII</p> <p>·</p> <p>XII</p> <p>·</p>
	<p>VEB5.5.2. Explica a importancia da misión das</p>			



Valores éticos. 4º de ESO				
Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) -				
Contidos	Estándares de aprendizaxe / 13 / 7 semanas (contidos mínimos en)	Tempo - realización 7	Criterios de avaliación 5	Exemplos de procedementos e instrumentos
internacionais na súa prevención e na súa solución.	forzas armadas (artigo 15 da lei de defensa nacional) en materia de defensa e seguridade nacional, de dereitos humanos e de promoción da paz, e a súa contribución en situacións de emerxencia e axuda humanitaria, tanto nacionais como internacionais. VEB5.5.3. Analiza as consecuencias dos conflitos armados a nivel internacional, apreciando a importancia das organizacións internacionais que promoven e vixían o cumprimento dun dereito internacional fundamentado na DUDH.	Última quincena de maio	poder.	

Valores éticos. 4º de ESO				
Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía				
Contidos	Estándares de aprendizaxe / 2 / 4 semanas (contidos mínimos en)	Tempo - realización 5	Criterios de avaliación 1	Exemplos de procedementos e instrumentos
B6.1. Validez ética dos proxectos científicos e tecnolóxicos.	VEB6.1.1. Utiliza información de forma selectiva para atopar algúns criterios que cumpra ter en conta para estimar a viabilidade de proxectos científicos e tecnolóxicos, considerando a idoneidade ética dos obxectivos que pretenden e a avaliación dos riscos e as consecuencias persoais, sociais e ambientais que a súa aplicación poida ter.	Iniciando nos primeiros días de xuño 30 ^a	- B6.1. Identificar criterios que permitan avaliar, de xeito crítico e reflexivo, os proxectos científicos e tecnolóxicos, co fin de valorar a súa idoneidade en relación co respecto aos dereitos e valores éticos da humanidade.	CAA, CMCCT, CSC, CSIEE II. VII I. IX. XII .



Valores éticos. 4º de ESO				
Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía -				
Contidos	Estándares de aprendizaxe / 2 / 4 semanas (contidos mínimos en)	Tempo - realización 5	Criterios de avaliación 1	Exemplos de procedementos e instrumentos
B6.2. Códigos deontolóxicos dos axentes sociais.	VEB6.2.1. Comprende e explica a necesidade de apoiar a creación e o uso de métodos de control, e a aplicación dunha ética deontolóxica para científicos/as e tecnólogos/as en xeral, para todas as profesións, fomentando a aplicación dos valores éticos no mundo laboral, financeiro e empresarial.	31 ^a 32 ^a +33 ^a Proba e recuperación (se corresponde), revisión dos resultados (o máis probable é que teña que utilizarse algún recreo para o análise dos resultados ou para unha posible recuperación)	- B6.2. Estimar a necesidade de facer cumprir unha ética deontolóxica a científicos/as, tecnólogos/as e outros/as profesionais.	CMCCT, CSC, CSIEE II. VII I. IX. XII.

Compactación de Valores Éticos 4ESO A-B ao redor de dúas temáticas: unidade didáctica sobre a película “Matrix” e o tema da liberdade / b2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais + b4. Xustiza e política (a democracia e o estado de dereito)

Funcionou moi ben realizar a compactación curricular tomando como núcleo central o Bloque 4. “A xustiza e a política”, xa que entre os seus contidos podemos atopar temas tratados no film “Matrix” (do cal visionaremos os fragmentos máis significativos) dende diferentes ángulos como democracia – vs tiranía - e xustiza –vs a inxustiza de vivir na escravitude - (B4.1), deberes cívicos – volver á Matrix a desenchufar a outras persoas -, valores éticos – lealdade, honestidade, etc. -, dereitos humanos – dereito a ser tratado como un humano, punto de partida esencial - (B4.2) co efecto arrastre destes contidos cara a B4.3 e B4.4.; conflitos entre principios éticos individuais e principios normativos sociais (B5.2), o veo de ignorancia e criterio de imparcialidade, Rawls (B5.3), ambos contidos claramente relacionados coa convivencia dentro e fóra da Matrix e coa elección de vivir na realidade ou na aparencia (tema estreitamente conectado cos inicios da filosofía como “paso do mito ao logos”); novamente o tratamento destes contidos leva ao efecto arrastre (na reflexión, obviamente) a aqueles que van dende o B5.4 ao B5.9 (obviamente estase a falar de todos os estándares incluídos nos puntos sinalados nestes contidos, en caso contrario sinalaríase) que tratan basicamente de Dereitos Humanos.

Resulta obvio que mentres se trata todo isto vai ser ineludible desenvolver os estándares do



Bloque 1. “A dignidade da persoa”, así unha grande parte dos do Bloque 3. “A reflexión ética”: non é posible tratar dun xeito serio o problema da xustiza e da política sen ter en conta a dignidade da persoa e sen facer unha reflexión ética. A compactación xorde da constatación de que é mellor para a comprensión do alumnado a non impartición lineal dos temas, senón imbricando e relacionando estándares a partires dun núcleo central que sexa exemplificado dun xeito concreto (moito do alumnado aínda está moi suxeito a razoamentos concretos e non é quen de pasar a comprender conceptos abstractos – e menos nunha hora de clase semanal – se non se lle fai partir de casos concretos).

A modo de exemplo inclúese aquí o detalle da compactación dalgún dos estándares impartidos en cada avaliación: Bloque 4. A Xustiza e a política. Impartidos B4.1 e B4.2 (VEB4.1.1. – reflexión sobre os valores cívicos e éticos respecto ao dereito de obter información veraz); B4.3. (VE4.2.1. – disertación ao redor dos problemas da toma de decisións sen ter boa información social, económica, política, etc.); B5.1 (funcionamento da aplicación da lei nos xulgados; utilización de noticias falsas). Todo isto tratouse a partires de vídeos sobre “fake news”, “posverdade” e identidades falsas e verdadeiras nas redes e os perigos que hai en contactar a través delas

A transición co tema da VII Olimpíada Filosófica de Galicia, farase a partires dos citados estándares do Bloque 2, máis concretamente os estándares: VEB2.2.3. Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade, expresando as súas opinións con rigor intelectual, VEB2.2.4. Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva, respectando o dereito á información e á liberdade de expresión que posúen os cidadáns e as cidadás. Estes estándares traballaranse concretamente cos modelos de dilemas que proporcione a organización da OFG.

Como sempre, a programación é obrigado facela sen saber como é alumnado, sen facer a avaliación inicial, sen saber que tipo de inquietudes ten o alumnado, incluso que tipo de inquietudes diferentes teñen os grupos, ou sexa, sen saber nada máis que o que a lei di e o número aproximado de alumnado por nivel. Isto obriga en moitas ocasións a ter que facer variacións na programación. A intención da profesora é que o que aquí presenta sexa unha guía o máis útil, rigorosa e flexible que sirva para impartir a materia e non para impoñela por riba de calquera consideración. As estimacións de sesións a utilizar para impartir os estándares ou grupos de estándares son eso, “estimacións”, ao igual que os instrumentos cos que se avaliará. Sempre se buscará a comprensión da materia e o máximo aproveitamento académico e cívico do que se faga dentro da clase. Calquera modificación que sexa necesario facer por estes motivos deixarase consignado nas reunións de Departamento.



Primeira avaliación (3+10 estándares de) 28.57% redondeo a 30%

36 estándares en total / No saco porcentajes y esas cosas para criterios de evaluación porque quiero ver si así te sirve, ya que rompe con el diseño que hicimos siempre. Ni sé bien cómo poner la temporalización, la verdad. Espero a ver cómo la pusiste tú.

Comezamos o curso coa compactación de B1 e B2 o redor de B4 como introdución ao problema da liberdade-coñecemento-realidade tratado a través do visionado de fragmentos da película “Matrix” cos seus correspondentes exercicios.

Valores éticos. 4º de ESO				
Bloque 4. A xustiza e a política				
Contidos	Estándares de aprendizaxe 3	Tempo- ralización 2 sesións	Criterios de avaliación 2 (contidos mínimos en negraña)	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
B4.1. Democracia e xustiza. B4.2. Deberes cívicos como cumprimento de valores éticos e como defensa e difusión dos dereitos humanos.	VEB4.1.1. Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes (defensa dos valores éticos e cívicos, coidado e conservación de todos os bens e servizos públicos, participación na elección de representantes políticos/as, respecto e tolerancia á pluralidade de ideas e de crenzas, acatamento das leis e das sentenzas dos tribunais de xustiza, pagamento dos impostos establecidos, etc.).		- B4.1. É quen de concebir a democracia como un estilo de vida cidadá , dentro do cal é posible difundir os dereitos humanos.	CSC II. VIII. XI. XVII. XX.
B4.3. Perigos dunha globalización sen valores éticos. B4.4. Promoción dos DDHH por parte dos Estados: fomento e ensino dos valores éticos.	VEB4.2.1. Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, etc.).		- B4.2. Extrae conclusións acerca da necesidade de que o Estado e a cidadanía promovan o ensino e difusión dos valores éticos como instrumentos de defensa dos dereitos humanos ante a deshumanización que pode conlevar a globalización.	CAA, CSC II. IX XII. XVIII. XX.



Valores éticos. 4º de ESO				
Bloque 4. A xustiza e a política				
Contidos	Estándares de aprendizaxe 3	Tempo- ralización 2 sesións	Criterios de avaliación 2 (contidos mínimos en negraña)	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
	VEB4.2.2. Comenta o deber ético e político que teñen todos os estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos e a súa vixencia, e a necesidade de respectalos en todo o mundo (deber de contribuír na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos das demais persoas; honestidade, lealdade, pacifismo, prudencia, e mutua comprensión mediante o diálogo, a defensa e protección da natureza, etc.).			

Valores éticos. 4º de ESO				
Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais - Unidade 2 do libro de texto				
Contidos	Estándares de aprendizaxe/7	Tempo- ralización 9 sesións	Criterios de avaliación 2 (contidos mínimos en negraña)	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
B2.1. Dereitos e liberdades dos individuos establecidos na DUDH que o Estado debe respectar .	VEB2.1.1. Comenta, segundo o establecido pola DUDH nos artigos do 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos.		- B2.1. Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre a ciudadanía e o Estado .	CCL, CD, CSIEE I. VI. V. IX. XII. XV.
	VEB2.1.2. Explica os límites do Estado que establece a DUDH nos artigos do 18 ao 21, ao determinar as liberdades dos cidadáns e das cidadás que este debe protexer e respectar.			
	VEB2.1.3. Elabora unha presentación con soporte informático e audiovisual que ilustre os contidos máis sobresaíntes tratados no tema, e expón as súas conclusións de xeito argumentado.			
B2.2. Fenómeno da socialización global . B2.3. Perigos da socialización global á marxe dos valores éticos universais. B2.4. Medios de comunicación de masas e	VEB2.2.1. Describe e avalía o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de valores, normas, costumes, etc. VEB2.2.2. Sinala os perigos que encerra o fenómeno da socialización global se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, e debate acerca da necesidade de		- B2.2. Explicar en que consiste a socialización global, a súa relación cos medios de comunicación masiva, reflexionando dun xeito valorativo sobre os seus efectos na vida e no desenvolvemento moral das persoas e da sociedade.	CCEC, CCL, CSC I. III. IX. XI. XVII. XIX. XX.



Valores éticos. 4º de ESO				
Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais - Unidade 2 do libro de texto				
Contidos	Estándares de aprendizaxe/7	Tempo- ralización 9 sesións	Criterios de avaliación 2 (contidos mínimos en negraña)	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
socialización global. Conflito entre liberdade de expresión outros dereitos.	establecer límites éticos e xurídicos neste tema.			
	VEB2.2.3. Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade, expresando as súas opinións con rigor intelectual.			
	VEB2.2.4. Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva, respectando o dereito á información e á liberdade de expresión que posúen os cidadáns e as cidadás.			

Valores éticos. 4º de ESO				
Bloque 1. A dignidade da persoa				
Contidos	Estándares de aprendizaxe 3	Tempo- ralización 3 sesións	Criterios de avaliación 1 (contidos mínimos en negraña)	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
B1.1. A dignidade do ser humano como valor básico no que se asenta a DUDH . B1.2. Atributos esenciais do ser humano na DUDH : razón, conciencia e liberdade . B1.3. Léxico do bloque: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación	VEB1.1.1. Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa natureza.		- B1.1. Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa como valor fundante da DUDH , subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal.	CSC, CCL, CAA I, III, V, XII, XVI, XVII, XX.
	VEB1.1.2. Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade .			
	VEB1.1.3. Relaciona adecuadamente os termos e as expresións seguintes, que se utilizan na DUDH: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana , trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.			



Tendo en conta que o núcleo central é **Bloque 4. A xustiza e a política**

Valores éticos. 4º de ESO	
Bloque 4. A xustiza e a política COMPACTADO con estándares de B1 e de B2 / en total 13 estándares	
Estándares de aprendizaxe Bloque 4	Compacta con
VEB4.1.1.	Bloque 1: VEB1.1.2., Bloque 2: VEB2.2.3., VEB2.2.4.
VEB4.2.1	Bloque 1: VEB1.1.1., VEB1.1.3.
VEB4.2.2.	Bloque 2: VEB2.1.1., VEB2.1.2., VEB2.1.3., VEB2.2.1., VEB2.2.2.

Vanse introducir xa o inicio da compactación fragmentos de **visionado de Matrix**, polo tanto calcúlanse que entre a **sesión 7ª e 8ª das** (posibles) **11 ou 12 do trimestre** utilizaranse para entrar nesta temática. Se “sobrase” algunha sesión (algo moi improbable) utilizaríase para ir adiantando sobre o que se ten previsto para a segunda avaliación, xa que enlaza directamente co tema dos dereitos humanos (Bloque 2), consistindo esto na compactación con estándares do Bloque 1 (a dignidade da persoa).

EXEMPLOS DE EJERCICIOS DE AVALIACIÓN COMPACTADA DE ESTÁNDARES
- Vídeo sobre Fake News e a súa elaboración
- Disertación sobre Posverdade, creación de “verdades” e “mitos”
- Putnam e os cerebros en cubetas (Matrix)



Segunda avaliación (3+11 estándares de) 28.57% redondeo a 30%

Tendo en conta que o núcleo central é **Bloque 4. A xustiza e a política**, nesta avaliación compacta fundamentalmente, e seguindo coa temática xurdida das reflexión de fragmentos de “Matrix”, co **Bloque 3. A reflexión ética**

Valores éticos. 4º de ESO				
Bloque 3. A reflexión ética				
Contidos	Estándares de aprendizaxe / 8	Tempo- ralización 12 sesións	Criterios de avaliación 4 (contidos mínimos en negra)	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
B3.1. Importancia e valor da reflexión ética como defensa dos DDHH . B3.2. Novos campos da ética aplicada: profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.	VEB3.1.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante o perigo que poden representar entes posuidores de grandes intereses políticos e económicos e grupos violentos, que teñen ao seu alcance armamento de grande alcance científico e tecnolóxico, capaces de pór en grande risco os dereitos fundamentais da persoa.		- B3.1. Recoñecer que a necesidade dunha regulación ética é fundamental no mundo actual co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos.	CSC, CMCCT, CSIEE II. III. IV. VI. XII. XVII.
	VEB3.1.2. Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a ética (profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.).			
	VEB3.2.1. Describe e avalía as circunstancias que no momento actual o/a rodean, identificando as limitacións e as oportunidades que se lle formulan desde as perspectivas social, laboral, educativa, económica, familiar, afectiva, etc., co obxecto de deseñar, a partir delas, o seu proxecto de vida persoal, determinando libremente os valores éticos que deben guialo/a.			
	VEB3.3.1. Define os elementos distintivos das éticas formais e compáraos cos relativos ás éticas materiais.			
	VEB3.3.2. Explica as características da ética kantiana (formal, universal e racional), así como a importancia da súa achega á ética universal.			
	VEB3.3.3. Aprecia, na ética kantiana, o seu fundamento na autonomía da persoa como valor ético esencial e a súa manifestación no imperativo			



Poderían enumerarse un sen fin de instrumentos, pero **so se darán indicacións moi xerais acerca dos instrumentos máis comúns a todos os contextos nos que se aplica a avaliación por competencias. Utilizaranse os procedementos e instrumentos de avaliación que se consideren apropiados para cada estándar ou grupo de estándares**, tomando como orientativos os exemplos deles que, para maior claridade, se ofrecen **nas seguintes táboas**. Consideramos que o importante e o resultado final e non tanto prefixar dun xeito ríxido con que instrumento se va avaliar cada concepto ou contido, xa que **o devir da dinámica da clase (que non se pode prever**, obviamente, nunha programación xeral) con toda a súa variedade e diversidade lle indicará mellor ó profesorado que resulta **máis motivador** para o alumnado no proceso de ensino- aprendizaxe (algo que expresamente é **mencionado na LOMCE**).

Dado que as **competencias non poden ser observadas directamente** e só podemos inferir se un alumno as ten adquirido a través do desempeño, faise necesario **dispoñer de diferentes procedementos e instrumentos de avaliación**. Como os que se presentan a continuación. Para **seleccionar os procedementos e instrumentos de avaliación que se empregarán en cada caso**, teranse en **conta as competencias ligadas** a cada estándar de aprendizaxe ou a cada **grupo de estándares**. A **elección** dos procedementos está en **relación co carácter da competencia** que se vai avaliar, ao **contexto** (o número de alumnado do que estea composto o grupo-clase, a diversidade nesa composición, a actitude ante o proceso de aprendizaxe, etc.) e aos **medios dispoñibles**, entre outros factores.

Táboa de referencias		
Ref.	Competencia	Procedementos e instrumentos de avaliación
I.	CCL, CD, CAA	Construción dunha breve reflexión, oral e/ou escrita, sobre un dos temas da materia, a partires de diferentes fontes de información (diccionario, enciclopedia, internet, periódicos, etc.)
II	CCL, CAA, CSC	Análise de fragmentos de texto, vídeo, audio, fotografía nota de prensa,
III	CCL, CAA, CSC CSIEE, CCEC	Responder a cuestionarios que plantexan preguntas reflexivas.
IV	CCL, CSC	Exercicios sobre lecturas guiadas.
V.	CCL	Exercicios tipo test, verdadeiro/falso ou de recheo de espazos baleiros.
VI	CCL, CD, CAA	Realización de esquemas
VII	CCL, CD, CAA	Construción de mapas conceptuais
VII I.	CSC, CAA, CSIEE, CCEC	Abordaxe de dilemas éticos / estudio de casos
IX	CSIEE, CSC, CAA, CCEC	Participación en debate e posta en común / aprendizaxe baseado en problemas
X.	CD, CSC, CMCCT, CSIEE, CCEC	Realización de infografías, carteis, dípticos, etc. de tipo informativo-explicativo
XI	CSIEE, CSC, CAA, CCEC, CCL	Observación das actividades desenvolvidas en clase



XII	CSIEE, CSC, CAA, CCEC	Exploración por medio de preguntas formuladas polo profesorado
XII I.	CSC, CAA, CCEC	Revisión de cadernos de clase e/ou fichas
XI V.	CCL, CD, CAA	Portfolio
XV.	CSC, CAA, CCEC, CCL	Elaboración de mapas mentais
XV I.	CAA, CCL	Lista de cotexo
XV II.	CSC, CAA, CCL	Escala de valores
XV III.	CSC, CAA, CSIEE, CCEC	Rexistro anecdotario
XI X.	CCL, CAA, CSC, CSIEE, CCEC	Exposición
XX.	CCL, CSC, CMCCT, CD, CSIEE, CCEC	Rúbrica

Algunhas aclaracións sobre os instrumentos e procedementos de avaliación enumerados na anterior táboa:

Os instrumentos / procedementos referenciados como I. (Construción dunha breve reflexión, oral e/ou escrita, sobre un dos temas da materia, a partires de diferentes fontes de información), II. (Análise de fragmentos de texto, vídeo, audio, fotografía nota de prensa, ou similar) III. (Responder a cuestionarios que plantexan preguntas reflexivas) e serán utilizados con moita frecuencia nas probas e exames estandarizados que se farán, polo xeral, ó final de cada bloque de contido serán utilizados a cotío nas distintas actividades ou no caso de ter que realizar unha proba escrita. O instrumento / procedemento referenciado como IV. (Exercicios sobre lecturas guiadas) será un dos instrumentos centrais para acadar o obxectivo de ler filosóficamente. Tamén o referenciado como XIX. (Exposición), xa que en grande parte, as exposicións xurdirán a partir de traballos colaborativos. Os instrumentos fundamentalmente empregados para a avaliación serán:

XI.: Observación das actividades desenvolvidas en clase) será utilizado constantemente polo profesorado, sería moi reiterativo indicalo en practicamente todos os estándares de aprendizaxe. Avaliarase dacordo coa seguinte escala de valor.

O instrumento / procedemento referenciado como

XIV. Portfolio será o fundamental para avaliar o traballo realizado. Avaliarase mediante unha rúbrica:



4.7. Filosofía. Primeiro de Bacharelato

4.7.1. Introducción

A través da UNESCO, a ONU alenta os seus estados membros a traballar na promoción, no fortalecemento e na extensión da filosofía en todos os niveis do ensino, porque a sociedade democrática, formada por unha pluralidade diversa de persoas e comunidades, proxectos e intereses, demanda un pensamento racional que axude a comprender o mundo complexo que nos rodea e proporcione instrumentos para edificar unha sociedade libre, igual e xusta. A UNESCO considera que a materia de Filosofía, o saber máis antigo de Europa, é a ferramenta adecuada que debe servir a este fin. A filosofía forma unha cidadanía reflexiva, lúcida, participativa, amante das institucións democráticas e con habilidades prácticas na resolución dos problemas específicos das sociedades democráticas avanzadas.

A materia de Filosofía capacita o alumnado para o exercicio do pensamento crítico e independente, co que alcanzar unha mellor comprensión do mundo globalizado e de si mesmo/a. Grazas a esta materia, os alumnos e as alumas adquiren a aptitude de entretecer unha defensa racional e razoable da súa autonomía, da súa dignidade e dos seus dereitos nun contexto en vías de globalización. O pensamento filosófico achega os coñecementos teóricos e as destrezas prácticas para entender, analizar e propor solucións aos desafíos intelectuais e morais do século XXI. Asemade, a materia de Filosofía ofrece os fundamentos conceptuais dos principios e dos valores da paz e da seguridade mundiais: democracia, imperio da lei, dereitos humanos, tolerancia, xustiza, igualdade e liberdade (a UNESCO nomea a Filosofía como "Escola de liberdade" na súa estratexia internacional e no informe de 2007). Os métodos filosóficos achegan enfoques plurais e contrastados que permiten albiscar saídas aos problemas que afectan a convivencia humana. A aprendizaxe do tratamento racional e dialogado destes asuntos disipa o recurso á violencia e á guerra, e fomenta a paz e a seguridade global e local.

En segundo lugar, a materia de Filosofía impulsa no alumnado o valor da indagación e a reflexión argumentada para descubrir prexuízos, xerar claridade respecto aos obxectivos e ao sentido da vida, valorar a calidade dos argumentos, detectar sofismas e falacias, resistir a presión arbitraria dos/das superiores e dos/das pares, atopar puntos de encontro entre posicións diferentes, humanizar as persoas con quen estamos obrigados/as a convivir. É por iso que o tratamento na aula desta materia ten que facer reflexionar ao alumnado sobre as razóns da presenza maioritariamente masculina na produción filosófica desde as súas orixes, ao tempo que debe dar visibilidade ao pensamento filosófico na muller.

A materia de Filosofía axuda a desmontar os argumentos das condutas



baseadas nos valores da dominación e a vontade de poder que provocan crises ecolóxicas, económicas e humanas. A meditación filosófica esperta no alumnado o interese polas demais persoas, estimula a empatía para imaxinar os problemas que lles afectan e crea a capacidade para se emocionar moralmente. Mercé ao autoconhecimento que promove a filosofía, o alumnado pode chegar a recoñecer que a fragilidade, a debilidade e a mortalidade non son aspectos negativos e odiosos da existencia humana, senón ocasións para a axuda mutua, a cooperación e a reciprocidade.

En cuarto lugar, grazas aos modelos diversos de pensamento filosófico, a materia de Filosofía estimula a deliberación sosegada sobre as decisións que rexen a vida cotiá individual e colectiva, e impulsa a tomar iniciativas razoables. Nunha sociedade democrática avanzada, o alumnado debe formarse para aplicar o pensamento crítico á análise de principios económicos e políticos, sopesar teorías sobre a liberdade e a xustiza social, recoñecer a interacción dos fenómenos naturais e sociais, avaliar o impacto ético e social da tecnociencia e gozar con autonomía dos produtos artísticos. A materia de Filosofía proporciona a visión e a comprensión holística necesaria para realizar estas tarefas. O alumnado educado filosoficamente é, daquela, activo, curioso, argumentativo, creativo, comprometido e innovador.

Como se ve, a Filosofía como materia potencia o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, por estar estreitamente vinculadas coa finalidade última de todo o seu proxecto. Pero nesa consecución precisa acudir á competencia en comunicación lingüística, que lle permite ao alumnado tanto a exposición dun pensamento rigoroso e claro como o diálogo frutífero coas demais persoas. A competencia de aprender a aprender maniféstase na obriga intrínseca do facer filosófico de xerar marcos de sentido cada vez máis complexos, globais e enriquecedores que nos permitan tratar cunha realidade plástica, multifacética e omniabarcante, realidade que provoca en nós a moi humana sensación de admiración. E nesa sensación, a Filosofía non está soa, xa que a matemática e a ciencia se nutren da mesma fonte, e a competencia neses saberes cobra máis luz cando se examinan desde o saber que na orixe foi un con eles. Pero non chega a admiración. Con ela aparece a curiosidade que só se satisfai cando polo sentido de iniciativa e o espírito emprendedor nos animamos á acción, á creación e á innovación. O mesmo saber require atrevemento, ousadía, iniciativa, como nos lembra Kant. A competencia dixital capacita os alumnos e as alumnas para o uso das novas tecnoloxías que serven para traballar coa materia mesma da razón, o sentido, que se presenta baixo as dúas facetas da información e a comunicación. O percorrido da filosofía polos seus temas e pola súa historia brinda acceso, ao cabo, a un panorama de teorías, pensadores/as, correntes, ideas, argumentos, críticas e preguntas que conforman a trama onde se viñeron tecendo as expresións culturais que nos fan ser o que somos.



Tamén se abordan no currículo de Filosofía varios dos elementos transversais de etapa, os que atinxen basicamente ao espírito emprendedor e ao estudo dos proxectos empresariais, e á influencia que poden ter neles as achegas das ramas da filosofía.

Na materia de Filosofía, todas estas esixencias están aglutinadas en varios bloques temáticos: a especificidade do saber filosófico, o coñecemento humano, a pregunta pola realidade, a condición humana e a racionalidade práctica. A través destes bloques o alumnado coñecerá os interrogantes, os conceptos, as formulacións e as respostas da filosofía aos grandes problemas do saber, o coñecemento, a ciencia, a realidade, a natureza, o ser humano, a acción, a arte, o discurso e a innovación. Os contidos relacionados coa epistemoloxía, a filosofía da ciencia e da natureza, e a metafísica permiten afondar no coñecemento que o alumnado ten do seu contorno e da súa relación con el. O alumnado desenvolve a competencia para interpretar sucesos, avaliar o seu impacto, localizar as súas causas, anticipar e prever as consecuencias, analizar os factores capaces de transformar a realidade. Así mesmo, invitan o alumnado a exercer o pensamento metódico (na ciencia, na ontoloxía e na metafísica) con rigor e precisión. Os contidos de antropoloxía, ética e filosofía política dan luz sobre a realidade individual, social e cultural; estimulan a autoconsciencia e o autoconhecimento, espertan a capacidade de argumentación moral e política, desenvolven a conciencia normativa e a empatía moral, fomentan o respecto polos dereitos humanos, invitan á participación activa na vida democrática. Os contidos de filosofía da linguaxe, lóxica, retórica e argumentación serven para educar a interpretación, a expresión, a formulación e a exposición do propio pensamento e do alleo en contextos comunicativos variados (deliberación, negociación, investigación, diálogo, controversia, discusión crítica e conversa informal), empregando con eficacia o razoamento lóxico e respectando as máximas que rexen a conduta racional comunicativa. Os contidos de estética proxectan o alumnado a comprender, apreciar e valorar con espírito crítico reflexivo, actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas. A finalidade é apropiarse criticamente dun conxunto de criterios estéticos para estimar o valor da produción cultural e artística e, chegado o caso, producir obras artísticas innovadoras con contido filosófico.

Tanto estes contidos curriculares coma o tratamento das competencias clave e dos elementos transversais invitan o profesorado da materia a emprender unha renovación metodolóxica na que os alumnos e as alumnas sexan quen de ocupar o papel activo fundamental que lles corresponde nos procesos de ensino e aprendizaxe: o de persoas autónomas e críticas, sociais e racionais, creativas e prudentes, donas de si e respectuosas coas demais persoas, sabias e felices. O tipo de persoa que a mellor filosofía nos presenta, desde sempre, como ideal humano.



4.7.2. Aclaracións sobre a temporalización, o grao mínimo de consecución para superar a materia, as competencias clave e os procedementos e instrumentos de avaliación.

TEMPORALIZACIÓN

Calendario escolar

1. Período Lectivo

Primeiro trimestre: do 16 de setembro ao 20 de decembro

Segundo trimestre: do 8 de xaneiro ao 3 de abril

Terceiro trimestre: do 14 de abril ao 30 de xuño

2. Interrupción das actividades lectivas:

Nadal: do 23 de decembro de 2009 ao 7 de xaneiro de 2019

Entroido: días 24, 25 e 26 de febreiro de 2019

Semana santa: do 6 ao 13 de abril de 2019

3. Datás de avaliación.

Primeira avaliación: 9, 10 e 11 de decembro

Segunda avaliación: 16, 17 e 18 de marzo

Terceira avaliación: 22, 23 e 24 de xuño

Filosofía: 3 sesións semanais

	1º Aval	2º Aval	3º Aval
setembro	6		
outubro	15		
novembro	12		
decembro	6	3	
xaneiro		12	
febreiro		9	
marzo		6	6
abril			12
maio			12



	xuño		6
Total sesións/período:	39	30	36
Total sesións/curso:	105		

O cálculo realizado a patires do calendario escolar do ano académico 2018-19 para unha materia con tres sesións semanais, é de **102 horas lectivas**. A temporalización preséntase contando coa **totalidade das 102 sesións**, pero a experiencia aconsella prever que entre un 10% e un 15% das sesións non se empregan para traballar directamente os estándares, senón **para distintos tipos de probas e revisión dos resultados destas** e algunha actividade complementaria (sen contemplar imprevistos como ausencia da profesora, folga, quedarían 82 sesións para **81 estándares de aprendizaxe**. Todo isto supoñendo que ningún imprevisto vai restar ningunha sesión. Quedaría un estándar por sesión, pero non todos os estándares teñen a mesma relevancia para o traballo filosófico, nin para a formación do alumnado, nin a mesma complexidade, como se pode comprobar comparando os seguintes. É doado apreciar a diferenza entre estándares des te tipo: " FIB1.2.1. **Argumenta e razoa** as súas **opinión** de **forma oral e escrita**, con **claridade e coherencia**, e demostrando un esforzo creativo e educativo na valoración persoal dos problemas filosóficos analizados" " FIB1.5.1. Realiza **pequenos ensaios**, argumentando as súas opinións de xeito razoado, no que pretenda **dar sentido a algún conxunto de experiencias**" sentido, necesidade e historia" e estándares como estes: B2.2. **Saber racional**. Explicación prerracional: mito e maxia. Explicación racional: razón e sentidos" e " B2.4. **Disciplinas** teórico-prácticas do saber filosófico".

Para **fixar os procedementos e instrumentos de avaliación** teranse en conta as competencias ligadas a cada estándar de aprendizaxe ou a **cada grupo de estándares**. Temos que reparar en que **as competencias non poden ser observadas directamente** e só a través do desempeño podemos inferir se un alumno as ten adquirido, por iso se fai necesario dispoñer de **diferentes procedementos e instrumentos de avaliación**. Ademais avaliar distintas formas de aprender, require tamén aplicar distintas formas de avaliar e unha ampla variedade de instrumentos. A **elección** dos procedementos está en **relación** co **carácter da competencia** que se vai avaliar, ao **contexto** (o número de alumnado do que estea composto o grupo-clase, a diversidade nesa composición, a actitude ante o proceso de aprendizaxe, etc.) e aos **medios dispoñibles**, entre outros factores. A este respecto é necesario sinalar a falta de postos informáticos



para cada alumna ou alumno debido a alta ocupación das dúas aulas de informática do centro, co cal, o tratamento da competencia dixital terá que sustanciarse na casa (no caso de que o alumnado teña posibilidades), nos recreos na biblioteca (facéndolles perder o seu rato de lecer) ou por aprendizaxe vicario ó ver ó profesorado manexar as distintas ferramentas TIC, sempre que a rede do centro o permita, no que se refire a internet.

Poderían enumerarse un sen fin de instrumentos, pero **so se darán indicacións moi xerais acerca dos instrumentos máis comúns a todos os contextos nos que se aplica a avaliación por competencias. Utilizaranse** os procedementos e instrumentos de avaliación que **se consideren apropiados para** cada estándar ou **grupo de estándares**, tomando como orientativos os exemplos deles que, para maior claridade, se ofrecen **nas seguintes táboas**. Consideramos que o importante é o resultado final e non tanto prefixar dun xeito ríxido con que instrumento se va avaliar cada concepto ou contido, xa que **o devir da dinámica da clase** (que **non se pode prever**, obviamente, nunha programación xeral) con toda a súa variedade e diversidade lle indicará mellor ó profesorado que resulta **máis motivador** para o alumnado no proceso de ensino- aprendizaxe (algo que expresamente é **mencionado na LOMCE**).

Os estándares de aprendizaxe correspondentes ó bloque 1 non se computan na temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación, xa que quedan integrados plenamente no resto dos bloques, en tanto contidos transversais.

As clases utilizadas para probas, recuperacións e análises dos resultados das probas compútanse dentro do bloque, aínda que, obviamente, terán lugar durante a impartición do seguinte bloque. O resultado temporal será que ó final de cada bloque compensaranse as clases utilizadas entre impartición de estándares e probas.

A temporalización queda establecida non sempre en función de estándares concretos, senón de grupos de estándares, ás veces procedentes de bloques temáticos diferentes, que compoñen unha unidade temática. Traballarase a totalidade dos estándares, combinándoos en relación con determinados contidos e en función do grao de complexidade, Para elo deseñáronse cinco unidades temáticas. A primeira delas **Bloque 2: O saber filosófico** serve como contextualización e o fío condutor das seguintes son as preguntas kantianas:



Que podo coñecer? Bloque 3. O coñecemento; Que debo facer? Bloque 6. A racionalidade práctica: ética y política; Que me cabe esperar? Bloque 4. A realidade; e Que é o home? Bloque 5. O ser humano dende a filosofía. O Bloque 1. Contidos transversais, traballarase ao longo de todo o curso. Os estándares do Bloque 6, correspondentes aos contidos B6.27, B6.29 y B6.30, que son en certo modo transversais, traballaranse porén nunha unidade titulada "Lóxica, Retórica e Argumentación" na que se aborda a lóxica formal e informal.

Resumo temporalización:

Primeiro trimestre : 39 sesións

Bloque 2: O saber filosófico máis estándares correspondentes aos contidos B 3.8, B3.9, B 3.10 e B 3.11: **(21 sesións)**

Bloque 5. O ser humano dende a filosofía máis estándares correspondentes aos contidos: B4.5.2 e B 6.19 **(18 sesións)**

Segundo trimestre : 30 sesións

Bloque 6. A racionalidade práctica: ética y política (15 sesións)

Estándares correspondentes aos contidos: B6.24. Relación da arte coa ética, co coñecemento e coa técnica) Nos centramos en la ética y política: B. 2.5; B 6.2.; B 6.3; B. 6.4; B6.5; B6.6.; B 6.7; B 6.8; B 6.9; B6.10; B6.11; B 6.12; B 6.13; B 6.14; B 6.15; B 6.16; B 6.17; B 6.18, B 6.21; B 6.22; B 6.23; B 6.24 y B 6.25

Bloque 3. O coñecemento, excepto estándares traballados co Bloque 2 **(15 sesións)**

Terceiro trimestre : 36 sesións

Bloque 6. Retórica argumentación y lóxica. Estándares correspondentes aos contidos **B6. 27, B6.29, B6.30, B6.31 y B6.32 (20 sesións)**

Bloque 4. A realidade e estándares correspondentes aos contidos B. 6.33; B 6.37; B 6.38; B39; B 40 **(16 sesións).**

Dado que as indicacións fixéronse a partires dos contidos, sen



especificar os estándares, ofrécese a continuación a táboa coa correspondencia precisa entre contidos, estándares (especificando en letra negra o grao mínimo de consecución), así como os instrumentos que se poden empregar para a súa avaliación, referenciados anteriormente.

Filosofía 1 BAC				
Bloque 1. Contidos transversais				
Ob- xec- ti- vos	Contidos	Estándares de aprendizaxe / 4 / contidos presentes en todo o curso (contidos mínimos en negra)	Grao mínimo de consecución para superar a materia 5	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
b d e m	B1.1. Textos filosóficos e pertencentes a outras ramas do saber relacionados coas temáticas filosóficas estudadas.	FIB1.1.1. Analiza de xeito crítico textos pertencentes a pensadores/as destacados/as, identifica a problemática e as solucións expostas (distinguindo as teses principais e a orde da argumentación) e relaciona os problemas propostos nos textos co estudado na unidade, e/ou co achegado por outros/as filósofos/as ou correntes, e/ou con saberes distintos da filosofía.	- B1.1. Fai unha análise crítica dos textos filosóficos , identificando a idea ou ideas centrais, os fíos argumentais e relacionando estes elementos con outros doutros autores ou temáticas.	CA A II. III. IV. XX.
b d e	B1.2. Composición escrita de argumentos de reflexión filosófica e de discursos orais, manexando as regras básicas da retórica e a argumentación.	FIB1.2.1. Argumenta e razoa as súas opinión de forma oral e escrita , con claridade e coherencia , e demostrando un esforzo creativo e educativo na valoración persoal dos problemas filosóficos analizados.	- B1.2. É quen de facer pequenas composicións filosóficas escritas e orais , construíndoas a partir de algunhas das regras básicas de argumentación e retórica.	CCL, CSC I. III. IV. XI X. XX .
b d e g	B1.3. Uso dos procedementos de traballo intelectual (incluíndo os das tecnoloxías da información e da comunicación) adecuados á filosofía, en especial a asimilación e o uso rigoroso do léxico relacionado cos temas filosóficos	FIB1.3.1. Selecciona e sistematiza información obtida tanto de libros específicos como de internet, usando as posibilidades das novas tecnoloxías para consolidar e ampliar a información.	- B1.3. Sintetiza dun xeito adecuado información , sobre temáticas filosóficas, obtida de polo menos tres fontes diferentes.	CD, CSC VIII. IX. XI V. XX .



Filosofía 1 BAC				
Bloque 1. Contidos transversais				
d e g	B1.3. Uso dos procedementos de traballo intelectual (incluíndo os das tecnoloxías da información e da comunicación) adecuados á filosofía, en especial a asimilación e o uso rigoroso do léxico relacionado cos temas filosóficos estudados.	FIB1.4.1. Elabora con rigor esquemas, mapas conceptuais, táboas cronolóxicas, etc. , amosando a comprensión dos eixes conceptuais estudados.	- B1.4. Constrúe pequenos mapas conceptuais, esquemas, táboas cronolóxicas, etc. , de tal xeito que resulten rigorosos e claros.	CA A VI. VII . X. XX.



Filosofía 1 BAC					
Bloque 2. O saber filosófico					
Ob- xec- ti-	Contidos	Estándares de aprendizaxe / 7 (contidos mínimos en negra)	Tempo- raliza- ción 18 sesións	Grao mínimo de consecución para superar a materia 5	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
b d e h	B2.1. Filosofía: sentido, necesidade e historia. B2.2. Saber racional. Explicación prerracional: mito e maxia. Explicación racional: razón e sentidos. B2.3. Funcións e vivencia da filosofía.	FIB2.1.1. Recoñece as preguntas e os problemas que veñen caracterizando a filosofía desde a súa orixe, comparando coa formulación doutros saberes, como o científico ou o teolóxico.	Primeiro trimestre	- B2.1. Comprende o sentido, as función e a vivencia da filosofía - Diferencia entre saber prerracional e racional.	CAA, CCEC, CSC III. VI I. X X.
		FIB2.1.2. Explica a orixe do saber filosófico diferenciándoo dos saberes prerracionais , como o mito ou a maxia.			
d e	B2.4. Disciplinas teórico-prácticas do saber filosófico. B2.5. Racionalidade teórica e práctica.	FIB2.2.1. Identifica , relaciona e distingue as vertentes práctica e teórica do labor filosófico , así como as disciplinas que conforman a filosofía.			
b d e h	B2.6. O saber filosófico a través da súa historia. Características da filosofía.	FIB2.3.1. Recoñece as principais problemáticas filosóficas características de cada etapa cultural europea.	- B2.3. Recoñece os principais problemas filosóficos característicos de cada época da filosofía occidental.	CCEC, CCL II. VI.	



Filosofía 1 BAC					
Bloque 2. O saber filosófico					
Ob- xec- ti-	Contidos	Estándares de aprendizaxe / 7 (contidos mínimos en negra)	Tempo- raliza- ción 21 sesións (con estándares do Bloque 3)	Grao mínimo de consecución para superar a materia 5	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
		FIB2.3.2. Exprésase por escrito as teses fundamentais das correntes filosóficas máis importantes do pensamento occidental.	Primeiro trimestre		
b e g	B1.3. Uso dos procedementos de traballo intelectual (incluíndo os das tecnoloxías da información e da comunicación) adecuados á filosofía, en especial a asimilación e o uso rigoroso do léxico relacionado cos temas filosóficos	FIB2.4.1. Comprende e usa con rigor conceptos filosóficos como razón , sentidos, mito , logos , arché, necesidade, continxencia, causa, existencia, metafísica , lóxica , gnoseoloxía, obxectividade , dogmatismo , criticismo , etc.		- B2.4. É quen de utilizar gran parte dos conceptos incluídos neste estándar de aprendizaxe ó realizar exercicios, facer comentarios de texto, etc. - Contido transversal.	CC L I. XX.
b e l	B1.1. Textos filosóficos e textos pertencentes a outras ramas do saber relacionados coa temática filosófica estudada.	FIB2.5.1. Le e analiza de xeito crítico fragmentos de textos breves e significativos sobre a orixe da explicación racional e acerca das funcións e as características do pensamento filosófico , pertencentes a pensadores/as, que identifiquen as		- B2.5. Analiza, comprende e sintetiza a información contida no texto, dun xeito sinxelo, pero claro. - Contido trasnversal.	CC L I. IX. XI. XX.

Filosofía 1 BAC					
Bloque 3. O coñecemento					
Ob- xec- ti- vos	Contidos	Estándares de aprendizaxe / 11 / (contidos mínimos en negra)	Tempo- ralización 15 sesións Segundo trimestre	Grao mínimo de consecución superar a materia 7	Exemplos de procedementos instrumentos avaliación



d e h	<p>B3.1. Teoría do coñecemento</p> <p>. B3.2. Graos e ferramentas do coñecer: razón, entendemento e sensibilidade.</p> <p>B3.3. Abstracción.</p> <p>B3.4. Problemas implicados no</p>	<p>FIB3.1.1. Identifica e expresa de xeito claro e razoado os elementos e as problemáticas que implica o proceso do coñecemento da realidade, como é o dos seus graos, as súas posibilidades e os seus límites.</p>		<ul style="list-style-type: none"> - B3.1. Comprende en que consiste a Teoría do Coñecemento - Entende os graos de coñecemento, os límites e as posibilidades destes. - Distingue entre coñecemento sensible e coñecemento intelectual. 	<p>CCL, CCEC II. III. XII I. XX .</p>
-------------	---	--	--	--	---



Filosofía 1 BAC					
Bloque 3. O coñecemento					
Ob- xec- ti-	Contidos	Estándares de aprendizaxe / 11 / (contidos mínimos en negra)	Tempo- ralizaci- ón 15 sesións	Grao mínimo de consecución para superar a materia 7	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
	coñecer: posibilidades, límites e intereses; o irracional.	FIB3.2.1. Coñece e explica teorías acerca do coñecemento e a verdade , como son o idealismo, o realismo, o racionalismo, o empirismo, o perspectivismo, o consenso ou o escepticismo, e contrasta semellanzas e diferenzas entre os conceptos clave que manexan.	Segundo trimestre		
d e h g	B3.5. Problema filosófico do coñecemento. B3.6. A verdade como propiedade das cousas. A verdade como propiedade do entendemento: coherencia e adecuación. B3.7. Algúns modelos filosóficos de explicación do coñecemento e o acceso á verdade.	FIB3.2.2. Explica e contrasta criterios e teorías sobre a verdade , tanto no plano metafísico como no gnoseolóxico, usando con rigor termos como gnoseoloxía, razón , sentidos, abstracción, obxectividade, certeza, dúbida , evidencia, escepticismo, autoridade, probabilidade, prexuízo, coherencia, adecuación , consenso, incerteza, interese, irracional, etc. , e construír un glosario de conceptos de xeito colaborativo, usando internet.		- B3.2. Comprende os problemas que implican o concepto de verdade . - Manexa algún modelos filosóficos de explicación e acceso á verdade .	CD, CSC X. XV. XX.
b d e	B1.1. Textos filosóficos e textos pertencentes a outras ramas do saber relacionadas coas temáticas filosóficas estudadas.	FIB3.3.1. Analizar fragmentos de textos breves de Descartes, Hume, Kant, Nietzsche, Ortega y Gasset, Habermas, Popper, Kuhn ou Michel Serres, entre outros.		- B3.3. É quen de localizar en textos breves as problemáticas tratadas neste tema. - Contido transversal .	CC L I. III. XI. XX.
d e h i l	B3.8. Filosofía, ciencia e tecnoloxía. Filosofía da ciencia. B3.9. Obxectivos e instrumentos da ciencia . B3.10. Método	FIB3.4.1. Explica os obxectivos , as funcións e os principais elementos da ciencia , manexando termos como feito, hipótese, lei, teoría ou modelo.		- B3.4. Diferencia, e comprende as relación , entre Filosofía, Ciencia e Tecnoloxía . - Comprende en que consiste o método científico contemporáneo .	CMCC T II. VI I. IX . XX.



hipotético-
dedutivo. B3.11.
**Investigación
científica** na
modernidade e na
época
contemporánea:
des

FIB3.4.2. Constrúe
unha **hipótese
científica, identifica**
os seus **elementos** e
razoa a **orde lóxica
do proceso de
coñecemento.**



Filosofía 1 BAC					
Bloque 3. O coñecemento					
Ob- - xec - ti-	Contidos	Estándares de aprendizaxe / 11 / (contidos mínimos en negra)	Tempo- ralizaci ón 15 sesións Segundo trimestre	Grao mínimo de consecución para superar a materia 7	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
	matemáticas e a técnica como ferramentas de coñecemento e interpretación fundamentais á reformulación dos conceptos clásicos.	FIB3.4.3. Usa con rigor termos epistemolóxicos como indución, hipotético- dedutivo, método, verificación, predición, realismo, causalidade, obxectividade, relatividade, caos e indeterminismo, entre outros.			
d e h i l	B3.12. Técnica e tecnoloxía: saber e praxe.	FIB3.5.1. Extrae conclusiones razoadas sobre a iniquidade humana por transformar e dominar a natureza , pónoa ao servizo do ser humano, así como das consecuencias desta actuación , e participa de debates acerca das implicacións da tecnoloxía na realidade social.		- B3.5. Razoada adecuadamente sobre os problemas prácticos da técnica e a tecnoloxía.	CMCCT, CSC IX. XVI I. XX.
b d l	B3.13. Reflexións filosóficas sobre o desenvolvemento científico e tecnolóxico: o problema da indución B3.14. Visión aristotélica do quefacer científico.	FIB3.6.1. Analiza fragmentos de textos breves e significativos de pensadores como Aristóteles, Popper, Kuhn, B. Russell, A. F. Chalmers ou J. C. Borrón, entre outros.		- B3.6. É quen de localizar en textos breves as problemáticas tratadas neste tema e reflexionar sobre elas.	CMCC T I. II I. X I. XX.
d	B3.15. Relación entre filosofía e ciencia.	FIB3.7.1. Identifica e reflexiona de forma argumentada acerca de problemas comúns aos campos filosófico e científico , como son o problema dos límites e as posibilidades do coñecemento, a cuestión FIB3.7.2. Investiga e selecciona información en internet , procedente de fontes solventes , sobre as problemáticas citadas , e realiza un proxecto de grupo sobre algunha temática que afonde		- B3.7. Reflexiona sobre os problemas comúns , respecto ó coñecemento, aos campos filosófico e científico.	CMCCT, CD, CSC I. VIII.



Filosofía 1 BAC					
Bloque 4. A realidade					
Ob- xec- ti-	Contidos	Estándares de aprendizaxe / 11 (contidos mínimos en negra)	Tempo- raliza- ción 16 sesións Tercei- ro trimes- tre	Grao mínimo de consecución para superar a materia 5	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
d e h	B4.1. A metafísica como explicación teórica da realidade.	FIB4.1.1. Coñece o que é a metafísica e usa a abstracción para comprender os seus contidos e a súa actividade, razoando sobre eles.		- B4.1. Entende en que consisten os principais problemas da Metafísica	CA A I. XX.
d e h	B4.2. Pregunta polo ser como punto de partida da Filosofía. Platón fronte a Aristóteles . B4.3. Interrogación metafísica sobre a verdadeira realidade: problema da aparencia e a realidade . B4.4. Pregunta pola orixe e a estrutura do real. B4.5. Caracterización da realidade: cambio ou permanencia, substancialismo estático fronte ao devir. Esencialismo e existencialismo . B4.6. Necesidade de categorizar racionalmente o real.	FIB4.2.1. Describe as principais interpretacións metafísicas e os problemas que suscita o coñecemento metafísico da realidade . FIB4.2.2. Comprende e utiliza con rigor conceptos metafísicos como ser, sistema metafísico, realidade, aparencia, materia e espírito, unidade, dualidade, multiplicidade, devir, necesidade, continxencia, transcendencia, categoría e abstracción, materialismo, espiritualismo, existencialismo ou esencialismo, entre outros. FIB4.2.3. Realiza unha análise crítica ante teorías metafísicas diverxentes de interpretación da realidade. FIB4.2.4. Analiza e comprende fragmentos de textos breves e significativos sobre as problemáticas metafísicas que presenta a realidade, de pensadores como Platón, Aristóteles, Tomás de Aquino, Descartes, Marx, Nietzsche, etc., comparando e establecendo semellanzas e diferenzas entre os enfoques, e disertando coherentemente sobre as posturas históricas.		- B4.2. Comprende en que consiste o problema do ser . - Distingue entre realidade e aparencia . - Recoñece as distintas posición respecto á concepción do ser .	CCEC, CCL, CAA V. VII · VII I. XII · XV · XX.



d e h i g l	B4.7. Cosmovisións científicas sobre o universo. A filosofía da natureza como admiración filosófica pola	FIB4.3.1. Explica e compara dúas das grandes cosmovisións do Universo: o paradigma organicista aristotélico e o modelo mecanicista newtoniano .		- B4.3. Entende a diferenza existente entre o paradigma organicista e o mecanicista . - Comprende as liñas xerais da interpretación científica actual da realidade .	CMCC T V. X. XV I. XX .
----------------------------	--	--	--	---	---



Filosofía 1 BAC					
Bloque 4. A realidade					
Ob- xec- ti- vos	Contidos	Estándares de aprendizaxe / 11 (contidos mínimos en negra)	Tempo- raliza- ción 16 sesións Terceiro Trimes- tre	Grao mínimo de consecución para superar a materia 5	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
	natureza. B4.8. Paradigma cualitativo organicista: universo aristotélico. B4.9. Universo máquina: visión mecanicista na Modernidade.	FIB4.3.2. Describe os caracteres esenciais das interpretacións relativista e cuántica contemporáneas da realidade , explicando as implicacións filosóficas asociadas a eses caracteres.		- Utiliza con rigor gran parte dos termos técnicos utilizados na explicación dos estándares de aprendizaxe deste apartado.	
	Supostos epistemolóxicos do modelo heliocéntrico: procura das leis universais dun universo infinito. Determinismo, regularidade, conservación, economía e continuidade. B4.10. Visión contemporánea do Universo. B4.11. Reencontro da filosofía e a física na teoría do caos.	FIB4.3.3. Usa con rigor termos epistemolóxicos e científicos como cosmovisión, paradigma, Universo, natureza, finalismo, organicismo, determinismo, orde, causalidade, conservación, principio, mecanicismo, materia, relatividade, cuántica, espazo, tempo, azar, determinismo, indeterminismo, probabilidade, gaia e caos, entre outros.			
d e g h i	B1.3. Uso dos procedementos de traballo intelectual (incluíndo os das tecnoloxías da información e da comunicación) adecuados á filosofía, en especial a asimilación e o uso rigoroso do léxico relacionado coas temáticas filosóficas estudadas.	FIB4.4.1. Elabora esquemas, táboas e/ou mapas conceptuais que comparen os caracteres adxudicados historicamente ao Universo , entendido como totalidade do real, contextualizando historicamente e culturalmente cada cosmovisión e ampliando información mediante internet e/ou fontes bibliográficas.		- B4.4. É capaz de elaborar esquemas, táboas, infografías, etc. sobre os contidos tratados neste bloque. - Contido transversal.	CD I. VII . X. XI V. XV . XX.
d e h i m	B1.1. Textos filosóficos e textos pertencentes a outras ramas do saber relacionados coas temáticas filosóficas estudadas.	FIB4.5.1. Analiza textos filosóficos e científicos, clásicos e contemporáneos , que aborden as mesmas problemáticas, e investigar a vixencia das ideas expostas.		- B4.5. É quen de localizar en textos breves as problemáticas tratadas neste tema e reflexionar sobre elas. - Contido transversal.	CMCCT, CAA I. II I. X I. XX.



Filosofía 1 BAC					
Bloque 4. A realidade					
Ob- xec- ti- vos	Contidos	Estándares de aprendizaxe / 11 / (contidos mínimos negraña)		Grao mínimo de consecución superar a materia 5	Exemplos de procedementos instrumentos avaliación
		FIB4.5.2. Reflexiona sobre as implicacións filosóficas que afectan a visión do ser humano en cada cosmovisión filosófico-científica estudada, e argumenta as súas propias ideas de xeito razoado e creativo.	Compactado con Bloque 5. O ser humano dende a filosofía		

Filosofía 1 BAC					
Bloque 5. O ser humano desde a filosofía					
Ob- xec- ti- vos	Contidos	Estándares de aprendizaxe / 14 (contidos mínimos en negraña)	Tempo- raliza- ción 21 sesións Primei- ro Trimes- tre	Grao mínimo de consecución para superar a materia 8	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
b c d e	B5.1. A reflexión filosófica sobre o ser humano e o sentido da existencia: antropoloxía filosófica .	FIB5.1.1. Utilizar con rigor vocabulario específico da temática , como evolución, dialéctica, proceso, progreso, emerxencia, azar, selección natural, apto, reduccionismo, creacionismo, evolución cultural, vitalismo, determinismo xenético, natureza e cultura.		- B5.1. É capaz de utilizar rigorosamente gran parte dos termos técnicos utilizados neste bloque .	CC L I. V. XX.
d e h i	B5.2. Implicacións filosóficas da evolución . Filosofía e bioloxía.	FIB5.2.1. Coñece e explica as consideracións filosóficas implicadas na teoría da evolución , como a consideración dinámica e dialéctica da vida ou o indeterminismo, entre outras. FIB5.2.2. Analiza fragmentos breves e significativos de E. Morin, K. Popper, R. Dawkins, J. Mosterín, A. Gehlen, M. Harris ou M. Ponty, entre outros.		- B5.2. Decátase das implicacións filosóficas da teoría da evolución . - É quen de localizar en textos breves as problemáticas tratadas neste tema e reflexionar sobre elas.	CMCCT, CCEC I. II I. I X. XI. XX.



Filosofía 1 BAC					
Bloque 5. O ser humano desde a filosofía					
Ob- xec- - ti-	Contidos	Estándares de aprendizaxe / 14 (contidos mínimos en negra)	Tempo- raliza- ción 18 sesións Primei- ro Trimes- tre	Grao mínimo de consecución para superar a materia 8	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
d e g h i l	B5.3. A dialéctica natureza-cultura no proceso de antropoxénese e de construción da identidade propia humana.	FIB5.3.1. Identifica e expón en que consiste o compoñente natural innato do ser humano , e a súa relación cos elementos culturais que xorden nos procesos de antropoxénese e humanización , dando lugar á identidade propia do ser humano. FIB5.3.2. Diserta sobre o ser humano en tanto que resultado da dialéctica evolutiva entre o xeneticamente innato e o culturalmente adquirido , condición para a innovación e a capacidade creativa que caracterizan a nosa especie. FIB5.3.3. Localiza información en internet acerca das investigacións actuais sobre a evolución humana , e reflicte a información seleccionada e sistematizada de xeito colaborativo.		- B5.3. Identifica (utilizando diferentes fontes de información) os compoñentes natural e cultural do ser humano , sendo capaz de comprender as implicacións que estes teñen para á especie e o individuo.	CCEC, CSC, CSIEE CCEC, CD I. II . II I. I X. XX.
a b c e h	B1.2. Composición escrita de argumentos de reflexión filosófica e de discursos orais, manexando as regras básicas da retórica e a argumentación.	FIB5.4.1. Argumenta con coherencia, baseándose nos datos obxectivos aprendidos, sobre as implicacións de adoptar prexuízos etnocéntricos para xulgar os seres humanos e as culturas.		- B5.4. É capaz de construír argumentos sobre as consecuencias dos prexuízos etnocéntricos . - Contido transversal.	CSC I. VIII . XVI I. XX.
b c d e	B5.4. Visión grega . Heroe homérico: concepto socrático. Dualismo	FIB5.5.1. Contrasta e relaciona as principais concepcións filosóficas que se viñeron dando historicamente sobre o ser humano .		- B5.5. Recoñece as liñas principais, e definitorias, das diferentes concepcións sobre o ser humano que se teñen dado durante a historia .	CCEC, CCL I. II . II I.



h	platónico. Animal racional e político aristotélico. Materialismo e	FIB5.5.2. Analiza de xeito crítico textos significativos e breves dos grandes	-	Utiliza con rigor termos técnicos explicados neste bloque temático.	XVI II. XX.
---	---	--	---	--	-------------------



Filosofía 1 BAC					
Bloque 5. O ser humano desde a filosofía					
Ob- xec- ti-	Contidos	Estándares de aprendizaxe / 14 (contidos mínimos en negra)	Tempo- raliza- ción 18 sesións Primei- ro Trimes- tre	Grao mínimo de consecución para superar a materia 8	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
	<p>medieval: creación á imaxe divina; nova concepción do corpo e a alma, da morte e da liberdade. B5.6.</p> <p>Renacemento: antropocentrismo e humanismo. B5.7.</p> <p>Modernidade e século XIX: razón, emocións e liberdade. B5.8. O ser humano na filosofía contemporánea.</p>	<p>FIB5.5.3. Usa con rigor termos como dualismo e monismo antropolóxico, areté, mente, corpo, espírito, creacionismo, antropocentrismo, teocentrismo, alma, humanismo, persoa, dignidade, sentido, estado de natureza, estado de civilización, existencia, liberdade, emoción, paixón, determinismo, alienación, nihilismo, existencia, inconsciente, morte, historia ou transcendencia, entre outros.</p>			
b e h	B5.9. Visións filosóficas orientais: budismo, taoísmo e hinduísmo.	FIB5.6.1. Contrasta e relaciona as principais concepcións filosóficas que se viñeron dando historicamente no contexto da filosofía occidental sobre o ser humano, coa visión filosófica oriental , o budismo, o taoísmo e o hinduísmo.		- B5.6. Localiza as principais liñas rectoras das concepcións filosóficas orientais e é capaz de comparalas coas occidentais.	CCE C V. XII. XX.
b d e h	B5.10. Algunhas claves sobre o sentido da existencia humana. B5.11. Cuestión do sentido, a esencia e a existencia, o eu, a liberdade, a morte, o destino, o azar, a historia e a necesidade de transcendencia.	FIB5.7.1. Diserta , de xeito oral e escrito, sobre as grandes cuestións metafísicas que lle dan sentido á existencia humana. FIB5.7.2. Argumenta e razoa , de xeito oral e escrito, acerca dos puntos de vista propios sobre o ser humano, desde a filosofía e sobre diferentes temáticas filosóficas relacionadas co sentido da existencia humana.		- B5.7. Argumenta e diserta (de xeito escrito ou oral) sobre o a pregunta , e as súas implicacións, sobre o sentido da existencia humana.	CC L I. III. IX. XX.



Filosofía 1 BAC					
Bloque 5. O ser humano desde a filosofía					
Ob- xec- ti-	Contidos	Estándares de aprendizaxe / 14 / (contidos mínimos en negra)	Tempo- raliza- ción 18 sesións Primei- ro Trimes- tre	Grao mínimo de consecución para superar a materia 8	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
b c d e h	B5.12. Reflexión filosófica sobre o corpo . B5.13. Teorías filosóficas sobre a relación entre mente e corpo .	FIB5.8.1. Coñece as teorías filosóficas da relación entre mente e corpo (monismo, dualismo e emerxentismo), e argumenta sobre esas teorías comparando semellanzas e diferenzas, de forma colaborativa.		- B5.8. Identifica as principais teorías da relación corpo-mente .	CMCC T VIII. XVI. XX.

Filosofía 1 BAC					
Bloque 6. A racionalidade práctica					
Ob- xec- ti- vos	Contidos	Estándares de aprendizaxe / 18 (contidos mínimos en negra)	Tempo- raliza- ción 15 sesións Segundo Trimestre	Grao mínimo de consecución superar a materia 23	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
a b c d e h	B2.5. Racionalidade teórica e práctica . B6.1. Orixe da ética occidental: Sócrates fronte aos sofistas .	FIB6.1.1. Recoñece a función da racionalidade práctica para dirixir a acción humana , aínda recoñecendo os seus vínculos ineludibles coa razón teórica e a intelixencia emocional. FIB6.1.2. Explica a orixe da ética occidental no pensamento grego, contrastando, de forma razoada, a concepción socrática coa dos sofistas		- B6.1. Comprende o que é a racionalidade práctica e os seus vínculos coa racionalidade teórica e a intelixencia emocional . - Comprende como se iniciou a ética occidental a partir dos problemas tratados por Sócrates e os sofistas .	CSC, CCEC XII XVI I. XX.
a b c d	B6.2. A ética como reflexión sobre a acción moral : carácter, conciencia e madurez moral.	FIB6.2.1. Explica e razoa acerca do obxecto e a función da ética .		- B6.2. Sabe definir o que é a Ética .	CS C I. XX.



a	B6.3. Principais teorías sobre a moral humana.	FIB6.3.1. Expresa de xeito crítico as argumentacións das principais teorías éticas sobre a felicidade e a virtude , razoando as súas propias ideas, e achega exemplos do seu cumprimento e do seu incumprimento.	- B6.3. Diferencia entre as teorías éticas e é quen de analízalas comparativa e criticamente.	CSIEE, CSC, CSIEE, CCL
b			- É quen de localizar en textos breves as problemáticas tratadas neste tema e reflexionar sobre elas.	I. II
c	B6.4. Procura da felicidade.		- Usa rigorosamente gran parte	I. X XV
d	B6.5. A boa vontade : Kant.			. XI
e	B6.6. A xustiza como virtude ético-política.			X. XX
h				



Filosofía 1 BAC					
Bloque 6. A racionalidade práctica					
Ob- xec- - ti-	Contidos	Estándares de aprendizaxe / 38 (contidos mínimos en negra)	Tempo- raliza- ción 15 sesións Segundo Trimestre	Grao mínimo de consecución para superar a materia 23	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
	B6.7. Relativismo e universalismo moral.	<p>FIB6.3.2. Exprés de maneira crítica as argumentacións das principais teorías éticas sobre a xustiza, razoando as súas propias ideas, e achega exemplos do seu cumprimento e do seu incumprimento.</p> <p>FIB6.3.3. Analiza textos breves dalgúns dos filósofos representantes das principais teorizacións éticas e sobre o desenvolvemento psicolóxico moral do individuo.</p> <p>FIB6.3.4. Usa con rigor termos como ética, moral, acción moral, autonomía, responsabilidade, convención moral, madurez moral, virtude moral, subxectivismo, relativismo e universalismo moral, utilitarismo, deber moral, ética de máximos, ética de mínimos, consenso, xustiza, eudemonismo, hedonismo e emotivismo.</p>		dos termos técnicos utilizados na explicación das teorías éticas.	
a b c d e h	B6.8. Fundamentos filosóficos do Estado . B6.9. Principais interrogantes da filosofía política .	FIB6.4.1. Identifica a función , as características e os principais interrogantes da filosofía política .		<ul style="list-style-type: none"> - B6.4. Comprende cales son os principais interrogantes da filosofía política. - Usa rigorosamente os termos técnicos utilizados respecto a este tema. 	CSC, CCL I. XVI I. XX.



	<p>FIB6.4.2. Utiliza con rigor conceptos como democracia, Estado, xustiza, dereito, dereitos naturais, Estado democrático e de dereito, legalidade, lexitimidade, convención, contractualismo, alienación, ideoloxía, utopía, entre outros conceptos clave da filosofía política.</p>			
--	--	--	--	--



Filosofía 1 BAC					
Bloque 6. A racionalidade práctica					
Ob- xec- ti-	Contidos	Estándares de aprendizaxe / 38 / 18 semanas (contidos mínimos en semanas)	Tempo- raliza- ción 15 sesións Segundo Trimestre	Grao mínimo de consecución para superar a materia 23	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
<p>B4.1. Teorías da aprendizaxe: condicionamento clásico; aprendizaxe por ensaio-erro; condicionamento instrumental; teoría cognitiva; aprendizaxe social.</p> <p>B4.2. Técnicas de condicionamento na publicidade.</p> <p>B4.3. Factores que inflúen na aprendizaxe: coñecementos previos adquiridos, capacidades, personalidade, estilos cognitivos, motivación, actitudes e valores.</p>	<p>PSB4.1.1. Utiliza a súa iniciativa persoal para confeccionar, utilizando medios informáticos, un cadro comparativo das teorías da aprendizaxe: condicionamento clásico (Pavlov e Watson); aprendizaxe por ensaio-erro (Thorndike); condicionamento instrumental (Skinner); teoría cognitiva (Piaget); Gestalt (Khöler); aprendizaxe social ou vicaria (Bandura), etc.</p> <p>PSB4.1.2. Analiza e aprecia os resultados da aplicación das técnicas de condicionamento na publicidade, mediante a localización destas últimas en exemplos de casos concretos, utilizados nos medios de comunicación audiovisual.</p> <p>PSB4.1.3. Describe e valora a importancia dos factores que inflúen na aprendizaxe, como por exemplo os coñecementos previos adquiridos, as capacidades, a personalidade, os estilos cognitivos, a motivación, as actitudes e os valores.</p>	<p>Iniciando na segunda semana de xaneiro de 2019</p> <p>40^a - 47^a</p>	<p>- B4.1. Explica máis da metade das teorías da aprendizaxe presentadas neste bloque. É quen de identificar nelas os elementos fundamentais e comprender cales son as aplicacións sociais que teñen.</p>	<p>CSIEE, CCEC, CD, CCL II. V. VIII. X. XII. XIV. XV. XVIII. XIX. XX.</p>
<p>B4.4. Teorías actuais sobre a intelixencia: teoría factorial de Spearman, multifactorial de Thurstone, e teorías de Cattell, Vernon, Sternberg, Gardner, etc.</p>	<p>PSB4.2.1. Elabora mapas conceptuais dalgunhas das actuais teorías sobre a intelixencia, valorando as achegas que no seu estudo tivo cada unha delas, como por exemplo a teoría factorial de Spearman, a multifactorial de Thurstone e as de Cattell, Vernon, Sternberg, Gardner, etc.</p>	<p>48^a - 51^a</p>	<p>- B4.2. Comprende en que consisten os procesos cognitivos superiores do ser humano, a través dalgunha das teorías presentadas neste bloque temático.</p> <p>- Comprende en que consiste o concepto de CI e a súa medición.</p>	<p>CAA, CSIEE, CD CCEC I. II. III. IV. V. VI. VII. VII.IX. X</p>



Psicoloxía. 2º de bacharelato

Bloque 4. Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento / Unidade 4 do libro de texto

Contidos	Estándares de aprendizaxe (9) - 4 semanas (contidos mínimos en negra)	Temporización 12 sesións	Criterios de avaliación 4	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
B4.5. Fases do desenvolvemento da intelixencia segundo J. Piaget.	PSB4.2.2. Utiliza a súa iniciativa persoal para elaborar un esquema explicativo sobre as fases do desenvolvemento da intelixencia segundo J. Piaget, valorando a importancia das influencias xenéticas e do medio neste proceso.			XI. XIV. XIX. XX.
B4.6. O CI e os problemas da medición da intelixencia.	PSB4.2.3. Investiga , en páxinas de internet , o que é o CI e a escala de Stanford-Binet , que clasifica estes valores desde a deficiencia profunda ata a superdotación, apreciando a obxectividade real dos seus resultados e examinando criticamente algunhas técnicas de medición da intelixencia.			
B4.7. Procesos cognitivos superiores: pensamento, razoamento e creatividade.	PSB4.2.4. Analiza o que é o pensamento , apreciando a validez tanto do razoamento como da creatividade na resolución de problemas e na toma de decisións .			
B4.8. A intelixencia emocional e as súas competencias.	PSB4 3.1. Valora a importancia das teorías de Gardner e Goleman , realizando un esquema das competencias da intelixencia emocional e a súa importancia no éxito persoal e profesional .	52 ^a	- B4.3. Comprende en que consiste a intelixencia emocional e reconece a súa importancia no desenvolvemento psíquico da persoa.	CAA IV. XII.
B4.9. Posibilidades, alcance, límites e perigos da intelixencia artificial.	PSB4.4.1. Avalía , en traballo grupal, as vertentes positivas e negativas das aplicacións da intelixencia artificial , así como os perigos que pode representar pola súa capacidade para o control do ser humano, invadindo a súa intimidade e a súa liberdade.	53 ^a 54 ^a +55 ^a Proba e recuperación (se corresponde) , revisión dos resultados Finalizand o na primeira semana de febreiro de 2019	- B4.4. Reflexiona criticamente sobre as posibilidades e límites da IA , co fin de evitar o trasvase de características entre persoas e máquinas.	CMCCT, CSIEE II. V. VIII.



Psicoloxía. 2º de bacharelato				
Bloque 5. A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade / Unidade 5 do libro de texto				
Contidos	Estándares de aprendizaxe (17) - 6 semanas (contidos mínimos en negra)	Temporización 18 sesións	Criterios de avaliación 5	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
<p>B5.1. Teorías sobre a motivación: homeostática; das necesidades; do incentivo; cognitivas; psicanalíticas; humanistas.</p> <p>B5.2. Causas da frustración. Clasificación dos conflitos de Lewin.</p> <p>B5.3. Alternativas á frustración: agresión, logro indirecto, evasión, depresión ou aceptación.</p> <p>B5.4. Motivación e consecución de logros no ámbito laboral e no educativo.</p>	<p>PSB5.1.1. Utiliza e selecciona información acerca das teorías da motivación (homeostática; das necesidades; do incentivo; cognitivas; psicanalíticas; humanistas), utilizando mapas conceptuais, e elabora conclusións.</p> <p>PSB5.1.2. Recorre á súa iniciativa para realizar unha presentación, con medios informáticos, acerca das causas da frustración, partindo da clasificación dos conflitos de Lewin e valorando as respostas alternativas a esta, como a agresión, o logro indirecto, a evasión, a depresión ou a súa aceptación (tolerancia á frustración).</p> <p>PSB5.1.3. Argumenta, en colaboración grupal, sobre a importancia da motivación no ámbito laboral e educativo, analizando a relación entre motivación e consecución de logros.</p>	<p>Iniciando a mediados de febreiro de 2019</p> <p>56^a - 60^a</p>	<ul style="list-style-type: none"> - B5.1. Comprende en que consiste a motivación e algunhas das diferentes teorías que a explican. - Explica en que consiste a clasificación de conflitos de Lewin, como unha maneira de explicar as causas da frustración - Comprende a importancia da motivación para obter logros no ámbito laboral e educativo. 	<p>CAA, CSIEE</p> <p>I. VI. VII. IX. XI. XII. XVII.</p>
<p>B5.5. Teorías da personalidade</p>	<p>PSB5.2.1. Describe, establecendo semellanzas e diferenzas, as teorías da personalidade, como as provenientes da psicanálise, o humanismo, as tipoloxías, o cognitivismo e o condutismo, valorando as achegas que cada unha delas realizou no coñecemento da natureza humana.</p>	<p>61^a - 67^a</p>	<ul style="list-style-type: none"> - B5.2. Comprende o que é a personalidade a partires de algunhas das teorías presentadas neste bloque. - É quen de analizar as influencias xenéticas, ambientais e culturais existentes na personalidade. - Recoñece as fases existentes no desenvolvemento da 	<p>CAA, CSIEE, CMCCT, CCL CSC,</p> <p>I. II. III. IV. V. VI. VII. IX. X XII.</p>



Psicoloxía. 2º de bacharelato

Bloque 5. A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade / Unidade 5 do libro de texto

Contidos	Estándares de aprendizaxe (17) - 6 semanas (contidos mínimos en negra)	Temporización 18 sesións	Criterios de avaliación 5	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
B5.6. Fases do desenvolvemento da personalidade	PSB5.2.2. Recorre á súa iniciativa persoal para realizar unha presentación , a través de medios audiovisuais , sobre as fases do desenvolvemento da personalidade , por exemplo segundo a teoría psicanalista, e elaborar conclusións sobre os cambios que se producen en cada unha delas.		personalidade. - B5.3. Entende que existen diferentes métodos de avaliación da personalidade e que cada un deles ten limitacións.	XIV. XIX. XX.
B5.7. Métodos de avaliación da personalidade e as súas limitacións.	PSB5.2.3. Analiza , valorando críticamente , as limitacións dalgúns métodos e estratexias para a avaliación da personalidade , como son as probas proxectivas (test de Rorschach, TAT, test da frustración de Rosenzweig, etc.), as probas non proxectivas (16 FP, NEO-PI-R e MMPI) e as técnicas fisiolóxicas (tomografías, etc.).		- Comprende a relacións que hai, na estruturación da personalidade, entre identidade e autoestima	
B5.8. Relación entre a conciencia e os procesos inconscientes.	PSB5.2.4. Diserta sobre a complexa relación entre a función da conciencia e os procesos inconscientes , analizando algúns fenómenos inconscientes, como os soños ou a hipnose. PSB5.2.5. Investiga , en traballo grupal, sobre os estados alterados de conciencia provocados polas drogas , valorando críticamente a súa influencia nas alteracións da personalidade, e presenta as súas conclusións de maneira argumentada.			



Psicoloxía. 2º de bacharelato

Bloque 5. A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade / Unidade 5 do libro de texto

Contidos	Estándares de aprendizaxe (17) - 6 semanas (contidos mínimos en negra)	Temporización 18 sesións	Criterios de avaliación 5	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
<p>B5.9. Drogas; alteracións de conciencia e de personalidade.</p> <p>B5.10. Identidade e autoestima.</p>	<p>PSB5. 2.6. Indaga sobre a relación entre identidade e autoestima, valorando criticamente a importancia do concepto de si mesmo/a e as repercusións que iso ten no desenvolvemento persoal e vital.</p>			
<p>B5.11. Perspectivas, modelos de estudo e métodos usados para tratar as psicopatoloxías.</p>	<p>PSB5.3.1. Describe perspectivas e modelos de estudo da psicopatoloxía, e reflexiona sobre os métodos utilizados por cada unha delas.</p>	68 ^a -70 ^a	<p>- B5.3. Entende e reflexiona sobre a complexidade que implica definir o que é un trastorno mental, describindo algúns dos factores</p>	<p>CMCCT, CAA I. II. II. IV. V. VI.</p>



Psicología. 2º de bacharelato

Bloque 5. A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade / Unidade 5 do libro de texto

Contidos	Estándares de aprendizaxe (17) - 6 semanas (contidos mínimos en negra)	Temporización 18 sesións	Criterios de avaliación 5	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
<p>B5.12. Trastornos en relación ás necesidades biolóxicas e ás adiccións.</p> <p>B5.13. Trastornos en relación ás emocións.</p> <p>B5.14. Trastornos en relación a elementos corporais.</p> <p>B5.15. Trastornos en relación á personalidade.</p> <p>B5.16. Trastornos en relación ao desenvolvemento evolutivo.</p>	<p>PSB5.3.2. Utiliza a súa iniciativa persoal para realizar un cadro esquemático, en colaboración grupal e utilizando medios informáticos, acerca das características relativas a algúns tipos de trastornos, por exemplo os asociados ás necesidades biolóxicas e ás adiccións (sexuais, alimentarias, drogodependencias, etc.), ás emocións (ansiedade e depresión), a elementos corporais (psicosomáticos, somatomorfos e disociativos), á personalidade (esquizoide, paranoide, limítrofe, dependente, narcisista, antisocial, etc.), ao desenvolvemento evolutivo (autismo, atraso mental, déficit de atención e hiperactividade, da aprendizaxe, asociados á velez), etc.</p>		<p>xenéticos, ambientais e evolutivos implicados, co fin de comprender as perspectivas psicopatolóxicas e os seus métodos de estudo.</p> <p>- Comprende o difícil que é definir e diagnosticar un trastorno mental, tendo en conta os diferentes factores que poden estar presentes nel.</p> <p>- É capaz de diferenciar algunhas das categorías de trastornos explicadas neste bloque.</p>	<p>VII. IX. X XII. XIV. XIX. XX.</p>
<p>B5.17. Compoñentes hereditarios e aprendidos dos afectos.</p> <p>B5.18. Relación entre emoción e cognición.</p> <p>B5.19. Emocións primarias, secundarias e autoconscientes.</p>	<p>PSB5.4.1. Explica os tipos de afectos (sentimento, emoción e paixón), especificando os seus determinantes hereditarios e aprendidos, e analizando a relación entre emoción e cognición.</p> <p>PSB5.4.2. Describe as emocións primarias (medo, noxo, alegría, tristura, ira, sorpresa, etc.) e secundarias (ansiedade, hostilidade, humor, felicidade, amor, etc.), distinguíndoas das emocións autoconscientes (culpa, vergoña, orgullo, etc.).</p>	69 ^a - 72 ^a	<p>- B5.4. Recoñece os diferentes tipos de afectos e a orixe dalgúns tipos de trastornos emocionais.</p>	<p>CCL, CCL, CSC, CD II. V. VI. X. XII. XIX. XX.</p>



Psicoloxía. 2º de bacharelato

Bloque 5. A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade / Unidade 5 do libro de texto

Contidos	Estándares de aprendizaxe (17) - 6 semanas (contidos mínimos en negra)	Temporización 18 sesións	Criterios de avaliación 5	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
B5.20. Teorías sobre a emoção , como experiencia, como comportamento ou como suceso fisiolóxico. A psicoafectividade e o equilibrio da persoa. B5.21. Trastornos e problemas emocionais .	PSB5.4.3. Realiza un cadro comparativo sobre as teorías sobre a emoción , por exemplo como experiencia, como comportamento ou como suceso fisiolóxico, valorando a importancia da psicoafectividade no equilibrio da persoa. PSB5.4.4. Investiga , a través de internet , algúns trastornos emocionais (indiferenza emocional, dependencia afectiva, trastorno maníaco-depresivo, descontrol emotivo, etc.) e problemas emocionais (medo, fobias, ansiedade, estrés, depresión, etc.), exemplificando a través dalgún soporte audiovisual, e elabora as súas conclusións.			
B5.22. Importancia da afectividade e da sexualidade na maduración da persoa. Psicoloxía da sexualidade. B5.23. Comunicación emocional: linguaxe verbal e non verbal.	PSB5.5.1. Identifica e aprecia a importancia que, no desenvolvemento e na maduración da persoa , teñen a afectividade e a sexualidade , como dimensións esenciais do ser humano, e describe os aspectos fundamentais da psicoloxía da sexualidade : fisioloxía da resposta sexual, conduta sexual, etc.	73 ^a - 74 ^a 75 ^a - 76 ^a Proba e recuperación (se corresponde) , revisión dos resultados Finalizand o a principios de abril de 2019	- B5.5. Coñece a importancia que teñen na maduración da persoa as relacións afectivas e sexuais , analizando dun xeito crítico os seus aspectos fundamentais.	CSC, CCL I. II. VIII. IX. XII.

Psicoloxía. 2º de bacharelato

Bloque 6. Psicoloxía social e das organizacións / Unidade 6 do libro de texto

Contidos	Estándares de aprendizaxe (11) - 4 ou 5 semanas (contidos mínimos en negra)	Temporización 15 sesións?	Criterios de avaliación 3	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
B6.1. Impacto das diferenzas culturais no comportamento o individual: a súa influencia nos esquemas cognitivos, na personalidade e na vida afectiva.	PSB6.1.1. Analiza e valora as diferenzas culturais e o seu impacto no comportamento das persoas ao exercer a súa influencia nos esquemas cognitivos, a personalidade e a vida afectiva do ser humano.	Iniciando a principios de abril de 2019 77 ^a -84 ^a	- B6.1. Entende que o ser humano ten unha dimensión social ineludible e que debido a eso o proceso de socialización é fundamental na constitución da personalidade.	CSC, CD



Psicoloxía. 2º de bacharelato

Bloque 6. Psicoloxía social e das organizacións / Unidade 6 do libro de texto

Contidos	Estándares de aprendizaxe (11) - 4 ou 5 semanas (contidos mínimos en negra)	Temporización 15 sesións?	Criterios de avaliación 3	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
<p>B6.2. Proceso de socialización. Influencia no desenvolvemento persoal dos grupos, os papeis e os status sociais.</p> <p>B6.3. Orixes sociais das actitudes persoais. Influencia en condutas violentas en distintos ámbitos.</p> <p>B6.4. Roles sociais de xénero e as súas consecuencias no pensamento e na conduta do home e da muller</p>	<p>PSB6.1.2. Realiza unha presentación, colaborando en grupo e utilizando medios informáticos, sobre o proceso de socialización humana e a influencia dos grupos, os papeis e os status sociais no desenvolvemento da persoa.</p> <p>PSB6.1.3. Investiga acerca da orixe social das actitudes persoais, valorando a súa utilidade para a predición da conduta humana e a súa influencia en condutas de violencia escolar, laboral, doméstica e de xénero, entre outras.</p>			
<p>B6.5. Procesos psicolóxicos de masas: impulsividade, intolerancia, inconsciencia, falta de perseveranza, volubidade e falta de capacidade crítica.</p> <p>B6.6. Estudo psicolóxico das masas de Gustav Le Bon. Contaxio de sentimentos e emocións, e perda temporal da personalidade individual e consciente da persoa.</p>	<p>PSB6.2.1. Procura e selecciona información en internet acerca das características da conduta do individuo inmerso na masa, tales como impulsividade, intolerancia, inconsciencia, falta de perseveranza, volubidade e falta de capacidade crítica, entre outras.</p> <p>PSB6.2.2. Utiliza e selecciona información acerca do estudo psicolóxico das masas, realizado por Gustav Le Bon, e elabora conclusións acerca do poder da persuasión, o contaxio de sentimentos e emocións que se produce nas masas e os seus efectos na perda temporal da personalidade individual e consciente da persoa.</p>	85 ^a - 89 ^a	<ul style="list-style-type: none"> - B6. 2. Recoñece a importancia dos procesos psicolóxicos das masas, así como a súa natureza, características e as pautas de comportamento que conlevan. - Analiza como esta dinámica pode influír no comportamento das persoas, téndose en conta a sí mesma/o nesa reflexión. 	CD, CSC



Psicología. 2º de bacharelato

Bloque 6. Psicología social e das organizacións / Unidade 6 do libro de texto

Contidos	Estándares de aprendizaxe (11) - 4 ou 5 semanas (contidos mínimos en negra)	Temporización 15 sesións?	Criterios de avaliación 3	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
<p>B6.7. Psicología de Erikson e a súa explicación das condutas radicais e irracionais nalgúns grupos.</p> <p>B6.8. Medidas para prever a conversión das persoas en masa.</p>	<p>PSB6.2.3. Indaga na psicología de Erikson e destaca algunhas das causas psicolóxicas explicativas que sinala acerca dos actos terroristas ou do pensamento radical e irracional que se pon de manifesto en seguidores/as de equipos deportivos, artistas, grupos políticos, relixiosos, etc.</p> <p>PSB6.2.4. Elabora conclusións, en colaboración grupal, e formula pautas de conduta preventivas co fin de evitar que as persoas se convertan en parte da masa, perdendo o control da súa conduta, dos seus pensamentos e dos seus sentimentos.</p>			
<p>B6.9. Aplicación da Psicología no mundo laboral. Recursos humanos: selección de persoal, integración na empresa, e evolución persoal e profesional.</p> <p>B6.10. Aplicación da psicología no mundo laboral. Factores psicolóxicos e desenvolvemento laboral: adaptación, innovación, traballo colaborador, xestión de coñecementos, creatividade, autoestima, proposición de retos, motivación,</p>	<p>PSB6.3.1. Comenta e aprecia a importancia da aplicación da psicología no mundo laboral, en temas tales como os aspectos psicolóxicos que inflúen na produtividade e no desenvolvemento empresarial, a importancia dos métodos e das técnicas psicolóxicas para a selección de persoal segundo os perfís laborais e a resolución de conflitos, etc.</p> <p>PSB6.3.2. Procura e selecciona información sobre recursos humanos: selección de persoal e desenvolvemento de programas profesionais favorecedores da integración do persoal traballador na empresa, e a súa evolución persoal e profesional.</p>	<p>90^a - 93^a</p> <p>94^a - 95^a</p> <p>Proba e recuperación (se corresponde) , revisión dos resultados</p> <p>Finalizando a principios de maio de 2019? (É o primeiro ano en que se adianta a ABAU de setembro a xullo, polo tanto non sabemos como afectará ao calendario de maio)</p>	<p>- B6.3. É quen de describir como se aplica a Psicología ó campo laboral, reflexionado sobre procesos de liderado, xestión de empresas e de traballo, etc.</p>	<p>CSIEE, CSIEE, CCL, CD</p> <p>I. II. III. IV. V. VI. VII. IX. X XII. XIV. XIX. XX.</p>



Psicoloxía. 2º de bacharelato				
Bloque 6. Psicoloxía social e das organizacións / Unidade 6 do libro de texto				
Contidos	Estándares de aprendizaxe (11) - 4 ou 5 semanas (contidos mínimos en negra)	Temporización 15 sesións?	Criterios de avaliación 3	Exemplos de procedementos e instrumentos de avaliación
fomento da participación, autonomía e xeración de ambientes creativos. B6.11. Aplicación da psicoloxía no mundo laboral. Riscos da saúde psicolóxica laboral.	<p>PSB6.3.3. Describe a importancia dos factores psicolóxicos que inflúen no desenvolvemento laboral, como a adaptación, a innovación, o traballo colaborador, a xestión de coñecementos, a creatividade e a autoestima, identificando factores fundamentais, como a proposición de retos, a motivación, o fomento da participación, a autonomía e a xeración de ambientes creativos, mediante exemplos de casos concretos e reflexionando criticamente sobre a súa aplicación en diversos ámbitos de traballo.</p> <p>PSB6.3.4. Investiga, en páxinas de internet, acerca dos principais riscos da saúde laboral, como son o estrés, a ansiedade, o mobbing e a síndrome de Burnout.</p>			

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Segundo ordena o Decreto 86/2015, apartado III, a metodoloxía que se utilizará será, na súa maior parte, a da aprendizaxe por competencias, considerándose estas como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais. En resumo, enténdense como "un saber facer" que se aplica a unha diversidade de contextos educativos, sociais e profesionais.

Esta aprendizaxe caracterízase pola súa interdisciplinariedade e por poder satisfacer unha maior personalización da educación. Tal e como se sinala no decreto o papel do persoal docente é fundamental, pois debe ser quen de deseñar tarefas ou situacións de aprendizaxe que posibiliten a resolución de problemas e a aplicación dos coñecementos aprendidos, xa que os contidos están subordinados á acción.

As situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento incorporarán tarefas que contextualicen as aprendizaxes e que permitan avanzar en



máis dunha competencia ao mesmo tempo. En ocasións as actividades de aprendizaxe integradas poderán incluír elementos curriculares procedentes de distintos bloques. Á súa vez, estes elementos poderán formar parte de diferentes actividades e, co obxecto de mellorar os resultados, esas actividades poderán ter carácter interdisciplinar.

Esta programación terá en conta o sinalado no anexo II da orde ECD/65/2015 do 21 de xaneiro sobre os métodos didácticos a elixir para avaliar cada estándar ou grupo de estándares e para propiciar un aprendizaxe competencial no alumnado.

Os métodos partirán da perspectiva do persoal docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado; ademais, enfocaranse á realización de tarefas ou situacións-problema, plantexadas cun obxectivo concreto, que o alumnado debe resolver facendo un uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores; así mesmo, intentarase ter en conta a atención á diversidade (na medida que o número de alumnado presente na aula e a mesma "cantidade" de diversidade o permita) e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

Buscarase que as metodoloxías que se utilicen se axusten ó nivel competencial do alumnado. Ademais secuenciarase a ensinanza de tal xeito que se parta de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara outros máis complexos.

Partirase dun plantexamento do papel do alumnado como persoa activa e autónoma, consciente de ser a responsable da súa aprendizaxe, para propiciar a motivación e o mantemento desta.

O profesorado intentará xerar curiosidade no alumnado e tamén a necesidade de adquirir os coñecementos, destrezas e actitudes e valores presentes nas competencias. Así mesmo, para manter o nivel de motivación por aprender procuraranse variadas axudas para que o alumnado comprenda o que aprenda, saiba para que o aprende e sexa capaz de utilizar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula.

Dentro do posible, intentarase utilizar metodoloxías activas e contextualizadas que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiros. As metodoloxías activas apoiaranse en estruturas de aprendizaxe cooperativo, de forma que, a través da resolución conxunta de tarefas, as persoas integrantes do grupo coñezan as estratexias usadas polo resto e podan aplicalas en situacións similares.

As estratexias interactivas tamén serán utilizadas debido a que resultan moi eficaces ó permitir compartir e construír o coñecemento, dinamizando a sesión de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas.

Entre as principais liñas metodolóxicas que se utilizarán, debido a que favorecen a participación activa, experimentación e unha aprendizaxe funcional, están:



- A aprendizaxe por proxectos (ABP)
 - Plan de acción co que se busca conseguir un determinado resultado práctico.
 - Axuda ó alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo a reflexión, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada integrante do grupo asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais.
- Os centros de interese.
- O estudio de casos.
- Aprendizaxe baseado en problemas.
- Uso de portfolio, dixital ou físico, como potenciador da autonomía e do pensamento crítico e reflexivo.
- Flipped Classroom
 - Utilización da aula para resolver dúbidas e non exclusivamente para explicar
 - Utilización de vídeos para explicar, fóra do tempo de clase (uso da Aula Virtual ou dunha canle de You Tube dunha das profesoras, así como de diferentes vídeos que se atopan na rede é dos cales o profesorado fará de curador)

Como se sinala na presente programación, potenciarase a utilización de diferentes tipos de materiais, adaptados ós distintos niveis e os diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado, co obxecto de atender a diversidade na aula e personalizar os procesos de construción dos aprendizaxes. Dentro das posibilidades do centro potenciarase o uso de recursos que integren as Tecnoloxías da Información e a Comunicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe que permitan o acceso a recursos virtuais. É necesario sinalar aquí que debido a escaseza de recursos informáticos no centro moitos dos aprendizaxes que adquire o alumnado serán vicarios.

Resumindo, pois, e supostos os obxectivos expresados no apartado correspondente, intentaremos que o alumnado se achegue ós contidos conceptuais expresados con anterioridade e adquire os contidos actitudinais sinalados, dentro dunha metodoloxía activa, que se concretará nos seguintes aspectos:

1. Explicacións teóricas, seguidas de coloquio, como técnica de exercicio oral e avaliadora de asimilación da aprendizaxe.
2. Exercicios prácticos: comentarios de texto, discusión sobre temas específicos, valoración crítica dos diversos contidos, análise crítica de noticias recollidas na prensa, resolución de exercicios de Lóxica, elaboración e\ou aplicación e análise de resultados como consecuencia da aplicación de técnicas sociométricas para medir a opinión de diferentes colectivos sociais cara algún problema que nos poida afectar, etc.
3. Aulas de debate, organizando grupos de 3 a 5 membros, para a análise de temas que resulten do interese do alumnado ou sexan útiles para a súa



formación.

4. Lectura de obras filosóficas ou literarias, con contidos relacionados coa temática deste curso de iniciación á filosofía.

En canto á especificidade dos contidos das materias das que está a cargo o Departamento é necesario ter en conta de que o noso punto de partida é o de que non hai ningunha filosofía-en-si (sexa esta teórica ou práctica), senón unha filosofía de e para nós, consideramos que aquilo que alumnado non pode elaborar ou revisar por si mesmo, non debe formar parte da aprendizaxe. Aínda que desde unha perspectiva diferente, é necesario que vexan que a Psicoloxía non é unha ciencia rematada, senón que segue a facerse día a día mediante a investigación.

O obxectivo, ó fin e ó cabo, é que o alumnado aprenda a pensar por si mesma/o, desenvolvendo os procesos do pensamento (problematizar as cuestións, conceptualizar nocións e argumentar racionalmente as teses), por iso intentaremos traballar problemas a partir de nocións. Non pensamos, sen embargo, que o alumnado poida sacar á luz unha situación problemática nin que deban propoñer unha solución de maneira caprichosa. Toda problemática está vencellada a unha situación histórica, que non pode comprenderse sen coñecer a súa historia anterior, e isto non pode acadarse sen apoio. As metas das nosas materias (que son fundamentalmente filosóficas, incluso nalgúns aspectos da materia de Psicoloxía) non poden propoñerse de xeito arbitrario. Hai que reconstruír o propio pensar. Insistimos en que é necesario buscar con paixón a autonomía e o pensar por conta propia. Pero isto non son fins en si mesmos, senón que se refiren a contidos determinados que están dados pola historia da filosofía en canto historia dos problemas e da aprendizaxe: diferenza entre deber e ser, entre realidade e aparencia, entre verdade e falsidade... Sen embargo, estas cuestións resúltanlle ó escolar valeiras e carentes de sentido, a non ser que sexamos quen de elaborar estas diferenciacións en torno a temas actuais e remitírllelas a problemas concretos. Cremos que a reflexión filosófica está obrigada a ofrecer posibilidades de solución para os problemas da nosa época, indicando cómo hai que fundar as normas para unha actuación responsable. Aínda que a meta do pensar autónomo segue a ser o exame argumentativo-conceptual das teses e afirmacións propostas, non podemos pasar por alto a conexión entre o saber teórico e o saber práctico, tendo en conta que o discurso racional non é posible sen un saber práctico. Os argumentos nunca poden forzar unha opinión, senón só preparala, por iso o alumnado debe aprender a tomar en serio ao outro como interlocutor da argumentación confiando en que non pretende persuadir, senón convencer.

As orientacións metodolóxicas propostas responden a estas consideracións e apuntan á potenciación e consolidación de competencias traballadas xa en etapas educativas anteriores. De acordo con este criterio, as metodoloxías concretas



empregadas polo profesorado nesta materia deberán dirixirse a:

- Potenciar unha autonomía progresiva, por parte das alumnas e dos alumnos, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións e problemas propostos.
- Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, comunicación e empatía intelectual e emocional.
- Manter un modelo de aprendizaxe funcional no cal as nocións que se van adquirido sexan aplicadas á vida real ou virtual.
- Promover a lectura e análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións orais e escritas.
- Normalizar o uso de vocabulario técnico específico e exixir uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas producións orais coma nas escritas.
- Ofrecerlle ó alumnado instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavaliación para detectar os avances e carencias no proceso de aprendizaxe.

Pensamos que un modelo didáctico que atende a estes obxectivos e que resulta axeitado para lograr unha “cultura filosófica común” é o modelo **problematizante** proposto por Michel Tozzi para o ensino da filosofía. Parece idóneo para unha materia como a Filosofía de 4º da ESO (e tamén para 1º Bacharelato), xa que non pode ofrecer unha verdade absoluta ou un modo de vida compartido, nin por suposto tampouco fundamentalmente un coñecemento histórico dos grandes autores, senón a maneira de pensar por un mesmo racionalmente. O obxectivo deste modelo didáctico é que os alumnos e alumnas aprendan a pensar por sí mesmo, desenvolvendo os procesos do pensamento: **problematizar** as cuestións, **conceptualizar** nocións, **argumentar** racionalmente as teses. Temos que ter en conta aínda que a Filosofía, esixe sacar consecuencias para a acción. Estas tres capacidades (conceptualizar, problematizar e argumentar) deben artellarse sobre labores complexas: ler, escribir e discutir

1. A capacidade de problematizar

Permitiría clarificar ao propio/a alumno/a que é un problema cívico, que cousas vividas na súa cotidianidade constitúen unha problemática en torno a cal hai que reflexionar.

A capacidade de problematizar presupón:

- a) a capacidade de poder preguntar, de volver problemática, dubidosa, unha afirmación (unha frase que parece evidente, una definición ao uso), de poñela en cuestión



- b) a capacidade de descubrir, a partir dunha noción, ou nunha relación de conceptos, ou nunha pregunta, un problema cívico
- c) a capacidade de formular este problema de modo alternativo, de modo que sexa posíbel outra resposta (o que permite descubrir un punto de vista diferente do propio e tomar en consideración opinións diversas)

2. A capacidade de conceptualizar

Non pode haber reflexión sen conceptualización das nocións.

Podemos conceptualizar unha noción:

- a) elaborando o seu sentido conceptual a través dun traballo coa linguaxe (etimolóxico, histórico, semántico, distinguindo o uso ordinario do específico na ética, no dereito, etc.)
- b) problematizándoa a partir dunha posta en cuestión da súa representación espontánea ou convencional, ou poñéndoa en relación interrogativa con outra noción
- c) reconstruíndo o concepto a partir dos seus campos de aplicación (p. ex. o concepto de lei en ciencia, ética, política...)

3. A capacidade de argumentar

Entendemos aquí a argumentación como un método razonado para xustificar unha resposta a unha pregunta.

O obxectivo é que as argumentacións que os alumnos e alumnas elaboran, respecten alomenos estes requisitos mínimos:

- a) non debe contradecirse
- b) debe ser coherente coa tese sostida
- c) debe ser coherente con outros argumentos a favor da súa tese

É importante que usen con precaución:

- os exemplos que ilustran, pero non son razóns
- a experiencia persoal, á que se pode recurrir na medida en que poida ser universalizábel
- as citas, que poden servir como argumentos de autoridade, pero tamén poden resultar falaces

Todos estes aspectos metodolóxicos teranse en conta á hora de planificar a avaliación.



6. MATERIAIS E RECURSOS

6.1. Primeiro da E.S.O. Valores éticos.

Curso	Materia	Autor e título	Editorial e ano	ISBN	Lingua
Primeiro ciclo ESO	VALORES ÉTICOS	Antonio Pascual Rodríguez Grau y otros	www.proyectoeduca.webly.com 2015	978-84-606-8963-8	Cast

- Textos, vídeos, audios, bandas deseñadas, fotografías, etc., escollidos para ilustrar conceptos.
- Prensa.
- Internet (blogs, redes sociais, etc.)
- Materiais aportados polo propio alumnado
- Materiais creado polo profesorado.



6.2. Segundo da E.S.O. Valores éticos.

Curso	Materia	Autor e título	Editorial e ano	ISBN	Lingua
1 CIC LO	VALOR ES ÉTICO	Antonio Pascual Rodríguez	<a href="http://www.proyectoeduca.w
e_ebly.com">www.proyectoeduca.w e_ebly.com 2015	978-84-606- 8963-8	Cast

- Textos, vídeos, audios, bandas deseñadas, fotografías, etc., escollidos para ilustrar conceptos.
- Prensa.
- Internet (blogs, redes sociais, etc.)
- Materiais aportados polo propio alumnado
- Materiais creado polo profesorado.



6.3. Terceiro da E.S.O. Valores éticos.

Curso	Materia	Autor e título	Editorial e ano	ISBN	Lingua
1 CIC LO	VALOR ES ÉTICO	Antonio Pascual Rodríguez	<a href="http://www.proyectoeduca.w
e_ebly.com">www.proyectoeduca.w e_ebly.com 2015	978-84-606- 8963-8	Cast

- Textos, vídeos, audios, bandas deseñadas, fotografías, etc., escollidos para ilustrar conceptos.
- Prensa.
- Internet (blogs, redes sociais, etc.)
- Materiais aportados polo propio alumnado.
- Materiais creado polo profesorado.



6.4. Cuarto da E.S.O. Valores éticos.

- Textos, vídeos, audios, bandas deseñadas, fotografías, etc., escollidos para ilustrar conceptos.
- Prensa.
- Internet (blogs, redes sociais, etc.)
- Materiais aportados polo propio alumnado.
- Materiais creado polo profesorado.



6.5. Cuarto da E.S.O. Filosofía

- Textos, vídeos, audios, bandas deseñadas, fotografías, etc., escollidos para ilustrar conceptos.
- Prensa.
- Internet (blogs, redes sociais, etc.)
- Materiais aportados polo propio alumnado.
- Materiais creado polo profesorado.



6.6. Primeiro de Bacharelato. Filosofía.

- Materiais creado polas profesoras. Aula virtual.
- Textos, vídeos, audios, bandas deseñadas, fotografías, etc., escollidos para ilustrar conceptos.
- Prensa.
- Internet (blogs, redes sociais, etc.)
- Materiais aportados polo propio alumnado.



6.7. Segundo de Bacharelato. Historia da Filosofía

- Materiais creado polas profesoras. Aula virtual.
- Textos, vídeos, audios, bandas deseñadas, fotografías, etc., escollidos para ilustrar conceptos.
- Textos extraídos das fontes da Historia da Filosofía.
 - Prensa.
 - Internet (blogs, redes sociais, etc.)
 - Materiais aportados polo propio alumnado.



6.8. Segundo de Bacharelato. Psicoloxía.

Curso	Materia	Autor e título	Editorial e ano	ISBN	Lingua
2 BAC	PSICOLOXÍA	Garea Traba, Eva Vázquez Freire, Miguel <i>Psicoloxía</i>	Xerais, 2016	978-84-9121-035-1	Gal

- Materiais creado polo profesorado. Aula virtual.
- Textos, vídeos, audios, bandas deseñadas, fotografías, etc., escollidos para ilustrar conceptos.
- Prensa.
- Internet (blogs, redes sociais, etc.)
- Materiais aportados polo propio alumnado.



7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

7.1. Criterios de avaliación

Segundo ordena o Decreto 86/2015, apartado III, o referente para **avaliar** as aprendizaxes do alumnado son os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliábeis. No deseño das situacións de aprendizaxe tomaranse en consideración todos os elementos do currículo, entre eles os procedementos e os instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación que permitan avaliar tanto os resultados da materia como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.

Segundo o artigo 6 da Orde ECD/65/2015 do 21 de xaneiro:

O profesorado debe utilizar procedementos de avaliación variados para facilitar a avaliación do alumnado como parte integral do proceso de ensinanza e aprendizaxe, e como unha ferramenta esencial para mellorar a calidade da educación.

Así mesmo, é necesario incorporar estratexias que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a coavaliación. Estes modelos de avaliación favorecen a aprendizaxe dende a reflexión e valoración do alumnado sobre as súas propias dificultades e fortalezas, sobre a participación dos compañeiros nas actividades de tipo colaborativo e desde a colaboración co profesorado na regulación do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Dado que este tipo de avaliación será utilizado cunha certa frecuencia, non se especificará en cales grupos de estándares será aplicada e en cales non: utilizaráse dun xeito normalizado cando a situación o permita e non como algo excepcional sobre o que haxa que facer un especial fincapé.

En todo caso, os distintos procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro, ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente.

Por todo o sinalado con anterioridade **os instrumentos para avaliar** o logro dos obxectivos desta materia por parte do alumnado son variados. En cada momento será quen imparta a docencia en cada grupo quen decida cal deles resulta máis adecuado dada a dinámica de aprendizaxe que se está a dar, e que, obviamente, pode ir variando co transcurrir do curso. Para simplificar a programación utilizaremos unha táboa de "Táboa de referencias" de "Procedementos e instrumentos de avaliación" onde aparecen numerados eses procedementos e instrumentos:



Táboa de referencias		
Ref.	Competenc	Procedementos e instrumentos de avaliación
I.	CCL, CD, CAA	Construción dunha breve reflexión, oral e/ou escrita, sobre un dos temas da materia, a partires de diferentes fontes de información (diccionario, enciclopedia, internet, periódicos, etc.)
II	CCL, CAA,	Análise de fragmentos de texto, vídeo, audio, fotografía nota de prensa, ou similar.
III	CCL, CAA, CSC CSIEE,	Responder a cuestionarios que plantexan preguntas reflexivas.
IV	CCL, CSC	Exercicios sobre lecturas guiadas.
V.	CCL	Exercicios tipo test, verdadeiro/falso ou de recheo de espazos baleiros.
VI	CCL, CD, CAA	Realización de esquemas
VII	CCL, CD,	Construción de mapas conceptuais
VII I.	CSC, CAA, CSIEE,	Abordaxe de dilemas éticos / estudio de casos
IX	CSIEE, CSC,	Participación en debate e posta en común / aprendizaxe baseado en problemas
X.	CD, CSC, CMCCT, CSIEE,	Realización de infografías, carteis, dípticos, etc. de tipo informativo-explicativo
XI	CSIEE, CSC, CAA,	Observación das actividades desenvolvidas en clase
XII	CSIEE, CSC,	Exploración por medio de preguntas formuladas polo profesorado
XII I.	CSC, CAA,	Revisión de cadernos de clase e/ou fichas
XIV	CCL, CD,	Portfolio
XV	CSC, CAA,	Elaboración de mapas mentais
XVI	CAA, CCL	Lista de cotexo
XVI I.	CSC, CAA,	Escala de valores
XVII I.	CSC, CAA, CSIEE,	Rexistro anecdótico
XI X.	CCL, CAA, CSC,	Exposición
XX	CCL, CSC, CMCCT, CD,	Rúbrica

Podemos clasificar os instrumentos avaliativos en tres modalidades: Informais, semiformais e formais.

1. Técnicas informais:

Como técnicas deste estilo dispomos de (a) a observación das actividades desenvolvidas en clase e (b) A exploración por medio de preguntas formuladas polo profesorado durante a clase.

(a) A observación pode ser incidental ou intencionada. Serviranos para darnos conta do que aprenden a partir do que din ou fan (XI. na "Táboa de referencias" de "Procedementos e instrumentos de avaliación").

A anotación destas observacións pode realizarse mediante rexistros anecdóticos, listas de control ou diarios de clase. (XVIII., XVI., XIII., respectivamente na "Táboa de referencias" de "Procedementos e instrumentos de avaliación").



(b) A exploración levará a cabo mediante preguntas co fin de estimar o nivel de comprensión do alumnado sobre o tema que se está traballando. Convén dar tempo aos alumnos para que a resposta sexa reflexiva e elaborada. (III. na "Táboa de referencias" de "Procedementos e instrumentos de avaliación").

2. Técnicas de control semiformais:

Como técnicas deste estilo consideraranse...

- (a) Os traballos e exercicios que se realicen en clase. Todos eles teñen como obxectivo valorar o nivel de comprensión ou execución dos contidos ou habilidades propios do proceso de aprendizaxe da materia.
- (b) As tarefas ou traballos que se soliciten ó alumnado para realizar fóra de clase. Poden variar entre exercicios de redacción sobre algún tema da materia, solución de problemas, visitas a lugares, investigación na biblioteca ou en internet, etc. Pódense realizar de forma individual ou en grupos. Sempre que sexa posible pedirase unha presentación oral do traballo en clase e no caso de que o traballo sexa dun grupo intentarase clarificar, mediante a autoavaliación, a parte de mérito que lle corresponde a cada un dos individuos que o compón (I., II., VI, VII, VIII, XIX., na "Táboa de referencias" de "Procedementos e instrumentos de avaliación").
- (c) A revisión dos cadernos e das fichas do alumnado. O obxectivo deste instrumento de avaliación é contar cunha mostra de traballos na que consten as aprendizaxes e progresos do alumando durante un período escolar. Este instrumento permite unha avaliación conxunta entre profesorado-alumnado, entre compañeiros de aula e a propia autoavaliación do alumnado (XIII. na "Táboa de referencias" de "Procedementos e instrumentos de avaliación").
- (d) Abordaxe de dilemas éticos / estudio de casos, individualmente, en grupo ou en formato de debate en clase. Será importante aquí a aprendizaxe baseada en problemas (VIII., IX na "Táboa de referencias" de "Procedementos e instrumentos de avaliación").

3. Técnicas de avaliación formais:

Como instrumento deste estilo podemos contar con...

(1) Probas ou exames. Son probas estandarizadas nas que a valoración dos ítems xa vén precisada de antemán ou no caso de que non se detalle se entenderá que valen o mesmo cada un dos , ou probas elaboradas polo profesorado. Neste último caso débese precisar ao alumno o valor de cada ítem ou pregunta, se houberse máis dunha, en orde á cualificación global da proba. No caso de que non se especifique o



valor de cada ítem se sobreentende que se dividen por igual entre a nota total (p.e.: se hai dúas preguntas a metade da nota é para cada pregunta). O profesorado procurará que a proba sexa coherente no seu conxunto, para o cal seleccionará diferentes procedementos e mecanismos de avaliación, tendo en conta tanto a atención á diversidade como cales deses mecanismos e procedementos foron utilizados nas actividades, dentro ou fóra da clase, para reforzalos ou complementalos. En xeral farase unha proba por cada un ou dous dos bloques temáticos. Na convocatoria do mes de Setembro, só se utilizará este tipo de instrumento. (I., II., III., V, VI, VII, XII, na "Táboa de referencias" de "Procedementos e instrumentos de avaliación").

(2) Mapas conceptuais cos que se intenta representar xerarquicamente a relación existente entre conceptos ou proposicións dun tema determinado. Poden ser de tres modalidades: a partir dun tema determinado, a partir dun grupo ou lista de conceptos propostos polo profesorado ou a partir da estrutura dun mapa xa elaborado (baleiro ou semibaleiro) ao que hai que completar con novos conceptos (XV. na "Táboa de referencias" de "Procedementos e instrumentos de avaliación").

(3) Probas tipo test, verdadeiro/falso ou de recheo de espazos baleiros (V. na "Táboa de referencias" de "Procedementos e instrumentos de avaliación").

(4) Probas sobre lecturas guiadas (IV. na "Táboa de referencias" de "Procedementos e instrumentos de avaliación").

(5) Análise de fragmentos de texto, vídeo, audio, fotografía nota de prensa, ou similar (II. na "Táboa de referencias" de "Procedementos e instrumentos de avaliación").

(6) Realización de esquemas (VI. na "Táboa de referencias" de "Procedementos e instrumentos de avaliación").

(7) Realización de infografías, carteis, dípticos, etc., de tipo informativo-explicativo (X. na "Táboa de referencias" de "Procedementos e instrumentos de avaliación").

(8) Portfolio (XIV. na "Táboa de referencias" de "Procedementos e instrumentos de avaliación").

Ademais do anteriormente sinalado, teranse en conta os seguintes criterios para avaliar:

A. Para a valoración do traballo na aula, atenderase aos seguintes criterios:

Valoración do traballo na aula:

- Realiza o traballo proposto.
- Responde a preguntas abertas.
- Formula preguntas significativas.



- Participa no grupo de traballo.
- Utiliza correctamente os materiais.
- Asiste regularmente.

B. Valoración dos traballos realizados.

Para a avaliación dos traballos, atenderase ós seguintes criterios:

Con carácter xeral valorarase:

1. A pertinencia da información manexada.
2. A precisión no uso dos conceptos.
3. A capacidade de pensamento crítico.
4. A redacción.

Terase en conta se o alumnado:

- Estrutura o que escribe.
- Constrúe frases coherentes.
- Elabora un comezo e unha conclusión.

Valorarase así mesmo a presentación e corrección dos escritos:

1. Corrección gramatical e ortográfica.
2. Presentación.
3. Lexibilidade.

De acordo con este criterio, polo xeral, a valoración do exercicio farase atendendo ós niveis acadados en función das rúbricas que se elaborarán para cada actividade, proba, etc.

C. Probas

Realizaranse probas escritas, que poden ser diversas en función da temática traballada. De xeito xeral conterán:

I. Cuestións para desenvolver un tema relacionado cos problemas filosóficos, éticos, psicolóxicos traballados. Valorarase se:

1. A resposta é axeitada á pregunta.
2. Utiliza a información pertinente.
3. Define os conceptos.

II. Cuestións de carácter mais xeral e de sistematización e relación entre diversos



aspectos dun tema. Valorarase se:

1. A súa análise é completa.
2. Relaciona e compara.
3. A extensión é axeitada ó contido.

III. Comprensión e explicación do contido dun texto.

1. Identifica o problema.
2. Identifica a tese, proposta, etc., plantexada polo autor/a do texto.
3. Identifica os argumentos que a sosteñen.

IV. Relaciona o contido do texto cos temas traballados

Con carácter xeral valorarase a capacidade de pensamento crítico así como a redacción. Terase en conta se o alumno:

1. Estrutura o que escribe.
2. Constrúe frases coherentes.
3. Elabora un comezo e unha conclusión.

Valorarase así mesmo a presentación e corrección dos escritos:

1. Corrección gramatical e ortográfica.
2. Presentación.
3. Lexibilidade.

Para a avaliación das lecturas propostas, poderá optarse pola modalidade de proba ou de traballo, segundo o profesorado considere oportuno.

A nota de cada avaliación xurdirá da media aritmética dos bloques que se avalien por completo nese período lectivo. Se nese período só se avaliou, por exemplo, un bloque e só se fixeron algunhas actividades do seguinte bloque ou incluso o test, non se terán en conta para a nota da avaliación, xa que consideramos que é probable que transmita ás familias unha imaxe errónea do avance da/o alumna/o da materia, ó transmitir notas parciais de temas que, polo xeral, terminan adquirindo o seu sentido global cara ó final da súa impartición. No caso de que na segunda avaliación se imparta algún dos subámbitos nos que se poda dividir un bloque a tratar procurárase, para facer a media, adaptar o número de estándares que contén ese subámbito co do



bloque que se impartiu por completo, facéndose nese caso a media aritmética ó asemellarse o número de estándares entre os contidos avaliados.

Procedementos e instrumentos de avaliación:

Segundo proceda para cada estándar de aprendizaxe e dependendo do tempo de que se dispoña e da dinámica e composición diversa de cada de cada clase utilizaranse diferentes procedementos e instrumentos de avaliación para obter as cualificacións de cada un dos exercicios actividades ou tarefas. En calquera caso, os dous instrumentos fundamentais dos que dependerá a cualificación son: a) para a avaliación que depende da observación directa do traballo na aula, a escala de valores e para a avaliación do conxunto dos exercicios, actividades e tarefaso portafolio, que sera valorado a súa vez mediante unha rubric, que figura a continuación. Esta rubrica avalía o aspect oformal e procedimental do portafolio (50% da cualificación) e o outro 50% sera a media das cualificacións parciais dos distintos exercicios, actividades e tarefas.:

AVALIACIÓN DO TRABALLO NA AULA: ESCALA DE VALORES

5: Sempre, 4: Case sempre, 3: Ás veces, 2: Poucas veces, 1: Case nunca ou nunca

Data			
Curso			
Alumno/a			
Tarefa			
	1ª Av	2ªAv	3ªAv	Global curso
ITEM	De 5 a 1	De 5 a 1	De 5 a 1	De 5 a 1
Asiste regularmente				
É puntual				
Responde a preguntas abertas				
Formula preguntas significativas				
Traballa en equipo				
É odenado/a co material				
Presenta as tarefas no prazo				
TOTAIS:				
CUALIFICACIÓN:				

AVALIACIÓN PORTAFOLIO

RÚBRICA

EXCELENTE	SATISFACTORIO	SATISFACTORIO CON SUXESTIÓNS	TEN QUE MELLORAR
5	4	2	1
Arquiva e clasifica todas as tarefas , anotacións ou traballos relacionados cos contidos ou obxectivos do bloque curricular	Arquiva e clasifica a maioría das tarefas , anotacións ou traballos relacionados cos contidos ou obxectivos do bloque curricular	Arquiva e clasifica algunhas das tarefas , anotacións ou traballos relacionados cos contidos ou obxectivos do bloque curricular	As maior parte das tarefas, anotación ou traballos non están recollidos, organizados nin clasificados.
Todos os documentos están correctamente presentados: data, encabezamento coa indicación clara da tarefa, A tarefa está realizada e ten	Aos documentos fáltanlle algún elementos da presentación	Aos documentos fáltanlle a maior parte dos elementos da presentación	Incorpora os documentos sen presentación



anotacións.			
Incorpora diversidade de materia: novas, artigos, ilustracións, etc. Relacionando o aprendido con novos contextos.	Incorpora algúns materiais: novas, artigos, ilustracións, etc. relacionando o aprendido con novos contextos.	Incorpora material ás veces pertinente, pero non establece relación co aprendido	Non incorpora material ou non é pertinente.
Amosa unha redacción coidadosa dos textos, sen erros ortográficos.	Amosa unha redacción coidadosa dos textos, pero hai algún erro ortográfico (ata cinco).	A redacción non é coidadosa e/ou presenta moitos erros ortográficos (entre 6 e 10).	Mala redacción e/ou presenta máis de 10 erros ortográficos.

A profesoras do departamento, atendendo a diversas consideracións, poden optar custodiar as actividades realizadas polo alumnado. Nese caso non se lle esixirá o portafolio e avaliarase o conxunto de actividades realizadas utilizando os diferentes instrumentos sinalados na programación, buscando a adecuación segundo o tipo de actividade que se lle propoña ao alumnado.

1º) Realizarase alomenos unha proba escrita (exame), por cada bloque temático ou sub-tema dentro de cada bloque se así o indica a programación da materia, ou se se indica na programación de aula e nas actas no Departamento, na que se avaliará a adquisición e adecuada utilización de conceptos, fixados nos estándares de aprendizaxe e nos criterios de avaliación, propios da materia e correspondentes a ese período académico. No caso de que a proba se compoña de diversas partes ou preguntas, o profesorado indicará previamente a valoración de cada ítem ou parte dos que se compoña o exame, no caso de que non se detalle dita valoración se entende que todas as preguntas valen igual. Nalgúns casos, e sempre que se considere oportuno, se facilitarán rúbricas. Este tipo de proba será a que teña a posibilidade de ser recuperada nunha proba posterior, do mesmo tipo que a primeira que se suspendeu.

2º) A proba anterior pode ser suplida, se o profesorado así o indica, por un traballo individual ou en grupo entregado por escrito e presentado oralmente na aula. Neste caso valorarase non só o contido senón tamén a exposición oral feita ante o resto do alumnado. No caso de traballos (individuais, grupais ou por proxectos) o sistema de recuperación non consistirá nunha proba específica, xa que tal cousa carece de sentido cando se aplica unha metodoloxía que ten por resultado un produto final. Neste caso ou se lle darán as indicacións pertinentes ó alumnado para que mellore os aspectos que presentan deficiencias, ou se lles dará a oportunidade de compensar a baixa nota obtida cun traballo posterior onde se demostre o avance na adquisición de competencias, na consecución de obxectivos e na adecuada adquisición de estándares de aprendizaxe.

3º) As actividades realizadas na aula serán diversas: exercicios de redacción sobre temas do currículo, pequenos controis con probas tipo test, de recheo de espazos baleiros ou de verdadeiro/falso, cuestionarios, exposicións, infografía, controis de lecturas guiadas, etc. O obxectivo deste amplo abano de



actividades é o do utilizar os diferentes procedementos e instrumentos de avaliación suxeridos para cada estándar o grupo de estándares de aprendizaxe

Algunhas das probas ou traballos que se propoñan poderán ter carácter voluntario ou xurdirán dun pacto entre o alumnado e o profesorado (ou sexa, serán ofertadas polo profesorado e a clase decidirá se lle parece oportuno facelas), en tal caso subirán a nota da avaliación na que se fagan, ou da unidade temática ó que correspondan, de tal maneira que nunca supere un punto e medio que se sumará ó total do obtido entre todas as probas e traballos que se fixeran nese período. Este tipo de probas non terá recuperación. Dado o carácter voluntario, e motivante, destas probas o alumnado que non demostre interese por elas deixará claro que non aspira a acadar ó redondeo por riba da súa nota na avaliación correspondente, no caso de que a media das probas dea como resultado un número con decimais.

No caso de non superar algunha das tres avaliacións o alumnado realizará, antes da avaliación seguinte, ou no seu caso antes da nota final, unha proba de recuperación seguindo o modelo reflectido no caso 1º. Se sucedera que a avaliación sobre proxectos, actividades, etc. non resultara satisfactoria, contemplarase a posibilidade de facer unha proba como a do caso 1º para ese tipo de contidos.

Como norma xeral compre ter en conta que na cualificación de cada proba, ata un 5% poderá depender da corrección gramatical e ortográfica.

Se en Xuño o alumnado non supera a materia terá en Setembro a posibilidade de o facer mediante unha proba do tipo 1º na que deberán responder a cuestións relativas aos tres bloques de contido xa apuntados. Se este exame se compón de varias preguntas indicaráselle ao alumnado a valoración de cada unha delas de cara ao cómputo global. No caso de que non se especifique o valor de cada ítem se sobreentende que se dividen por igual entre a nota total (p.e.: se hai dúas preguntas a metade da nota é para cada pregunta).



7.1.6. Criterios de avaliación para a materia de Filosofía 4º ESO

Avaliación

O Departamento de Filosofía asume que a avaliación debe ser continua, de modo que para avaliar con acierto é preciso comprobar os progresos do alumnado non so ao final do proceso, senón dende o comezo e ao longo do mesmo, para ter en conta a traxectoria individual e os distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas. Deste modo a avaliación realízase dende o principio da acción educadora, non é algo que xurde ao final do proceso para comprobar unos resultados. A avaliación continua inclúe a avaliación de diagnóstico (inicial), formativa e sumativa. Permite incluír as modificacións necesarias na programación para facilitar a aprendizaxe dos educandos, manexar as diferenzas entre o alumnado na aula e por tanto tanto tamén se entende como unha práctica inclusiva. De modo que non pode centrarse na etapa final da aprendizaxe nin se concibe para aprobar, senón para aprender. Deste modo, a profesora propón diversas actividades ao longo do curso, de carácter avaliable, de acordo cos criterios anteriormente expostos. A cualificación final responderá ao conxunto do traballo realizado polo alumno ou alumna duante o curso e quedará reflectida na cualificación de xuño despois de realizar a media das cualificacións obtidas nas distintas avaliacións, ou no seu caso das recuperacións, efectuadas. A cualificación de cada avaliación resultará do traballo realizada na aula, as probas, traballos ou actividades realizadas en cada período, de acordo cos criterios que se sinalan a continuación:

Avaliación do de aprendizaxe do alumnado

Os bloques suman en total $8+24+10+8+8+17 = 75$ estándares. Como se pode observar, practicamente un terzo da materia atópase por unha banda no bloque 2, e por outra no bloque 6. Este último é especialmente complexo abarcando diferentes cuestións que consideramos que son dunha especial dificultade, a nivel de abstracción, para o alumnado, de aí que se lle outorgue unha maior carga na ponderación.

Se atendemos a que a nota final vai de 0 a 10 e ponderamos o peso dos diferentes bloques (aproximando de tal xeito que teñamos números sen decimais) o tanto por cento do peso de cada bloque quedaría así:

Primeiro trimestre: 39 sesións

Bloque 1. A filosofía: 15 sesións

Bloque 2: A identidade persoal: 24 sesións

Segundo trimestre: 30 sesións

Bloque 3. Socialización: 15 sesións



Bloque 6. Transformación: 15 sesións

Terceiro trimestre: 36 sesións

Bloque 4. Pensamento: 20 sesións

Bloque 5. Realidade e metafísica: 16 sesións

Primeiro trimestre: 39 sesións

Bloque 1. A filosofía	
Estándares de aprendizaxe / 8 estándares De FIB1.1.1. a FIB1.6.1	Temporalización 15 sesións

Bloque 2. Identidade persoal	
Estándares de aprendizaxe / 24 estándares De FIB2.1.1 a FIB2.21.1.	Temporalización 24 sesións

Segundo trimestre: 30 sesións

Bloque 3. Socialización	
Estándares de aprendizaxe / 10 De FIB3.1.1. a FIB3.9.1.	Temporalización 15 sesións

Bloque 6. Transformación	
Estándares de aprendizaxe / 17 De FIB6.1.1. a FIB6.13.1.	Temporalización 15 sesións

Terceiro trimestre: 36 sesións

Bloque 4. Pensamento	
Estándares de aprendizaxe / 8 De FIB4.1.1. a FIB4.5.2.	Temporalización 20 sesións

Bloque 5. Realidade e metafísica	
Estándares de aprendizaxe / 8 De FIB5.1.1. a FIB5.4.2.	Temporalización 16 sesións

Como se pode observar na programación a temporalización non se detalla para cada estándar senón para cada grupo de estándares pertencentes ós grupos sinalados na columna de contidos e criterios de avaliación. Isto é así porque segundo o que consideramos os requerimentos da propia materia para que sexa comprensible para o alumnado deste nivel é necesario abordar ós problemas fuxindo tanto da fragmentación como do tratamento tipo "pilulas" densificadas de coñecemento (que



terminan resultando incomprensibles precisamente pola densidade) todo o que permita o currículo.

Este tipo de fragmentación de sentido, e o mesmo tempo de densificación, na lei fai moi difícil programar ó detalle a temporalización, así como os mecanismos de avaliación, xa non digamos sinalar con exactitude o tanto por cento que vai valer cada un destes estándares sobre os 75 que hai en total na materia. Por outra parte, non todos os estándares de avaliación presentan a mesma dificultade e extensión, nin teñen a mesma relevancia para acadar os obxectivos da etapa. Por iso optamos por considerar grupos de estándares pensamos que no conxunto, aínda que tamén os agrupamentos son diferentes tanto en extensión como en dificultade, consideramos que ó final terminan compensándose e, polo tanto, outorgámoslles o mesmo penso cara a avaliación

Deste modo, i) a cualificación de cada bloque xurdirá de diferentes tipos de actividades, entre elas poden incluírse probas escritas En principio (se isto varía se indicará nas actas de Departamento), as notas de cada bloque terán a seguinte composición:

- un 80% para o conxunto de actividades realizadas. O peso específico de cada actividade será dado a coñecer ao alumnado. Aqueles alumnos que non acaden un mínimo de 5 puntos nas diferentes actividades, deberán realizar un exame ou proba escrita tradicional.
- un 20% para a participación na aula, que se avaliará de acordo coa seguinte escala de valores

AVALIACIÓN DA PARTICIPACIÓN NA AULA: ESCALA DE VALORES

5: Sempre, 4: Case sempre, 3: Ás veces, 2: Poucas veces, 1: Case nunca ou nunca

Data			
Curso			
Alumno/a			
Tarefa			
	1 ^a Av	2 ^a Av	3 ^a Av	Global curso
ITEM	De 5 a 1	De 5 a 1	De 5 a 1	De 5 a 1
Asiste regularmente				
É puntual				
Responde a preguntas abertas				
Formula preguntas significativas				
Traballa en equipo				
É ordenado/a co material				
Presenta as tarefas no prazo				
TOTAIS:				
CUALIFICACIÓN:				

ii) A cualificación de cada avaliación resultará da media dos bloques avaliados en cada período.

iii) No caso de nun trimestre o traballo nun dos bloques non estivera rematado,



a cualificación resultaría non da media dos bloques, senón dos traballos ou actividades realizadas en cada período dacordo co criterio establecido: 80% actividades (ou proba), +20% actividades participación na aula.

iv) No caso de que a cualificación sexa inferior a 5, realizarase unha proba de recuperación sobre o grupo de estándares avaliados durante o período.

v) A cualificación final da avaliación ordinaria de xuño será o resultado da media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións (ou no seu caso das recuperacións, efectuadas durante o curso).

vi) Para o redondeo, na avaliación ordinaria, ao número enteiro superior, de ser o caso de conter decimais a media obtida, terase en conta: a) que os decimais sexan superiores a 0,5, b) as cualificacións específicas da participación na aula e c) que se teña dado unha evolución na aprendizaxe (observarase se as cualificacións últimas son superiores ás iniciais).

Procedementos e instrumentos de avaliación:

Segundo proceda para cada estándar de aprendizaxe e dependendo do tempo de que se dispoña e da dinámica e composición diversa de cada de cada clase utilizaranse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación para obter as cualificacións:

1º) Un conxunto de actividades realizadas en diferentes momentos do proceso, que poden ser substituídas por unha proba escrita por cada bloque temático ou cando un conxunto significativo de estándares o aconselle, como se indicará na programación de aula, na que se avaliará: i) a adquisición e adecuada utilización de conceptos, ii) a formulación de problemas e iii) o uso de argumentos, fixados nos estándares de aprendizaxe e nos criterios de avaliación, propios da materia e correspondentes a ese período académico. No caso de que a proba se compoña de diversas actividades, partes ou preguntas, o profesorado indicará previamente a valoración de cada unha, no caso de que non se detalle dita valoración se entende que todas valen o mesmo. Nalgúns caso, e sempre que se considere oportuno, se facilitarán rúbricas. Cando a cualificación obtida sexa inferior a 5 puntos, se realizará unha proba ordinaria, destinada a recuperar eses contidos..

2º) As diferentes actividades que se realicen durante o curso requirirán o manexo de distintos tipos de materiais como exercicios de redacción sobre temas do currículo, pequenos controis, cuestionarios, exposicións orais, presentacións, mapas conceptuais, mapas mentais, lecturas guiadas, etc. O obxectivo deste amplo abano de actividades é o do utilizar os diferentes procedementos e instrumentos de avaliación suxeridos para cada estándar o grupo de estándares de aprendizaxe. As actividades deben ser recollidas no portafolio, que a profesora pode recoller e revisar en calquera momento do curso.



Outras consideracións importantes a ter en conta polo alumnado son as que se detallan a continuación.

a. Algunhas das actividades poderán ter carácter voluntario. Nese caso so se computarán as que teñan unha cualificación positiva e que permitan subir a media.

b. Nas actividades, probas ou controis especificarase o valor de cada cuestión. No caso de que non se especifique, sobreentenderase que todas valen o mesmo. No caso de traballar con actividades, proxectos, etc. intentarase proporcionar dende o inicio unha rúbrica.

c. No caso de non superar algunha das tres avaliacións o alumnado realizará, antes da avaliación seguinte, ou no seu caso antes da nota final, unha proba de recuperación.

d. Como norma xeral compre ter en conta que na cualificación de cada proba, ata un 5% poderá reservarse para valorar a corrección gramatical e ortográfica.

e. Se na avaliación ordinaria de xuño o alumnado non supera a materia terá en setembro a posibilidade de o facer mediante unha proba escrita na que deberán responder a cuestións relativas aos tres bloques de contido xa apuntados. Se este exame se compón de varias preguntas indícaráselle ao alumnado a valoración de cada unha delas de cara ao cómputo global. No caso de que non se especifique o valor de cada ítem se sobreentende que se dividen por igual entre a nota total (p.e.: se hai dúas preguntas a metade da nota é para cada pregunta).

f. Nas probas só se poderá usar material de apoio cando o profesorado así o indique. O uso de calquera tipo de material (fotocopias reducidas, pequenas anotacións, documentos electrónicos) ou o apoio ao alumnado por calquera medio (teléfono móbil, axuda oral directa), pode supoñer a anulación da proba, que deberá recuperarse nas probas ordinarias de recuperación. De darse esta situación na proba de recuperación, entenderíase que ese grupo de estándares non están recuperados e a cualificación podería ser igual a 0.



7.1.7. Criterios de avaliación para a materia de Filosofía

1 BACH

7.1.8. Avaliación

O Departamento de Filosofía asume que a avaliación debe ser continua, de modo que para avaliar con acierto é preciso comprobar los progresos do alumnado non so ao final do proceso, senón dende o comezo e ao longo do mesmo, para ter en conta a traxectoria individual e os distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas. Deste modo a avaliación realízase dende o principio da acción educadora, non é algo que xurde ao final do proceso para comprobar unos resultados. A avaliación continua inclúe a avaliación de diagnóstico (inicial), formativa e sumativa. Permite incluír as modificacións necesarias na programación para facilitar a aprendizaxe dos educandos, manexar as diferenzas entre o alumnado na aula e por tanto tanto tamén se entende como unha práctica inclusiva. De modo que non pode centrarse na etapa final da aprendizaxe nin se concibe para aprobar, senón para aprender. Deste modo, o profesorado propón diversas actividades ao longo do curso, de carácter avaliabile, de acordo cos criterios anteriormente expostos. A cualificación final responderá ao conxunto do traballo realizado polo alumno ou alumna duante o curso e quedará reflectida na cualificación de xuño despois de realizar a media das cualificacións obtidas nas distintas avaliacións, ou no seu caso das recuperacións, efectuadas. A cualificación de cada avaliación resultará do traballo realizada na aula, as probas, traballos ou actividades realizadas en cada período, de acordo cos criterios que se sinalan a continuación:

Avaliación do de aprendizaxe do alumnado

Os estándares de aprendizaxe de contidos transversais do bloque 1 avalíanse ao longo de todo o curso e en relación con calquera dos estándares.. O resto dos bloques suman 81 estándares, dos cales practicamente a metade se atopan no derradeiro bloque temático. Porén as unidades didácticas que se van traballar incorporan, as mais das veces, estándares de diversos bloques. dacordo co criterio xa indicado, combinando distintos niveis de complexidade e relevancia para acadar os obxectivos do Bacharelato. Ao criterio do Departamento, os que teñen unha maior relevancia son os de carácter procedimental, correspondentes ao Bloque 1, que se traballan ao longo de todo o curso.



Bloque 1. Contidos transversais	
Estándares de aprendizaxe / 4/ Presentes en todas as Unidades. De FIB1.1.1. a FIB1.4.1.	
Unidade 1: . O saber filosófico /	
Estándares de aprendizaxe / 7 De FIB2.1.1. a FIB2.5.1.	Temporaliza- ción 18
Unidade 2. O ser Humano dende a Filosofía	
Estándares de aprendizaxe / 14 +2 Bloque 5: De FIB5.1.1. a FIB5.8.1. Estándares: FIB4.5.2 e FIB6.8.1.	Temporaliza- ción: 21 sesións
Unidade 3. A racionalidade Práctica: Ética, Estética e Política	
Estándares de aprendizaxe / 21 FIB6.1.1. a FIB 6.11.3	Temporaliza- ción 4 semanas e media
Unidade 4. O coñecemento	
Estándares de aprendizaxe / 11 FIB3.1.1. a FIB3.7.2.	Temporaliza- ción 6
Unidade 5. Retórica, Argumentación e Lóxica	
Estándares de aprendizaxe / 8 FIB6.12.1. a FIB6.16.3	Temporaliza- ción 4 semanas e
Bloque 4. A realidade/	
Estándares de aprendizaxe / 18 Bloque 4: De FIB4.1.1. a FIB4.5.2. (11- 1): 10 Bloque 6: FIB6.17.1. a FIB6.16.1. (8)	Temporaliza- ción 4 semanas e media

O número de estándares queda distribuído do seguinte modo, ao longo do curso:

Primeiro trimestre: Saber filosófico: 7 estándares + 4 do Bloque 3 e Ser Humano: 16 estándares. 27 estándares en total.

Segundo trimestre: Ética+ Política + estética: = 17 estándares e Coñecemento: 11 estándares (4 foron traballados co Bloque 2)= 28 estándares en total.

Terceiro trimestre: Lóxica: 8 estándares e Realidade 11+ Emprendemento: 8 (19) = 27 estándares en total.

Dado que o número de estándares que se van traballar e avaliar en cada trimestre é similar, parece razoable, **calcular a cualificación final, a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións,**



redondeando á alza no caso de progresión a partires de 0,5 decimais e á baixa no caso de baixa no rendimento.

De igual modo, a cualificación de cada avaliación resultará **da media das unidades traballadas en cada período**, no caso de rematalas e nunha porcentaxe que se lle comunicará ao alumnado e se consignará nas actas do departamento, no caso de que, por algunha razón, non estivese finalizada antes da avaliación. De ser o caso, recalcularíase a media, tendo en conta a unidade completa, para a cualificación final.

Procedementos e instrumentos de avaliación:

A cualificación final de cada unidade resultará de diferentes tipos de actividades. As cualificacións notas de cada unidade terán a seguinte composición:

- un 70 % para o exame ou proba escrita tradicional (que constará de preguntas curtas e/ou medias, preguntas sobre texto, preguntas tipo test, preguntas de recheo, etc.) sobre a cal se fará recuperación.
A proba avaliará a adquisición e adecuada utilización de conceptos, a formulación de problemas ou recoñecemento dunha problemática e o uso de argumentos, fixados nos estándares de aprendizaxe e nos criterios de avaliación, propios da materia e correspondentes a ese período académico. No caso de que a proba se compoña de diversas partes ou preguntas, o profesorado indicará previamente a valoración de cada ítem ou parte dos que se compoña o exame. No caso de que non se detalle dita valoración debe entenderse que todas as preguntas valen igual.
- un 30% para o traballo diario, realizado na aula -ou na casa- entre o que se inclúen comentarios de texto, disertacións, exposicións, cuestionarios con preguntas abertas ou probas tipo test a partires dos materiais traballados, infografías, presentacións, lecturas guiadas, etc.,. As ponderacións das distintas actividades poderán ser diferentes, o que será comunicado ao alumnado e figurará na programación de aula.
- o alumnado poderá realizar actividades de carácter voluntario coa fin de reforzar aqueles estándares que lle presentan unha maior dificultade. Neste caso só se terán en conta as que acaden unha valoración positiva, que se computará dentro do 30% do traballo de aula. Trátase asimesmo dunha medida de atención á diversidade (reforzo).
- para o redondeo á alza (ata 0,5 puntos) na nota final de cada avaliación, terase en conta a participación na aula, o que quedará recollido no caderno da profesora. Para a observación da participación utilizarase a seguinte escala de



valores .

AVALIACIÓN DA PARTICIPACIÓN NA AULA: ESCALA DE VALORES

5: Sempre, 4: Case sempre, 3: Ás veces, 2: Poucas veces, 1: Case nunca ou nunca

Data			
Curso			
Alumno/a			
Tarefa			
	1ª Av	2ª Av	3ª Av	Global curso
ITEM	De 5 a 1	De 5 a 1	De 5 a 1	De 5 a 1
Asiste regularmente				
É puntual				
Responde a preguntas abertas				
Formula preguntas significativas				
Traballa en equipo				
É ordenado/a co material				
Presenta as tarefas no prazo				
TOTAIS:				
CUALIFICACIÓN:				

i) De modo xeral:

ii) A cualificación de cada avaliación resultará da media das unidades avaliadas en cada período.

iii) No caso de nun trimestre o traballo nun dos bloques non estivera rematado, a cualificación resultaría non da media dos bloques, senón dos traballos ou actividades realizadas en cada período dacordo co criterio establecido: 70% probas, +30% actividades .

iv) No caso de que a cualificación sexa inferior a 5, realizarase unha proba de recuperación sobre o grupo de estándares avaliados durante o período. As probas de recuperación incluírán tamén os estándares que foron avaliados nas actividades que se realizan na aula.

v) A cualificación final da avaliación ordinaria de xuño será o resultado da media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións (ou no seu caso das recuperacións, efectuadas durante o curso).

vi) Para o redondeo, na avaliación ordinaria, ao número enteiro superior, de ser o caso de conter decimais a media obtida, terase en conta: a) que os decimais sexan superiores a 0,5, b) as cualificacións específicas da participación na aula e c) que se teña dado unha evolución na aprendizaxe (observarase se as cualificacións últimas son superiores ás iniciais).

Outras consideracións importantes a ter en conta polo alumnado son as que se detallan a continuación.

Algunhas das probas ou traballos que se propoñan poderán ter carácter voluntario ou xurdirán dun pacto entre o alumnado e o profesorado (ou sexa, serán ofertadas polo profesorado e a clase decidirá se lle parece oportuno facelas), en tal caso subirán a nota da avaliación na que se fagan, ou da unidade temática ó que



correspondan, de tal maneira que nunca supere un punto e medio que se sumará ó total do obtido entre todas as probas e traballos que se fixeran nese período. Este tipo de probas non terá recuperación. Dado o carácter voluntario, e motivante, destas probas o alumnado que non demostre interese por elas deixará claro que non aspira a acadar ó redondeo por riba da súa nota na avaliación correspondente, no caso de que a media das probas dea como resultado un número con decimais.

Nas probas ou controis especificarase o valor de cada cuestión. No caso de que non se especifique, sobreentenderase que todas valen o mesmo. No caso de traballar con actividades, proxectos, etc. intentarase proporcionar dende o inicio unha rúbrica.

No caso de non superar algunha das tres avaliacións o alumnado realizará, antes da avaliación seguinte, ou no seu caso antes da nota final, unha proba de recuperación seguindo o modelo reflectido no caso 1º. Se sucedera que a avaliación sobre proxectos, actividades, etc. non resultara satisfactoria, contemplarase a posibilidade de facer unha proba como a do caso 1º para ese tipo de contidos.

Cando a cualificación dunha avaliación é inferior a 5, pero nos estándares correspondentes a unha das unidades o alumno/a acadou os mínimos, so terá que recuperar a outra.

Como norma xeral compre ter en conta que na cualificación de cada proba, ata un 5% poderá depender da corrección gramatical e ortográfica.

Nas probas só se poderá usar material de apoio cando o profesorado así o indique. O uso de calquera tipo de material (fotocopias reducidas, pequenas anotacións, documentos electrónicos) ou o apoio ao alumnado por calquera medio (teléfono móbil, axuda oral directa), pode supoñer a anulación da proba, que deberá recuperarse nas probas ordinarias de recuperación. De darse esta situación na proba de recuperación, entenderíase que ese grupo de estándares non están recuperados e a cualificación podería ser igual a 0.

Se en Xuño o alumnado non supera a materia terá en Setembro a posibilidade de o facer mediante unha proba do tipo 1º na que deberán responder a cuestións relativas bloques de contido impartidos. Se este exame se compón de varias preguntas indicaráselle ao alumnado a valoración de cada unha delas de cara ao cómputo global. No caso de que non se especifique o valor de cada ítem se sobreentende que se dividen por igual entre a nota total (p.e.: se hai dúas preguntas a metade da nota é para cada pregunta).

7.1.9. Criterios de avaliación para materia de Historia da Filosofía 2 BACH Avaliación

O Departamento de Filosofía asume que a avaliación debe ser continua, de modo que para avaliar con acierto é preciso comprobar los progresos do alumnado non so ao



final do proceso, senón dende o comezo e ao longo do mesmo, para ter en conta a traxectoria individual e os distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas. Deste modo a avaliación realízase dende o principio da acción educadora, non é algo que xurde ao final do proceso para comprobar unos resultados. A avaliación continua inclúe a avaliación de diagnóstico (inicial), formativa e sumativa. Permite incluír as modificacións necesarias na programación para facilitar a aprendizaxe dos educandos, manexar as diferenzas entre o alumnado na aula e por tanto tanto tamén se entende como unha práctica inclusiva. De modo que non pode centrarse na etapa final da aprendizaxe nin se concibe para aprobar, senón para aprender. Deste modo, o profesorado propón diversas actividades ao longo do curso, de carácter avaliabile, de acordo cos criterios anteriormente expostos. A cualificación final responderá ao conxunto do traballo realizado polo alumno ou alumna duante o curso e quedará reflectida na cualificación de xuño despois de realizar a media das cualificacións obtidas nas distintas avaliacións, ou no seu caso das recuperacións, efectuadas. A cualificación de cada avaliación resultará do traballo realizada na aula, as probas, traballos ou actividades realizadas en cada período, de acordo cos criterios que se sinalan a continuación:

Avaliación da aprendizaxe do alumnado

Os bloques suman (sen incluír o B1 que é transversal e é avaliado en cada proba ou actividade) en total $9 + 6 + 15 + 17 = 47$ estándares.

Se atendemos a que a nota final vai de 0 a 10 e ponderamos o peso dos diferentes bloques (aproximando de tal xeito que teñamos números sen decimais) o tanto por cento do peso de cada bloque (Opción A, aproximadamente un 75% da nota e Opción B un 25%) quedaría así:

Bloque 2. A filosofía na Grecia antiga	
9 estándares = 5 (Opción A) + 4 (Opción B)	
Opción A / Ponderación 75% / 22% HFB2.1.1. / HFB2.1.3. / HFB2.1.2. / HFB2.1.2. / HFB2.1.4.	Opción B / Ponderación 25% / 6% De HFB2.2.1. a HFB2.3.1.
Temporalización:	Temporalización:

Bloque 3. A filosofía medieval	
6 estándares (Opción B) Do HFB3.1.1 ao HFB3.3.1	
Opción B / Ponderación / 25%	
Temporalización:	

Bloque 4. A filosofía na Modernidade e na Ilustración	
15 estándares = 9 (Opción A) + 4 (Opción B) + (2 non ABAU)	
Opción A / Ponderación 75% / 38% Do HFB4.2.1 ao HFB4.2.4. HFB4.3.3. Do HFB4.5.1. ao HFB4.5.4.	Opción B / Ponderación 25% / 6% HFB4.1.1. e HFB4.1.2. HFB4.3.1. / HFB4.3.2. / HFB4.3.1.3 / HFB4.4.1.
Temporalización:	Temporalización:

Bloque 5. A filosofía contemporánea	
17 estándares = 4 (Opción A) + 7 (Opción B) + 7 (non ABAU)	



Opción A / Ponderación 75% / 15% Do HFB5.1.1. ao HFB5.1.4.	Opción B / Ponderación 25% / 7% Do HFB5.2.1. ao HFB5.3.3. Do HFB5.4.1. ao HFB5.4.6. (non ABAU – non computan no % desta ponderación) / traballo voluntario que suma ata un punto sobre as notas obtidas na terceira avaliación
Temporalización:	Temporalización:

Pódense observar algunhas diferencias de peso ante o mesmo ou similares números de estándares, pero xa se ten sinalado que se tratan estes non sos (non é posible nas materias do Departamento de Filosofía) senón en conxunto con outros estándares, e eso fai que, en ocasións, uns adquiren un peso moito maior que outros polas relacións que teñen con outros temas que hai que tratar para que os contidos sexan comprensibles. Un claro exemplo deste é o que sucede no seguinte estándar: HFB2.1.3. Distingue as respostas da corrente presocrática en relación á orixe do Cosmos, os conceptos fundamentais da dialéctica de Sócrates e o convencionalismo democrático e o relativismo moral dos sofistas, identificando os problemas da filosofía antiga, e relacionando esas respostas coas solucións achegadas por Platón.

Como se pode observar na programación a temporalización non se detalla para cada estándar senón para cada grupo de estándares pertencentes ós grupos sinalados na columna de contidos e criterios de avaliación. Isto é así porque segundo o que consideramos os requerimentos da propia materia para que sexa comprensible para o alumnado deste nivel é necesario abordar ós problemas fuxindo da fragmentación todo o que permita o currículo. Este tipo de fragmentación de sentido (separando en distintos estándares, para seguir co exemplo do mesmo filósofo a súa visión política – HFIL 2.1.2. – do sentido do gobernante-filósofo – HFIL2.1.4) na lei fai moi difícil programar ó detalle a temporalización, así como os mecanismos de avaliación, xa non digamos sinalar con exactitude o tanto por cento que vai valer cada un destes estándares sobre o (excluíndo os de contidos transversais do Bloque 1) que hai en total na materia. Polo tanto seguindo, en certa forma, a lóxica da columna de “criterios de avaliación” e de “contidos”, agruparemos os estándares de aprendizaxe para asignarlles o mesmo peso dentro de cada bloque temático (atendendo no peso a se pertencen á opción A ou B da ABAU). Aínda que, obviamente, non todos os estándares de avaliación presentan a mesma dificultade e extensión, pensamos que, ó final, terminarán quedando compensados dentro do bloque ditas diferencias.

Ante isto optamos por programar, como dicíamos, xuntado os estándares de aprendizaxe segundo a agrupación que aparece tanto na columna de "contidos" como na de "criterios de avaliación", e dende aí xorde a decisión de adxudicar os tantos por cento (iguais) correspondentes a cada agrupamento. Aínda que ditos agrupamentos son diferentes tanto en extensión como en dificultade, consideramos que ó final terminan compensándose e, polo tanto, outorgámoslles a mesma porcentaxe dentro do bloque (a no ser que se indique o contrario), tal e como mencionamos con anterioridade.



A nota final de cada bloque xurdirá de diferentes tipos de actividades. En principio (se isto varía se indicará nas actas de Departamento), as notas de cada bloque terán a seguinte composición:

- Observación das actividades desenvolvidas en clase (XI). Estas observacións serán rexistradas no caderno da profesora e determinarán o redondeo da cualificación, no caso de decimais, ata o número enteiro superior ou non.
- Probas específicas de autores ou correntes. Suporán entre un 50% e un 80% da cualificación global do bloque. A ampla variabilidade na porcentaxe depende da cantidade de actividades e probas que o alumnado teña que facer nese bloque. Este tipo de proba tenderá a seguir a estrutura da proba ABAU, en especial cando se trate de autores da “Opción A”. No caso de autores ou correntes da “Opción B” estas probas poden ser tipo ABAU e ser contadas como un Bloque ou poden estar integrados ou seus contidos nas probas que terán como núcleo fundamental o autor, cuestión ou corrente da “Opción A”.
 - Un mínimo de 10% e un máximo de 20% para aproba tipo test de cada bloque (non terá recuperación se se fai con material de consulta). Farase antes da proba específica (unhas dúas ou tres sesións antes dela).
 - Un mínimo de 10% e un máximo de 30% para as actividades feitas na casa ou na clase (cando estas actividades consistan en pequenas probas tipo test ou de reflexión con probabilidade de utilización de material, non terán recuperación, xa que se avisará delas con antelación).
 - Cando nun bloque ou parte dun bloque se aplique o método de Flipped Classroom (sempre haberá aviso das datas de visualización e de traballo sobre o visualizado na casa) as porcentaxes das probas variarán dun xeito importante, dado que a avaliación realizáse dun xeito diferente con esta metodoloxía. No caso de que isto suceda farase constar nas actas de Departamento. Tendo en conta a estrutura da proba ABAU, o máis probable é que se utilice este tipo de metodoloxía para os estándares que hai que impartir para a “Opción B”. No caso das actividades coa metodoloxía FP, o usual é que non haxa recuperación, xa que o alumnado ten que resolver as dúbidas antes das actividades ou durante elas. Só no caso de que a profesora detectara un problema concreto que levara a unhas baixas notas non debido a falla de visionado (algo frecuente) ou traballo por parte do alumnado, volveríase a repetir a actividade logo de dar tempo a traballar novamente co material visual.
 - En ocasións, e se se pacta co alumnado (o obxectivo é motivalos a traballar máis e con ferramentas e materiais diferentes, tal e como indica a lexislación), se farán actividades como infografías, presentacións, lecturas



guiadas, etc., que poderán valer entre 1 e 1.5 puntos sobre os anteriores 10 que se poidan obter no bloque, dependendo da cantidade de actividades que se fagan (p.e.: una infografía avaliada con rúbrica, ata 0.50 punto por riba do 10, unha lectura guiada con preguntas a responder, sendo posible consultar o material traballado, ata un punto por riba de 10, etc.). Dado o carácter deste tipo de probas (suman e non restan) mostran con claridade o interese do alumnado en mellorar as súas cualificacións, polo tanto, se non se presenta a estas probas, ou as deixa en branco, ou non se achega ao suficiente non lle valerán para redondear cara ao seguinte número enteiro (por exemplo: ten como media un 4.6 e obtén como cualificación nunha lectura guiada un 2, pasaría a ter un 4,8, pero non se lle redondearía a un 5). A profesora considera, polo tanto, que a non presentación á proba, o deixala en branco, o non contestar a uns mínimos a pesares de ter todo o material diante e cunhas preguntas que o guían a lectura (no caso dese exercicio, por exemplo) é unha clara indicación de que a alumna ou o alumno non ten interese en ter unha maior cualificación no boletín da correspondente avaliación. Consideramos que é importante non fixar neste momento con exactitude estes aspectos porque a flexibilidade ao respecto sempre deu moi bo resultado co alumnado, que se ve moi motivado ao ser consultado sobre diferentes opcións á hora de participar nas decisións de obtención de notas.

- Para a derradeira avaliación está planificado un traballo voluntario sobre os estándares que non están contemplados en ningunha das opcións da ABAU e que van dende o HFB5.4.1. ata o final do programa. Este traballo só sumará nota e non descontará, e o fará, exclusivamente sobre as notas da terceira avaliación. O máximo que se pode obter con este traballo un punto e non é incompatible cos puntos que se podan obter por riba do 10 por outros conceptos, dado que é un traballo que require unha excepcional mostra de interese.

As posibles variacións nas porcentaxes non serán froito da aleatoriedade nin da improvisación. A experiencia docente indica que, en ocasións, redunda nun maior aproveitamento académico facer que os diferentes tipos de probas e exercicios teñan diferentes pesos na nota final dun bloque, xa que non só inflúe no rendemento do alumnado a comprensión dos contidos senón tamén o desenvolvemento das diferentes competencias que van sendo “entrenadas” ao longo do curso.

Realizaranse recuperacións das probas específicas de autores ou correntes, o resto de estándares no que o alumnado vaia tendo problemas irase recuperando dun xeito gradual mediante as indicacións para a mellora nas actividades cun menor peso porcentual.

A cualificación de cada avaliación contemplará as cualificacións dos distintos bloques traballados ao longo do período. Salvo que haxa unha desproporción moi grande na carga de estándares entre bloques avaliados no período a media será aritmética. É



necesario sinalar aquí que respectarase a nota que resulte de dita media para trasladala ao boletín, pero eso non significará que un bloque que estea suspenso pase a estar aprobado por esto. Por exemplo: Bloque de filosofía grega cun 4 e Bloque de filosofía medieval cun 6. Poñámonos no suposto de que teñen o mesmo número de estándares, pesan o mesmo porque son da mesma opción (cousa que non é certa, pero que nos vale para o caso), a media aritmética daría unha nota dun 5, a cal sería a nota do boletín, pero como a media do curso non se fará sobre as notas do boletín senón sobre as de cada bloque, o Bloque de filosofía grega terá que ser recuperado.

No caso de non recuperar algún bloque, existe a posibilidade (en principio non está programada, pero a profesora contemplará esta opción unha vez que teña todas as notas contando coas recuperacións correspondentes) que se faga unha proba final para aquelas persoas que teñan algún bloque suspenso. Para ter opción a esa proba é requisito imprescindible ter acadado unha cualificación positiva en alomenos a metade dos bloques avaliados. De non aprobar este exame (é un exame de mínimos, xeral, non se contempla que nel haxa posibilidade de “subir nota”) o alumno ou alumna deberá presentarse á proba extraordinaria de setembro.

Na convocatoria oficial de setembro o alumnado realizará un exame único e global (que seguirá o modelo ABAU) e a cualificación obtida será a propia da convocatoria.

Facer un exame fóra da data establecida e consensuada co alumnado require un xustificante médico oficial sempre que se alegue enfermidade ou calquera outra certificación que xustifique debidamente a ausencia. Será responsabilidade da alumna ou do alumno poñerse en contacto coa profesora e solicitar hora para facer o exame.

Como norma xeral corríxiranse as probas na aula unha vez cualificados pola profesora, expoñendo os criterios empregados (que serán previamente coñecidos polo alumnado). Aínda que non todas as actividades, probas, etc. poderán ser entregados na clase (non sería posible impartir os estándares, facer exercicios e probas sobre eles e utilizar clases para que o alumnado poda observar polo miúdo todas e cada unha das actividades de avaliación, o alumnado sempre terá acceso aos exercicios. Por exemplo, en ocasións se farán test, a profesora solucionará o test na clase (o alumnado terá permiso para anotar as respostas antes de entregalo), na pantalla, pero non entregará o exercicio cualificado a toda a clase. A pesares desto calquera das alumnas ou dos alumnos poderá ter acceso ao seu exercicio, nun recreo ou nunha entrada ou saída de clase, obviamente.

No caso de observar que algún alumno ou alumna está copiando por calquera procedemento, a proba quedará suspensa, sen que isto supoña a perda do dereito á recuperación.

Procedementos e instrumentos de avaliación:



Segundo proceda para cada estándar de aprendizaxe e dependendo do tempo de que se dispoña e da dinámica e composición diversa de cada de cada clase utilizaranse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación para obter as cualificacións.

A nota final de curso (Xuño) resultará de realizar a media ponderada das cualificacións obtidas nas distintas avaliacións, ou no seu caso das recuperacións, efectuadas durante o curso.

A cualificación de cada avaliación resultará das probas, traballos ou actividades realizadas en cada período. A continuación se ofrece unha descrición xeral das probas, actividades, tarefas, etc. máis salientables, que o alumnado fará o longo do curso.

1º) Unha proba escrita (exame), por cada bloque temático ou sub-tema dentro de cada bloque se así o indica a programación da materia, ou se se indica nas actas no Departamento, na que se avaliará a adquisición e adecuada utilización de conceptos, fixados nos estándares de aprendizaxe e nos criterios de avaliación, propios da materia e correspondentes a ese período académico. No caso de que a proba se compoña de diversas partes ou preguntas, o profesorado indicará previamente a valoración de cada ítem ou parte dos que se compoña o exame, no caso de que non se detalle dita valoración se entende que todas as preguntas valen igual. Nalgúns casos, e sempre que se considere oportuno, facilitaranse rúbricas. Este tipo de proba será a que teña a posibilidade de ser recuperada nunha proba posterior, do mesmo tipo que a primeira que se suspendeu.

2º) A proba anterior pode ser suplida, se o profesorado así o indica, por un traballo individual ou en grupo entregado por escrito e presentado oralmente na aula. Neste caso valorarase non só o contido senón tamén a exposición oral feita ante o resto do alumnado. No caso de traballos (individuais, grupais ou por proxectos) o sistema de recuperación non consistirá nunha proba específica, xa que tal cousa carece de sentido cando se aplica unha metodoloxía que ten por resultado un produto final. Neste caso ou se lle darán as indicacións pertinentes ó alumnado para que mellore os aspectos que presentan deficiencias, ou se lles dará a oportunidade de compensar a baixa nota obtida cun traballo posterior onde se demostre o avance na adquisición de competencias, na consecución de obxectivos e na adecuada adquisición de estándares de aprendizaxe.

3º) Tamén ser farán durante o curso diferentes actividades sobre distintos tipos de materiais, exercicios de redacción sobre temas do currículo, pequenos controis con probas tipo test, de recheo de espazos baleiros ou de verdadeiro/falso, cuestionarios, exposicións, infografía, controis de lecturas guiadas, etc. O obxectivo deste amplo abano de actividades é o de utilizar os diferentes procedementos e instrumentos de avaliación suxeridos para cada estándar o grupo de estándares de aprendizaxe, xa que é moi complicado elaborar unha proba estandarizada de tipo 1º o 2º sobre cada bloque temático, de tal xeito que se presente como un todo coherente para o alumnado.



A restante porcentaxe da nota de avaliación – redondeos á alza ou á baixa, tendo en conta que se parte do redondeo á baixa -, se é o caso, dependerá, a xuízo do profesorado, do rendemento académico do alumnado na aula. Para iso teranse en conta, ademais do xa sinalado respecto ao procedemento de avaliación XI:

4º) As súas achegas nos debates ou discusións sobre temas da materia tidos en clase.

5º) O seu cumprimento da lectura ou comentario dos textos, documentos, actividades, traballo por proxectos, etc. relativos a cuestións filosóficas, éticas, psicolóxicas, etc.

6º) A observación na súa libreta de clase ou fichas de clase (se o profesorado llo indica así dende o principio de curso) do seguimento e asimilación dos estándares de aprendizaxe impartidos no período correspondente á avaliación.

7º) O profesorado poderá levar o caderno ou fichas do alumnado, calquera día, sen avisar previamente. É obriga do alumnado traelo/s sempre a clase e facer cada días as actividades previstas. O profesorado elixirá algunha das actividades para a súa cualificación, por suposto, sen indicar previamente cales serán elixidas. Isto mesmo vale para o seguimento de traballo por proxectos que se podan facer na materia.

Outras consideracións importantes a ter en conta polo alumnado son as que se detallan a continuación.

Algunhas das probas ou traballos que se propoñan poderán ter carácter voluntario ou xurdirán dun pacto entre o alumnado e o profesorado (ou sexa, serán ofertadas polo profesorado e a clase decidirá se lle parece oportuno facelas), en tal caso subirán a nota da avaliación na que se fagan, ou da unidade temática ó que correspondan, de tal maneira que nunca supere un punto e medio que se sumará ó total do obtido entre todas as probas e traballos que se fixeran nese período. Este tipo de probas non terán recuperación. Dado o carácter voluntario, e motivante, destas probas o alumnado que non demostre interese por elas deixará claro que non aspira a acadar ó redondeo, como xa se ten sinalado, por riba da súa nota na avaliación correspondente, no caso de que a media das probas dea como resultado un número con decimais.

Nalgunhas ocasións faranse pequenas probas (test, recheo, definicións, etc.) na clase que medirán a comprensión e o traballo do alumnado sobre o tratado no bloque que se estea a impartir. A realización avisarase con unha ou dúas clases de antelación. O resultado delas computarase no bloque de porcentaxe de traballos feitos na clase (ou na casa). No caso de que a/o alumna/o non se presente a proba sen xustificación terá ou un cero ou unha penalización dun 10%-15% da nota correspondente. No caso de que a falta sexa xustificada a porcentaxe correspondente a esa actividade pasará a engrosar a do exame ou control principal (aquele que está estipulado que pesa un 60% da nota).

Nas probas ou controis especificarase o valor de cada cuestión. No caso de que non



se especifique, sobreentenderase que todas valen o mesmo. No caso de traballar con actividades, proxectos, etc. intentarase proporcionar dende o inicio unha rúbrica.

No caso de non superar algunha das tres avaliacións o alumnado realizará, antes da avaliación seguinte, ou no seu caso antes da nota final, unha proba de recuperación seguindo o modelo reflectido no caso 1º. Se sucedera que a avaliación sobre proxectos, actividades, etc. non resultara satisfactoria, contemplarase a posibilidade de facer unha proba como a do caso 1º para ese tipo de contidos.

Como norma xeral compre ter en conta que na cualificación de cada proba, ata un 5% poderá depender da corrección gramatical e ortográfica.

Se en Xuño o alumnado non supera a materia terá en Setembro a posibilidade de o facer mediante unha proba do tipo 1º na que deberán responder a cuestións relativas bloques de contido impartidos. Se este exame se compón de varias preguntas indicaráselle ao alumnado a valoración de cada unha delas de cara ao cómputo global. No caso de que non se especifique o valor de cada ítem se sobreentende que se dividen por igual entre a nota total (p.e.: se hai dúas preguntas a metade da nota é para cada pregunta).



7.1.10. Criterios de avaliación para a materia de Psicoloxía 2º

BACH

7.1.11. Avaliación

O Departamento de Filosofía asume que a avaliación debe ser continua, de modo que para avaliar con acierto é preciso comprobar los progresos do alumnado non so ao final do proceso, senón dende o comezo e ao longo do mesmo, para ter en conta a traxectoria individual e os distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas. Deste modo a avaliación realízase dende o principio da acción educadora, non é algo que xurde ao final do proceso para comprobar unos resultados. A avaliación continua inclúe a avaliación de diagnóstico (inicial), formativa e sumativa. Permite incluír as modificacións necesarias na programación para facilitar a aprendizaxe dos educandos, manexar as diferenzas entre o alumnado na aula e por tanto tanto tamén se entende como unha práctica inclusiva. De modo que non pode centrarse na etapa final da aprendizaxe nin se concibe para aprobar, senón para aprender. Deste modo, o profesorado propón diversas actividades ao longo do curso, de carácter avaliable, de acordo cos criterios anteriormente expostos. A cualificación final responderá ao conxunto do traballo realizado polo alumno ou alumna duante o curso e quedará reflectida na cualificación de xuño despois de realizar a media das cualificacións obtidas nas distintas avaliacións, ou no seu caso das recuperacións, efectuadas. A cualificación de cada avaliación resultará do traballo realizada na aula, as probas, traballos ou actividades realizadas en cada período, de acordo cos criterios que se sinalan a continuación:

Avaliación da aprendizaxe do alumnado

Os bloques suman en total $9 + 11 + 11 + 9 + 17 + 11 = 68$ estándares. Como se pode observar, practicamente unha cuarta parte da materia atópase no bloque 5, motivo polo cal se lle dedicará máis tempo.

Se atendemos a que a nota final vai de 0 a 10 e ponderamos o peso dos diferentes bloques (aproximando de tal xeito que teñamos números sen decimais) o tanto por cento do peso de cada bloque quedaría así:

Bloque 1. A psicoloxía como ciencia / 13,23% / 14% - por ser o inicial	
Estándares de aprendizaxe / 9 De PSB1.1.1. a PSB1.3.4.	Temporalización 3 - 4
Bloque 2. Fundamentos biolóxicos da conduta / 16,17% / 16%	
Estándares de aprendizaxe / 11 De PSB2.1.1 a PSB2.5.2.	Temporalización 4 - 5
Bloque 3. Os procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria / 16,17% /	
Estándares de aprendizaxe / 11 De PSB3.1.1. a PSB3.3.5.	Temporalización 4 - 5



Bloque 4. Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento /	
Estándares de aprendizaxe / 9 De PSB4.1.1 a PSB4.4.1.	Temporaliza ción 3 - 4
Bloque 5. A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade /	
Estándares de aprendizaxe / 17 De PSB5.1.1. a PSB5.5.2.	Temporaliza ción 6 - 8
Bloque 6. Psicoloxía social e das organizacións / 16,17% / 16%	
Estándares de aprendizaxe / 11 De PSB5.1.1. a PSB5.5.2.	Temporaliza ción 5 - 6

Como se pode observar na programación a temporalización non se detalla para cada estándar senón para cada grupo de estándares pertencentes ós grupos sinalados na columna de "contidos" e "criterios de avaliación". Isto é así porque segundo o que consideramos os requerimentos da propia materia para que sexa comprensible para o alumnado deste nivel é necesario abordar ós problemas fuxindo tanto da fragmentación como do tratamento tipo "pilulas" densificadas de coñecemento (que terminan resultando incomprensibles precisamente pola densidade) todo o que permita o currículo. Por exemplo, no Bloque 6, podemos atopar que aparecen agrupados B6.1, B6.2 e B.6.3, a continuación aparecen fragmentados estes contidos en tres estándares (PSB6.1.1., PSB6.1.2., PSB6.1.3.,) os cales en si mesmos presentan unha complexidade importante no que se refire a tarefas a desenvolver polo alumnado ("realizar unha presentación", "investigar acerca da orixe social das actitudes persoais", etc.) pero tamén unha necesidade importante de tempo de clase para ser compartidas e avaliadas (se é o caso de utilizar avaliación entre pares mediante rúbricas), ofrecéndose a continuación un único criterio de avaliación B6.1. para dirimir se o alumnado foi quen de captar o fundamental de todo o que se lle explicou e se lle propuxo que fixera.

Este tipo de densificación nas actividades que aparecen na lei fan moi difícil programar ó detalle a temporalización, así como os mecanismos de avaliación, xa non digamos sinalar con exactitude o tanto por cento que vai valer cada un destes estándares sobre os 68 que hai en total na materia. Polo tanto seguindo, en certa forma, a lóxica da columna de "criterios de avaliación" e de "contidos", agruparemos os estándares de aprendizaxe para asignarlles o mesmo peso dentro de cada bloque temático. Aínda que, obviamente, non todos os estándares de avaliación presentan a mesma dificultade e extensión, pensamos que, ó final, terminarán quedando compensados dentro do bloque ditas diferencias.

Ante isto optamos por programar, como dicíamos, xuntado os estándares segundo a agrupación que aparece tanto na columna de "contidos" como na de "criterios de avaliación", e dende aí xorde a decisión de adxudicar os tantos por cento (iguais) correspondentes a cada agrupamento. Aínda que ditos agrupamentos son



diferentes tanto en extensión como en dificultade, consideramos que ó final terminan compensándose e, polo tanto, outorgámoslles a mesma porcentaxe dentro do bloque (a no ser que se indique o contrario), tal e como mencionamos con anterioridade.

A nota final de cada bloque xurdirá de diferentes tipos de actividades. En principio (se isto varía se indicará nas actas de Departamento), as notas de cada bloque terán a seguinte composición:

- un máximo de 80% e un mínimo de 50% para o exame ou proba escrita tradicional (que constará de preguntas curtas e/ou medias, preguntas sobre texto, preguntas tipo test, preguntas de recheo, etc.) sobre a cal se fará recuperación. Esta proba tamén poderá estar constituída unicamente por preguntas tipo test, recheo, verdadeiro ou falso, sendo posible utilizar material de consulta. Neste tipo de respostas os erros descontarán (farase constar canto descontan) e o tempo limitárase segundo a cantidade de preguntas que se fagan. O mínimo e o máximo dependerá da cantidade de actividades que se podan facer na clase e fóra dela, tenderase a fragmentar as tarefas pero os estándares de aprendizaxe non sempre se prestan a elo, de aí o abano amplo que se sinala aquí para todo o temario completo.
- un máximo de 20% e un mínimo de 10% para a proba tipo test (non terá recuperación se se fai con material de consulta), no caso de que a anterior proba non sexa exclusivamente de tipo test, verdadeiro ou falso, etc, neste caso non se fará a presente proba e a porcentaxe dela distribuirase entre a anterior e as actividades feitas na casa ou na clase.
- un máximo de 50% e un mínimo de 20% para as actividades feitas na clase ou na casa (non terán recuperación, se fará a media entre elas).
- en ocasións, e se se pacta co alumnado (o obxectivo é motivalos a traballar máis e con ferramentas e materiais diferentes, tal e como indica a lexislación), se farán actividades como infografía, presentacións, lecturas guiadas, etc., que poderán valer entre 1 e 1.5 puntos sobre os anteriores 10 que se poidan obter no bloque, dependendo da cantidade de actividades que se fagan (p.e.: una infografía avaliada con rúbrica, ata 0.50 punto por riba do 10, unha lectura guiada con preguntas a responder, sendo posible consultar o material traballado, ata un punto por riba de 10, etc.). Consideramos que é importante non fixar neste momento con exactitude estes aspectos porque a flexibilidade ao respecto sempre deu moi bo resultado co alumnado, que se ve moi motivado ao ser consultado sobre diferentes opcións á hora de participar nas decisións de obtención de notas.
- no caso de que se traballe coa metodoloxía de Flipped Classroom as porcentaxes poderán variar dunha maneira importante debido á forma de avaliar neste tipo de metodoloxía (é moito máis activa e eso fai que se reduza a porcentaxe das probas



específicas ou exames tradicionais). O alumnado estará informado desto e consignarase nas actas do Departamento.

A nota de cada avaliación xurdirá da media aritmética dos bloques que se avalíen por completo nese período lectivo. Se nese período só se avaliou, por exemplo, un bloque e só se fixeron algunhas actividades do seguinte bloque ou incluso o test, non se terán en conta para a nota da avaliación, xa que consideramos que é probable que transmita ás familias unha imaxe errónea do avance da/o alumna/o da materia, ó transmitir notas parciais de temas que, polo xeral, terminan adquirindo o seu sentido global cara ó final da súa impartición. No caso de que na segunda avaliación se imparta algún dos subámbitos nos que se poda dividir un bloque a tratar procurárase, para facer a media, adaptar o número de estándares que contén ese subámbito co do bloque que se impartiu por completo, facéndose nese caso a media aritmética ó asemellarse o número de estándares entre os contidos avaliados.

Procedementos e instrumentos de avaliación:

Segundo proceda para cada estándar de aprendizaxe e dependendo do tempo de que se dispoña e da dinámica e composición diversa de cada de cada clase utilizaranse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación para obter as cualificacións:

A nota final de curso (Xuño) resultará de realizar a media das cualificacións obtidas nas distintas avaliacións, ou no seu caso das recuperacións, efectuadas durante o curso.

A cualificación de cada avaliación resultará das probas, traballos ou actividades realizadas en cada período. A continuación se ofrece unha descrición xeral das probas, actividades, tarefas, etc. máis salientables, que o alumnado fará o longo do curso.

1º) Unha proba escrita (exame), por cada bloque temático ou sub-tema dentro de cada bloque se así o indica a programación da materia, ou se se indica nas actas no Departamento, na que se avaliará a adquisición e adecuada utilización de conceptos, fixados nos estándares de aprendizaxe e nos criterios de avaliación, propios da materia e correspondentes a ese período académico. No caso de que a proba se compoña de diversas partes ou preguntas, o profesorado indicará previamente a valoración de cada ítem ou parte dos que se compoña o exame, no caso de que non se detalle dita valoración se entende que todas as preguntas valen igual. Nalgúns caso, e sempre que se considere oportuno, se facilitarán rúbricas. Este tipo de proba será a que teña a posibilidade de ser recuperada nunha proba posterior, do mesmo tipo que a primeira que se suspendeu.

2º) A proba anterior pode ser suplida, se o profesorado así o indica, por



un traballo individual ou en grupo entregado por escrito e presentado oralmente na aula. Neste caso valorarase non só o contido senón tamén a exposición oral feita ante o resto do alumnado. No caso de traballos (individuais, grupais ou por proxectos) o sistema de recuperación non consistirá nunha proba específica, xa que tal cousa carece de sentido cando se aplica unha metodoloxía que ten por resultado un produto final. Neste caso ou se lle darán as indicacións pertinentes ó alumnado para que mellore os aspectos que presentan deficiencias, ou se lles dará a oportunidade de compensar a baixa nota obtida cun traballo posterior onde se demostre o avance na adquisición de competencias, na consecución de obxectivos e na adecuada adquisición de estándares de aprendizaxe.

3º) Tamén ser farán durante o curso diferentes actividades sobre distintos tipos de materiais, exercicios de redacción sobre temas do currículo, pequenos controis con probas tipo test, de recheo de espazos baleiros ou de verdadeiro/falso, cuestionarios, exposicións, infografías, controis de lecturas guiadas, etc. O obxectivo deste amplo abano de actividades é o do utilizar os diferentes procedementos e instrumentos de avaliación suxeridos para cada estándar o grupo de estándares de aprendizaxe, xa que é moi complicado elaborar unha proba estandarizada de tipo 1º o 2º sobre cada bloque temático, de tal xeito que se presente como un todo coherente para o alumnado.

O restante porcentaxe da nota de avaliación, se é o caso, dependerá, a xuízo do profesorado, do rendemento académico do alumnado na aula. Para iso teranse en conta:

4º) As súas aportacións nos debates ou discusións sobre temas da materia tidos en clase.

5º) O seu cumprimento da lectura ou comentario dos textos, documentos, actividades, traballo por proxectos, etc. relativos a cuestións filosóficas, éticas, psicolóxicas, etc.

6º) A observación na súa libreta de clase ou fichas de clase (se o profesorado llo indica así dende o principio de curso) do seguimento e asimilación dos estándares de aprendizaxe impartidos no período correspondente á avaliación.

7º) Que o profesorado poderá levar o caderno ou fichas do alumnado, calquera día, sen avisar previamente. É obriga do alumnado traelo/s sempre a clase e facer cada días as actividades previstas. O profesorado elixirá algunha das actividades para a súa cualificación, por suposto, sen indicar previamente cales serán elixidas. Isto mesmo vale para o seguimento de traballo por proxectos que se podan facer na materia.

Outras consideracións importantes a ter en conta polo alumnado son as que se detallan a continuación.



Algunhas das probas ou traballos que se propoñan poderán ter carácter voluntario ou xurdirán dun pacto entre o alumnado e o profesorado (ou sexa, serán ofertadas polo profesorado e a clase decidirá se lle parece oportuno facelas), en tal caso subirán a nota da avaliación na que se fagan, ou da unidade temática ó que correspondan, de tal maneira que nunca supere un punto e medio que se sumará ó total do obtido entre todas as probas e traballos que se fixeran nese período. Este tipo de probas non terá recuperación. Dado o carácter voluntario, e motivante, destas probas o alumnado que non demostre interese por elas deixará claro que non aspira a acadar ó redondeo por riba da súa nota na avaliación correspondente, no caso de que a media das probas dea como resultado un número con decimais.

Nas probas ou controis especificarase o valor de cada cuestión. No caso de que non se especifique, sobreentenderase que todas valen o mesmo. No caso de traballar con actividades, proxectos, etc. intentarase proporcionar dende o inicio unha rúbrica.

No caso de non superar algunha das tres avaliacións o alumnado realizará, antes da avaliación seguinte, ou no seu caso antes da nota final, unha proba de recuperación seguindo o modelo reflectido no caso 1º. Se sucedera que a avaliación sobre proxectos, actividades, etc. non resultara satisfactoria, contemplarase a posibilidade de facer unha proba como a do caso 1º para ese tipo de contidos.

Como norma xeral compre ter en conta que na cualificación de cada proba, ata un 5% poderá depender da corrección gramatical e ortográfica.

Se en Xuño o alumnado non supera a materia terá en Setembro a posibilidade de o facer mediante unha proba do tipo 1º na que deberán responder a cuestións relativas aos tres bloques de contido xa apuntados. Se este exame se compón de varias preguntas indicaráselle ao alumnado a valoración de cada unha delas de cara ao cómputo global. No caso de que non se especifique o valor de cada ítem se sobreentende que se dividen por igual entre a nota total (p.e.: se hai dúas preguntas a metade da nota é para cada pregunta).



7.2. Criterios de cualificación

Precisións xerais que afectan a todas as materiais impartidas polo Departamento:

1^a) A non presentación por parte do alumnado sen xustificación documentada, a algunha das probas esixidas polo profesorado - sexan estas presenciais (exames ou diferentes tipos de probas) ou non (entrega de traballos) - implica a valoración negativa das mesmas (cun cero, ou incluso con notas negativas, que dependerán do que valla a nota porcentualmente, por exemplo, as notas que soben ata 0.50 puntos terán un desconto de - 0.15 puntos). No caso de que a proba teña dereito á recuperación, se a non presentación non se xustifica, a proba de recuperación será a única proba a que a/o alumna/o se poda presentar (ó perder a convocatoria en primeira instancia).

No caso de que a inasistencia fose xustificada documentalmente (p.e. cun certificado médico) o profesorado pode repetir a proba pero sempre antes da data en que a nota deba ser rexistrada na acta da avaliación.

2^a) Como norma xeral e independentemente dos distintos instrumentos de avaliación que se utilicen para avaliar cada estándar ou grupo de estándares e dos pesos que teñan na cualificación final, ó rematar cada bloque de contidos (ou sub-bloque temático, se é o caso) realizarase unha proba global que deberá ter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 (ou o equivalente sobre o que se cualifique). De non acadar este mínimo, a/o alumna/o deberá recuperar os contidos mediante unha nova proba.

3^a) Se se constata por parte do profesorado a alteración intencionada, ou o seu intento, do resultado dalgunha proba ou exame (p. e. “copiar” polo procedemento que fose) a valoración desa proba será absolutamente negativa (un cero), e esa mesma valoración corresponderalle aos colaboradores no caso de que os houbese.

4^a) A nota final non consistirá unicamente na media entre as notas das probas realizadas polo alumnado, xa que faranse outro tipo de actividades avaliáveis como pode ser comentarios de texto, cuestionarios sobre libros lidos, tests, etc.

Aínda que non sempre se fará recuperación das probas e das actividades, a non presentación nas probas ou recuperacións, ou a non presentación desas actividades e as súas correspondentes recuperacións, cando sexa o caso, poderá supoñer que a nota final sexa a equivalente a un insuficiente.

Obviamente, tamén se terá en conta para definir a nota final a asistencia e participación á clase, a actitude académica demostrada ante a materia impartida e o esforzo



observable na superación das posibles dificultades. Os redondeos que se teñan que facer antes do 0,5 se farán, polo xeral, á baixa. Só en raras excepcións se farán á alza (e estarán xustificadas obxectivamente, como se sinalará máis abaixo; nestes casos os aspectos que decanten ó profesorado a redondear cara arriba estarán moi pronunciados, por exemplo, non só ir subindo notas, senón subir 4 o 5 puntos en moitas das actividades). Respecto ós redondeos que teñan que facerse por riba do 0,5 (4,7 por exemplo) en principio tamén se farán á baixa, xa que o que o alumnado obtivo dun xeito definitivo foi a nota expresada en números enteiros. Polo tanto os decimais que podan sumárselle para acadar o seguinte número enteiro dependerán dos aspectos antes mencionados os cales son obxectivos ó quedar claramente reflectidos nas fichas do alumnado (claros aumentos de notas en sucesivas probas e en recuperacións, ir elevando a nota progresivamente durante o curso, presentación a todas as probas, actividades, etc, sería un bo exemplo de como quedaría plasmado nunha ficha que unha alumna ou un alumno traballou para sumar ditos decimais á nota que obtivo).

5ª) Aínda que normalmente se indicará o valor de cada pregunta ou cuestión nos exames, probas, composicións, tests, etc., cando non se faga así sempre se sobreentenderá, xa que parece evidente ao non darse outra indicación, que todas as cuestións ou preguntas valen o mesmo. Por exemplo: se só hai dúas preguntas e se puntúa sobre 10 cada resposta valerá como máximo 5 puntos.

6ª) Cando se realicen traballos (exercicios, fichas, preguntas, exposicións, etc.) ou actividades na clase e se recollan nese mesmo período lectivo, no caso de que a alumnado no estea presente, se a falta de asistencia está xustificada ese traballo (et alt.) non recollido non computará para a media da nota que corresponda. No caso de que a falta de asistencia non está xustificada contará como un non presentado e poderá contar tanto como un cero ou incluso con puntuación negativa (nunca maior do que a propia actividade vale).

7ª) No caso de que o alumnado chegue tarde as probas se contempla a posibilidade de que teña que facer un exercicio diferente ó do alumnado que estivo en hora dentro da aula. O motivo desta distinción radica nos problemas que poden xurdir coa expansión das tecnoloxías de comunicación inmediata a través dos smartphones.

8ª) No caso de que a petición do alumnado se utilicen os períodos de lecer para ampliar o tempo de realización dun exame será preceptivo que todo o alumnado estea presente á hora estipulada e permaneza na aula durante todo o período de exame. Polo tanto, a hora de comezo da proba non é opcional (chegar á proba no momento de inicio da clase e non do período de lecer, considérase entrar cun retraso importante e non anecdótico). Se alguén chega tarde estará suxeito o que se indica en 7ª



9ª) No caso de que se faga un exame final de recuperación, só terán dereito a este aquelas/es alumnas/os que teñan polo menos cualificación positiva na metade dos contidos avaliados na materia.

No caso de que se faga un exame tipo final para que quen teña algún exame ou actividade suspensa a pesares da oportunidade de recuperación cando corresponda, as notas non superarán o 6, xa que dita derradeira oportunidade será para aqueles que necesitarán chegar ó 5 ou fixar a nota (xa que non se poden poñer decimais) e as probas serán moi xenéricas e no terán a mesma minuciosidade que durante o curso.

. Criterios para a cualificación das probas

Especificárase en cada proba a cualificación máxima de cada unha das cuestións. No caso de que non se especifique, entenderase que a cualificación de cada unha das cuestións é a mesma e, dentro de cada cuestión, cada apartado. (cfr. apartado 5).

Para que as cuestións sexan valoradas coa cualificación máxima, atenderase aos seguintes criterios:

A. Cuestión para desenvolver un tópico relacionado cos problemas filosóficos traballados.

1. A resposta é axeitada á pregunta.
2. Utiliza a información pertinente.
3. Define os conceptos.

B. Cuestión de carácter mais xeral e de sistematización e relación entre diversos aspectos dun tema.

1. A súa análise é completa.
2. Relaciona e compara.
3. A extensión é axeitada ó contido.

C. Cuestións a partir de textos

1. Identifica as ideas fundamentais do texto
2. Ten en conta o contido do texto á hora de responder á pregunta
3. Utiliza e relaciona a información pertinente en relación ás cuestións formuladas

D. Cuestións cuxa resposta esixe xustificación:

1. A resposta é pertinente.
2. Constrúe argumentos adecuados.



3. Non cae en contradicións

Con carácter xeral valorarase a capacidade de pensamento crítico así como a redacción. Terase en conta se o/a alumno/a:

- 1.Estrutura o que escribe
- 2.Constrúe frases coherentes
3. Elabora un comezo e unha conclusión

Valorarase tamén a presentación e corrección dos escritos:

- 1.Corrección gramatical e ortográfica.
- 2.Presentación.
- 3.Lexibilidade.

(Os erros gramaticais e ortográficos poden ser penalizados ata cun máximo de 0,5 puntos)

Nas probas só se poderá usar material de apoio cando o profesorado así o indique. O uso de calquera tipo de material (fotocopias reducidas, pequenas anotacións, documentos electrónicos) ou o apoio ao alumnado por calquera medio (teléfono móbil, axuda oral directa), pode supoñer a anulación da proba, que deberá recuperarse nas probas ordinarias de recuperación. De darse esta situación na proba de recuperación, entenderíase que ese grupo de estándares non están recuperados e a cualificación podería ser igual a 0.



7.3. Criterios de promoción

A promoción da materia ven determinada pola consecución do mínimos establecidos para os estándares de aprendizaxe. Para promocionar o alumnado deberá obter, como mínimo, a cualificación de suficiente, cinco puntos sobre dez. Esa nota numérica debe ser obtida a partires da media das notas obtidas nas tres avaliacións, ou recuperacións, se é o caso, levadas a cabo durante o curso.

En caso de que un/ha alumno/a non alcance o puntuación de cinco no cómputo global, e sempre que pase de tres sobre dez, o profesorado poderá telo en conta positivamente e polo tanto proferi-lo para a promoción dos seguintes xeitos:

a) A asistencia continuada a clase ou no seu defecto a acreditada xustificación das faltas.

b) O seu interese e a actitude positiva respecto ao aprendizaxe da materia que pode contrastarse coa observación dunha melloría progresiva ao longo do curso e non ao contrario.

c) O comportamento positivo mantido durante as clases e no interior do aula que pode manifestarse na súa compostura, atención e respecto ao profesorado e cara os seus compañeiros, así como a súa disposición e facilidade para a integración e realización de traballos en equipo e a colaboración cos parceiros na participación en debates e en traballos en común.

Os criterios para superar a materia na convocatoria de setembro mantéñense idénticos aos de xuño, pero neste caso a nota numérica obterase da proba ou exame xa descrita. Nas mesmas condicións que en xuño o profesorado poderá ter en conta positivamente, de cara á promoción definitiva, os xeitos referidos a actitudes e comportamento referidos anteriormente en a, b e c.



8. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN TOMAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

Realizarase unha proba composta de diferentes ítems (análise de texto, respostas tipo test ou verdadeiro/falso, unir con frechas conceptos e características, etc.). Estes ítems versarán sobre aspectos e conceptos moi xerais da materia, de tal xeito que o que se avaliará será se o alumnado ten, e en que grao, as competencias, para poder comprender as explicacións que se lle proporcionarán e levar a cabo as tarefas que se lle encomendarán.

Tendo en conta os resultados desta proba procederemos a axustar a temporalización e a impartición de estándares de aprendizaxe. Todo o que se faga ó respecto, e que modifique a programación inicial do presente documento, quedará rexistrado nas actas de reunión de Departamento.



9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

1. Materias da ESO

1º e 3º de ESO Valores Éticos

1.- Avaliación e cualificación do alumnado na convocatoria extraordinaria

Para o alumnado que suspenda a materia en xuño, en setembro farase un exame similar os exames feitos no curso, sobre contidos mínimos, no cal poderán combinarse preguntas tipo test ou de completar con preguntas cortas ou medias que fagan necesario un mínimo de redacción, así como tamén a contestación a preguntas sobre textos relacionados con temas conectados cos contidos da materia.

2.- Plan de reforzo para o alumnado que non superou a área a lo longo do curso

O alumnado que non supere a materia ao longo das avaliacións poderá ter que realizar unhas actividades de recuperación consistentes na cumprimentación correcta do caderno (ou fichas) de clase con algunhas das actividades do trimestre, e na presentación a unha proba escrita destinada a comprobar que se adquiriron os contidos que non se superaron na avaliación correspondente.

3.- Plan de recuperación para o alumnado coa materia pendente do curso anterior

Entendemos que o máis conveniente é que durante o curso realicen un traballo de recuperación de dita materia consistente na realización dun cuestionario e a lectura dunha obra literaria en relación cos contidos da materia ou tamén que realicen cuestionarios sobre os contidos o material que se use na aula (falarase co alumnado na reunión inicial de pendentes para escoller cal das modalidades nos parece máis conveniente dado o tipo de alumnado que ten a materia pendente e todo isto consignarase na acta de departamento que corresponda). Facilitaráselles un cuestionario para orientar as lecturas que se pacten co alumnado para acadar a superación da materia.

Ademais haberán acadar unha cualificación superior a 5 puntos no exame extraordinarios para a superación da materia pendente. Pactarase co alumnado a posibilidade de realizar probas parciais e non so a proba ordinaria no mes maio.

2.1.4. Temporalización

a) Comprobarase se o alumnado dispón dos materiais necesarios para a lectura



e a preparación das probas. No caso de que sexa preciso, entregaráselles o material necesario que se vaia a entregar ao alumnado normal do curso ou se lles indicará a data en que deben acudir a recollelo.

b) Para facilitar o traballo independente deste alumnado establécese unha temporalización a partir da división do curso en dous parciais, cada un dos cales será avaliado a partir de entrega do cuestionario de lectura e a realización dunha proba escrita:

O calendario dos parciais será pactado co alumnado, pero propónse:

Primeira proba: decembro

Bloque 1. A dignidade da persoa

Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais

Bloque 3. A reflexión ética

Segunda proba: maio

Bloque 4. A xustiza e a política

Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos

Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía

c) terá sempre en conta a necesidade de reservar tempo para unha proba final e data de entrega das actividades de recuperación dos parciais a principios de maio, co fin de que non se produzan conflitos coas probas finais da avaliación ordinaria do curso no que o alumnado está matriculado.

d) Entregarase ao alumnado nesta situación, sempre que sexa posible por escrito, a relación de actividades concretas que haberá de realizar e a data de entrega das mesmas, que coincidirá con la da proba escrita ou final da que se trate.

2. 2.1.6- Instrumentos para a avaliación

O instrumento fundamental é a proba escrita. Para aquel alumnado que realice o plan de traballo proposto polo Departamento (actividades, cuestionario de lectura), terase en conta a progresión na aprendizaxe e valorarase xunto coa cualificación obtida na proba ordinaria (nunca poderá supoñer máis dun 25% da cualificación final). No caso de que o alumnado decida realizar probas parciais, a cualificación final consistirá na media das cualificación obtidas en todas as probas realizadas, que debe ser superior a 5 puntos. Para aqueles alumnos que non realicen o plan de traballo ou as posibles probas parciais, a avaliación dependerá exclusivamente da cualificación obtida na proba ordinaria do mes de maio.

Criterios de avaliación:

a) Lectura.



Figurarán na ficha específica de lectura.

b) Probas: As probas conterán dous tipos de cuestións.

a) Cuestións a partir de textos

4. Identifica as ideas fundamentais do texto
5. Ten en conta o contido do texto á hora de responder á pregunta
6. Utiliza e relaciona a información pertinente en relación ás cuestións formuladas

b) Cuestións cuxa resposta esixe xustificación:

7. A resposta é pertinente.
8. Constrúe argumentos adecuados.
9. Non cae en contradicións

Con carácter xeral valorarase a capacidade de pensamento crítico así como a redacción. Terase en conta se o/a alumno/a:

1. Estrutura o que escribe
2. Constrúe frases coherentes
3. Elabora un comezo e unha conclusión

Valorarase tamén a presentación e corrección dos escritos.

A cualificación de cada pregunta figurará na proba. No caso de que non figure, cada cuestión terá o mesmo valor e, dentro de cada cuestión, cada apartado.

Nas probas só se poderá usar material de apoio cando o profesorado así o indique. O uso de calquera tipo de material (fotocopias reducidas, pequenas anotacións, documentos electrónicos) ou o apoio ao alumnado por calquera medio (teléfono móbil, axuda oral directa), pode supoñer a anulación da proba, que deberá recuperarse nas probas ordinarias de recuperación. De darse esta situación na proba de recuperación, entenderíase que ese grupo de estándares non están recuperados e a cualificación podería ser igual a 0.

2. Materias do bacharelato

2.1. Filosofía

2.1.1. Consideracións xerais.

Ó alumnado coa materia pendente de *Filosofía* de 1º de bacharelato entregaráselle, supervisándose a súa execución, o seguinte plan de traballo:

- **Relación de mínimos esixibles, dos seguintes temas, marcados na**



programación da materia:

• **Bloque 1: contidos transversais**

Bloque 2: O saber filosófico.

Bloque 3: O coñecemento.

Bloque 4: A realidade

Bloque 5: O ser humano desde a filosofía.

Bloque 6: A racionalidade práctica. Ética e Política. Retórica, argumentación e lóxica. (Os apartados de Estética e de Emprendemento Persoal non serían avaliados, xa que non se impartiron en profundidade o curso pasado, tal e como se consignou na Memoria do Departamento).

Ver: 4.7. Filosofía. Primeiro de Bacharelato

• **2.1.2. Materiais e recursos didácticos**

Os materiais serán os mesmos que cos que se traballou na aula no curso 2018-2019, aos que engadimos algúns títulos, dos que se lerán algúns capítulos ou fragmentos:

- Material didáctico elaborado polo profesorado encargado da materia no curso anterior.
- Sádaba, Javier: La filosofía contada con sencillez. Apéndice.
- Mosterín, Jesús: La naturaleza humana. Capítulo 5.
- Droit, Roger-Pol, La filosofía explicada a mi hija, Paidós contextos
- Savater, F., *Las preguntas de la vida*, Ariel
- Villacañas, J.A., *Los latidos de la ciudad*, ed. Ariel

• **2.1.3. Plan de traballo para a superación da materia pendente**

Dado que non se ofertan clases fóra do horario lectivo para a recuperación da materia pendente, o Departamento de Filosofía deseñará e planificará, a medio prazo un conxunto de actividades para realizar fóra da aula, encamiñadas a detección e superación das dificultades que eventualmente se manifesten no traballo do alumnado cos materias didácticos.

Facilitaráselles un cuestionario para orientar as lecturas que se pacten co alumnado para acadar a superación da materia. Este pacto farase constar nas actas de Departamento.

Realizaranse dúas probas parciais: unha en decembre e outra no mes de maio. O alumnado que non supere a primeira das probas, repetirá os contidos na proba ordinaria no mes maio.

2.1.4. Temporalización



a) Comprobarase se o alumnado dispón dos materiais necesarios para o desenvolvemento destes traballos. No caso de que sexa preciso, entregaráselles o material necesario que se vaia a entregar ao alumnado normal do curso ou se lles indicará a data en que deben acudir a recollelo.

b) Para facilitar o traballo independente deste alumnado establécese unha temporalización a partir da división do curso en dous parciais, cada un dos cales será avaliado a partir de entrega de actividades e a realización dunha proba escrita. As datas concretas das probas parciais acordarandse co alumnado, pero a temporalización é a seguinte:

Primeira proba: decembro.

Bloque 1: contidos transversais

Bloque 2: O saber filosófico.

Bloque 3: O coñecemento.

Bloque 4: A realidade

Segunda proba: maio

Bloque 1: contidos transversais

Bloque 5: O ser humano desde a filosofía.

Bloque 6: A racionalidade práctica

• 2.1.5. Criterios de avaliación

1. Integrar información recollida a través dos diversos medios acerca dos problemas, conceptos e teorías específicos propostos para cada bloque temático.
2. Caracterizar, identificar e expoñer, os problemas, conceptos e teorías propostos e desenvoltos en cada un dos bloques temáticos específicos.
3. Ler, analizar e comentar textos referidos ás nocións e problemas abordados.
4. Argumentar acerca das cuestións máis problemáticas e controvertibles suscitadas por certos temas.
5. Utilizar un vocabulario técnico específico tanto nas argumentacións como nas exposicións.

• 2.1.6- Instrumentos para a avaliación

O instrumento fundamental é a proba escrita. Para aquel alumnado que realice o plan de traballo proposto polo Departamento (actividades, cuestionario de lectura), terase en conta a progresión na aprendizaxe e valorarase xunto coa cualificación obtida na proba ordinaria (nunca poderá supoñer máis dun 25% da cualificación final). No caso de que o alumnado decida realizar probas parciais, a cualificación final consistirá na media das cualificacións obtidas en todas as probas realizadas. Para



aqueles alumnos que non realicen o plan de traballo ou as posibles probas parciais, a avaliación dependerá exclusivamente da cualificación obtida na proba ordinaria do mes de maio.

2.1. 7. Criterios para a cualificación das probas

Especificarase en cada proba a cualificación máxima de cada unha das cuestións. No caso de que non se especifique, entenderase que a cualificación de cada unha das cuestións é a mesma.

Para que as cuestións sexan valoradas coa cualificación máxima, atenderase aos seguintes criterios:

A.D Cuestión para desenvolver un tópico relacionado cos problemas filosóficos traballados.

1. A resposta é axeitada á pregunta.
2. Utiliza a información pertinente.
3. Define os conceptos.

E. Cuestión de carácter mais xeral e de sistematización e relación entre diversos aspectos dun tema.

1. A súa análise é completa.
4. Relaciona e compara.
5. A extensión é axeitada ó contido.

F. Cuestións a partir de textos

1. Identifica as ideas fundamentais do texto
2. Ten en conta o contido do texto á hora de responder á pregunta
3. Utiliza e relaciona a información pertinente en relación ás cuestións formuladas

G. Cuestións cuxa resposta esixe xustificación:

1. A resposta é pertinente.
2. Constrúe argumentos adecuados.
3. Non cae en contradicións

Con carácter xeral valorarase a capacidade de pensamento crítico así como a redacción. Terase en conta se o/a alumno/a:

1. Estrutura o que escribe
2. Constrúe frases coherentes



3. Elabora un comezo e unha conclusión

Valorarase tamén a presentación e corrección dos escritos: 1.Corrección

gramatical e ortográfica.

2.Presentación.

3.Lexibilidade.

(Os erros gramaticais e ortográficos poden ser penalizados ata cun máximo de 0,5 puntos)

A cualificación de cada pregunta figurará na proba. No caso de que non figure, cada cuestión terá o mesmo valor e, dentro de cada cuestión, cada apartado.

Nas probas só se poderá usar material de apoio cando o profesorado así o indique. O uso de calquera tipo de material (fotocopias reducidas, pequenas anotacións, documentos electrónicos) ou o apoio ao alumnado por calquera medio (teléfono móbil, axuda oral directa), pode supoñer a anulación da proba, que deberá recuperarse nas probas ordinarias de recuperación. De darse esta situación na proba de recuperación, entenderíase que ese grupo de estándares non están recuperados e a cualificación podería ser igual a 0.



10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Segundo ordena no artigo 7.4 da Orde ECD/65/2015 e no artigo 5.2 do Decreto 8/2015, o profesorado de Departamento terá en conta a necesaria atención á diversidade dentro de cada grupo no que imparta docencia. Fundamentalmente intentarase modular a impartición de contidos e de estándares de aprendizaxe tendo en conta non só a clase no seu conxunto, senón tamén as posibles diferencias individuais que existan e que requiran un tratamento especial, tanto se estas teñen como motivo unha maior dificultade de aprendizaxe como se se deben a unha especial facilidade para captar o fundamental de cada bloque temático e/ou unha especial motivación para aprender e participar no proceso de ensino-aprendizaxe.

Estas medidas substanciaranse nas diferentes actividades, exercicios, proxectos, etc. (non nas probas estandarizadas, aquelas que aparecen no punto 7. como 1º) xa que será neste tipo de procedementos e instrumentos de avaliación onde consideramos que mellor se pode levar a cabo a individualización da ensinanza.

10.1. Vías de atención á diversidade

Faise mención neste apartado de aquelas medidas que non implican modificar substancialmente os contidos, é dicir que só requiren adaptacións referidas a aspectos que manteñen basicamente inalterable o currículo adoptado na materia pero que, sen estas actuacións, determinados alumnos e alumnas non progresarían. En xeral, pódese afirmar que a programación do grupo, salvo algunhas variacións, é tamén a mesma para o alumnado que reciba esas actuacións específicas.

Desta forma, pode ser necesario que, para o desenvolvemento adecuado de determinados alumnos e alumnas, se deseñe unha serie de medidas específicas, a continuación se sinalan algunhas que son complementarias ás mencionadas:

Utilización de grupos flexibles en materias que se precise ou se considere positivo.

Desdoblamento do grupo en dous en certas materias, segundo as necesidades do alumnado e características do profesorado.



Reforzos en determinadas materias ou aspectos puntuais destas, pois por distintas razóns, determinado alumnado están atopando maiores dificultades das habituais na súa aprendizaxe.

Ampliacións ou esquematización (segundo proceda) dalgúns contidos ou temas o alumnado que o requira.

10.2. A atención á diversidade e as súas implicacións na aula

É nas programacións de aula e nas actividades de ensino-aprendizaxe onde toman corpo, referidos ós alumnos e alumnas particulares, as decisións tomadas no centro. Polo tanto, a planificación de cada unidade didáctica debe ter en conta que non tódolos alumnos e alumnas alcanzarán da mesma maneira os obxectivos, seguirán o mesmo proceso de aprendizaxe e aprenderán exactamente o mesmo.

As programacións e o seu desenvolvemento na aula, constitúen o ámbito de actuación privilexiado para axustar a acción educativa á diversidade de capacidades, intereses e motivacións do alumnado.

Cando o profesorado dun alumno ou alumna determina que estes teñen dificultades de aprendizaxe e/ou necesidades específicas, normalmente é porque aquel identifica que as características destes os conduce a evidenciar discrepancias máis ou menos importantes entre o seu rendemento e o que se fai habitualmente na aula.

Pódese afirmar que o número de alumnos e alumnas ós que se atribúen dificultades importantes de aprendizaxe está en relación directa coa capacidade para xestionar e gobernar unha situación de aprendizaxe na aula na que se producen diferencias entre alumnas e alumnos respecto a unha mesma actividade.

Isto quere dicir que os aspectos claves para atribuír esas dificultades relaciónanse coas propostas sobre qué ensinar, cómo ensinar e os procedementos de avaliación. Por iso, dada a importancia que, para aprender, ten a calidade das experiencias de aprendizaxe na aula e con ela a práctica docente, inténtase, neste apartado, expoñer os aspectos educativos e pedagóxicos das programacións e das actividades de ensino e aprendizaxe que se consideran máis relevantes por estar máis comprometidos coa maneira habitual de proceder educativa e didacticamente o profesorado. A ampla e flexible cantidade de procedementos e instrumentos de



avaliación que o Departamento inclúe na programación responde, entre outras, a intención de atender á diversidade que vai manifestándose na dinámica de aprendizaxe e tamén nas dinámicas de clase. Segundo vaian aparecendo "as diversidade" (as cales teñen que aparecer necesariamente, xa que tratamos con seres humanos e non con automatismos feitos en serie nunha fábrica) se irá axustando que tipo de instrumentos e procedementos son máis adecuados para motivar ó alumnado.⁹

10.3. A atención á diversidade na área de filosofía

A atención á diversidade dos alumnos e alumnas, no referente ás diferencias individuais en capacidades, motivación e intereses, esixe que as materias curriculares posibiliten unha acción aberta do profesorado, de forma que, tanto o nivel dos contidos como as formulacións didácticas, poidan variar segundo as necesidades específicas da aula.

- Diversidade na programación

Un dos obxectivos principais dun ensino de calidade é ofrecer un achegamento á propia realidade do alumnado, tanto ó seu contorno como ás súas propias aspiracións, capacidades e intereses. A programación das materias do Departamento de Filosofía deben ter en conta estas diferencias e garantir un desenvolvemento mínimo de capacidades ó finaliza-lo curso, así coma permitir que o alumnado máis avantaxado poida amplia-los seus coñecementos máis alá dese mínimo común. Os elementos esenciais que permiten esta flexibilidade no tratamento son basicamente os contidos conceptuais e as actividades.

- Diversidade nos contidos

⁹ ECD 65/2015

Uno de los elementos clave en la enseñanza por competencias es despertar y mantener la motivación hacia el aprendizaje en el alumnado, lo que implica un nuevo planteamiento del papel del alumno, activo y autónomo, consciente de ser el responsable de su aprendizaje.

Los métodos docentes deberán favorecer la motivación por aprender en los alumnos y alumnas y, a tal fin, los profesores han de ser capaces de generar en ellos la curiosidad y la necesidad por adquirir los conocimientos, las destrezas y las actitudes y valores presentes en las competencias. Asimismo, con el propósito de mantener la motivación por aprender es necesario que los profesores procuren todo tipo de ayudas para que los estudiantes comprendan lo que aprenden, sepan para qué lo aprenden y sean capaces de usar lo aprendido en distintos contextos dentro y fuera del aula.



O tratamento de contidos conceptuais en cada unidade debe levarse a cabo en dous niveis: i) formulación de ideas xerais e de esquemas que permitan a comprensión global dos aspectos esenciais. O conxunto do alumnado debe obter unha comprensión similar sobre os conceptos básicos e ii) afondamento e estudio detallado de elementos concretos en función das capacidades individuais e do nivel de desenvolvemento que alcanzaran na aprendizaxe.

- Diversidade nas actividades

As actividades de cada unidade tamén deben reflectir esta diversidade. Unha serie de actividades servirán para comprobar o grao de comprensión dos contidos básicos por parte do alumnado corrixir as adquisicións erróneas. Outras actividades deberán comproba-la capacidade de xuízo crítico e de análise de problemas por parte do alumnado. Outras reforzarán os conceptos estudados e outras afondarán neles, e permitirán unha avaliación a distintos niveis.

- Diversidade na metodoloxía

A atención á diversidade está contemplada tamén na metodoloxía e nas estratexias didácticas concretas que se van aplicar na aula, tal e como se explicou con anterioridade. Estas estratexias son basicamente de dous tipos: i) unha estratexia expositiva nos contidos básicos. O obxectivo é asegurar que eses contidos básicos son adquiridos por todo o alumnado, definindo claramente o nivel que se quere alcanzar en cada caso e ii) unha estratexia indagatoria no caso dos contidos específicos, voluntaria ou non, que permita ó alumnado afondar nas súas investigacións segundo sexan as súas distintas capacidades e intereses.

Estas estratexias poden ser completadas con algunhas outras medidas que permitan unha adecuada atención á diversidade:

- Facer unha detallada avaliación inicial.
- Variedade de procedementos de avaliación da aprendizaxe
- Diversidade de mecanismos de recuperación.
- Adaptación ó ritmo de aprendizaxe do alumnado.
- Insistir nos reforzos positivos para mellora-la autoestima.
- Favorece-la existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula.



11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA

Tal e como ordena o artigo 4 do Decreto 86/2015 traballaranse os elementos transversais en todas as materiais impartidas polo Departamento. En xeral, pode dicirse que os oito serán tratados, nalgún momento, practicamente en todos os bloques de contidos, debido os exemplos de actualidade, de problemas de convivencia, de proxectos vitais, etc. Máis en concreto, aínda que sinalados en grandes liñas se fará un especial fincapé nos bloques de contidos que se enumeran a continuación:

LEENDA TRANSVERSAIS

CL	Comprensión lectora.
EOE	Expresión oral e escrita.
CA	Comunicación audiovisual.
TIC	Tecnoloxías da información e da comunicación.
EMP	Emprendemento.
EC	Educación cívica.
PV	Prevención da violencia.
EV	Educación e seguridade viaria

1. A comprensión lectora (CL), a expresión oral e escrita (EOE), a comunicación audiovisual (CA), as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), o emprendemento (EMP), e a educación cívica e constitucional (EC).

- Resulta obvio, pola propia natureza das materias do Departamento (baseada en lectura de textos, reflexión sobre eles, e expresión escrita e oral desta reflexión) que se fará un especial fincapé nos elemento transversais (CL) e (EOE). Respecto a (TIC) é necesario sinalar que parte das actividades e tarefas que se lle encargarán ó alumnado, en calquera das materias encargadas ó Departamento, será en formato dixital, polo cal a contribución a este elemento é clara. Por último, polos propios contidos que están incluídos nos currículos a



contribución á (EC) é unha constante, así como a (EMP) se o entendemos como a construción dun proxecto vital que necesita non só reflexión, senón autorreflexión.

2. A igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia (PV) de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. Prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Traballarase para evitar os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

- As achegas a este elemento faranse fundamentalmente en todos os bloques de filosofía práctica, ou de reflexión sobre a condición humana. Por exemplo, en Filosofía de primeiro de Bacharelato no Bloque 5 (O ser humano desde a filosofía) e no Bloque 6 (A racionalidade práctica). No caso de Valores éticos, as achegas atravesan toda a materia en calquera dos catro cursos onde se imparte. No caso da materia de Psicoloxía, é claro que se tratará non só nos estándares de aprendizaxe que están indicados expresamente, senón que sempre se fará mención a estes elementos, facendo un especial fincapé no respecto ó diferente, a aquelas persoas con discapacidades, a aquelas persoas con enfermidades mentais, establecendo, ó mesmo tempo unha clara liña demarcatoria entre estas condicións e a comisión de actos violentos.



3. Fomentaranse actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor (EMP) e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. Xa se mencionou con anterioridade que ó tratar temas que xiran en torno ó proxecto vital, a autorreflexión, a autoestima, etc., este elemento vai a supoñer unha importante achega á reflexión. Así e todo, pensamos que é interesante, sinalar que , se traballará máis especificamente en:

- VE 1ESO, BLOQUE 1 (A dignidade da persoa) e en BLOQUE 2 (A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais).
- VE 2ESO, BLOQUE 3 (A reflexión ética) e en BLOQUE 6 (Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía).
- VE 3ESO, BLOQUE 4 (A xustiza e a política) Y BLOQUE 5 (Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos).
- VE 4ESO, BLOQUE 3 (A reflexión ética) 3 estándares, Y BLOQUE 6 (Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.) con 2 estándares
- FILOSOFÍA 4ESO, BLOQUE 2 (identidade persoal) e no BLOQUE 6 (Transformación).
- FILOSOFÍA 1BACH, BLOQUE 6, derradeiro sub-ámbito.
- HISTORIA DA FILOSOFÍA 2BACH, BLOQUE 2 (A filosofía na Grecia Antiga) e BLOQUE 5 (A filosofía contemporánea)
- PSICOLOXÍA 2BACH, BLOQUE 4 (Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento) e BLOQUE 5 (A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade).

4. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico (EV), coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor,



respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas. Como xa se ten comentado, en moitos exemplos, falarase de situacións que implican problemas en seguridade viaria, polo cal será algo frecuente en todas as materias impartidas polo Departamento contribuir no tratamento dos elementos transversais que afectan a este tema. De calquera xeito, farase un especial fincapé, nos seguintes bloques:

- VE 1ESO, BLOQUE 2 (A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais)
- VE 2ESO, BLOQUE 2 (A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais), BLOQUE 3 (A reflexión ética)
- VE 3ESO, BLOQUE 6 (Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía)
- VE 4ESO, BLOQUE 2 (A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais) BLOQUE 3 (A reflexión ética) BLOQUE 6 (Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía)
- FILOSOFÍA 4ESO, BLOQUE 3 (Socialización), BLOQUE 4 (Pensamento) e BLOQUE 6 (Transformación).
- FILOSOFÍA 1BACH, BLOQUE 3 (O ser humano desde a filosofía), BLOQUE 6 (A racionalidade práctica)
- HISTORIA DA FILOSOFÍA 2BACH, BLOQUE 4 (Filosofía na Modernidade e na Ilustración) e BLOQUE 5 (A filosofía contemporánea)
- PSICOLOXÍA 2BACH, BLOQUE 2 (Fundamentos biolóxicos da conduta), BLOQUE 3 (Os procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria) e BLOQUE 5 (A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade).



12. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

12.1. Indicadores de logro do proceso de ensino

Indicadores de logro do proceso de ensino	1	2	3	4	5
1. O nivel de dificultade do material foi o adecuado ás características do alumnado					
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.					
3. Conseguiuse a paraticipación activa de todo o alumnado.					
4. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado NEAE					
5. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado NEAE					
6. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.					
7. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.					
8. Dáse un peso real á observación da actitude ante o traballo tanto na aula como nas actividades que se encargan para a casa.					
9. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.					
10. Valorouse adecuadamente o esforzo do alumnado para superar as dificultades de comprensión e aprendizaxe.					

12.2. Indicadores de logro da práctica docente.

Indicadores de logro da práctica docente	1	2	3	4	5
1. Como norma xeral, fanse explicacións para todo o alumnado.					
2. Ofrécense a cada alumna/o as explicacións individualizadas que					
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.					
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.					
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en funcións dos temas a tratar.					
6. Combínase o traballo individual e en equipo.					
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.					
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.					
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe					
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.					



Indicadores de logro da práctica docente	1	2	3	4	5
11. Ofrécese ao alumnado de forma razoablemente rápida os resultados das probas, traballos, etc.					
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da correccións das probas, traballos, etc.					
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.					
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.					
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.					
17. Avaliáase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.					
18. Révisase o avance da programación nas reunións do Departamento.					
19. Consígnanse nas actas das reunións do Departamento as modificacións que se fan respecto ó programado.					
20. Faise unha reflexión ó final de cada trimestre sobre os resultados globais obtidos nas diferentes materias impartidas					
21. Faise unha reflexión, ó longo do curso, da adecuación dos instrumentos de avaliación					



13. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Durante o presente curso tentaremos de dar continuidade as actividades extraacadémicas iniciadas nos cursos anteriores, mediante conferencias impartidas por especialistas alleos ao centro, y que versaron sobre temas como “Doazón e transplante de órganos”, “As aportacións da investigación farmacéutica á nosa sociedade”. Tamén queremos seguir traballando en colaboración con Amnistía Internacional coa intención de afondar na reflexión sobre os Dereitos Humanos, ofrecendo obradoiros como “Stop Tortura” e “O meu corpo, os meus dereitos”.

As profesoras do Departamento quedamos especialmente satisfeitas co ciclo que puidemos ofrecer en anteriores cursos, en colaboración coa Dirección do centro, este ano e que volveu xirar en torno a medicina forense. Contamos coa inestimable axuda de persoal do IMELGA e do CIMUS para organizar outro ciclo no presente curso, neste caso sobre o mundo da lei e da Xustiza. Non podemos dar datas sobre a realización destas conferencias xa que dependen de que encontremos profesionais dispostos a impartir ditas charlas desinteresadamente e nos horarios que teñan libres. De calquera xeito intentarase que sexan no primeiro o segundo trimestre e que non coincidan coas datas de avaliacións.

Ademais destas conferencias a intención no presente curso é estender as temáticas tratadas no ciclo, para o cal tentaremos contactar con profesionais da Filosofía, do Dereito e da Xustiza en xeral.

O Departamento propón, para o presente curso, as seguintes actividades:

Saídas didácticas, algunhas delas en colaboración con outros departamentos:

1. Visita ó Parque Arqueolóxico de Campo Lameiro (ou outro sitio arqueolóxico que ofrezca o mesmo tipo de información). Filosofía, 1BACH
2. Visita ós xulgados. Materia: VE 4ESO / 1BACH. Primeiro trimestre
3. Visita a algunha exposición relacionada con temas tratados nas materias impartidas polo Departamento.
4. Visita ó Parlamento de Galicia e/ou ó Valedor do Pobo. Valore Éticos 2º e 3º e 4º da E.S.O..
5. Saída representación Teatro. 2º Bach. Data por concretar.
6. Saída a UNISTEM (Psicoloxía 2º Bach)
7. Saída ao CIMUS (Psicoloxía 2º Bach)

Charlas:



1. Charlas coa colaboración co IMELGA:
 - a. As achegas da Psicoloxía Forense á nosa sociedade.
 - b. Toxicoloxía forense.
2. Charlas ó redor da convivencia e ó civismo:
 - a. Charla impartida por o representante dunha asociación de veciños de Santiago de Compostela sobre os valores cívicos.
 - b. Charla sobre la polis y los valores del mundo griego antiguo
 - c. Charla sobre o valor da recuperación da cidade histórica. Encarna Otero.
 - d. Cine forum. Proxección do documental: "O espello de Alicia invertido onde as maravillas quedan detrás de nós: A explotación forestal, os tendidos eléctricos, a actuación humana, o desmedido crecemento, o abandono do patrimonio, modelos urbanos fora de escala..." de Paco Gallego e Xosé Antón Bocixa Rei.
3. Charlas en colaboración coa universidade para as materias de 4º ESO e Bacharelato:
 - a. A retórica da publicidade. Zósimo López (USC)
4. Charlas Psicoloxía (na aula). Neste momento as conferencias que están programadas cunha certeza razoable son:

TOC, TEA, TDHA, sobre o que a ciencia nos enina sobre a crianza, sexo e pracer, Psicoloxía forense,

 - a. Outros Títulos e ponentes por concretar.
5. Charla coa colaboración da Oficina de Coordinación de Transplantes.

Obradoiro de fomento da lectura. Pilar Sampedro.

Exposicións:

6. Exposición no centro sobre creatividade popular e memoria do Prestige
7. Exposición fotográfica sobre o exilio español
8. Exposición sobre o 30 aniversario da Declaración dos Dereito do neno.

Como en anos anteriores, o Departamento fomentará a participación do alumnado do centro na **Olimpiada Filosófica de Galicia**, en todas as modalidades.



14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PRESENTE DOCUMENTO E PROCESOS DE MELLORA

Para avaliar o cumprimento da presente programación, o departamento de filosofía considera conveniente revisar con periodicidade a marcha dos distintos grupos e materias, no que se refire aos contidos, estándares de avaliación, criterios de avaliación e competencias clave asociadas. Por iso, os membros deste departamento comprométense a revisar periodicamente o seu cumprimento nas reunións, como punto obrigado da orde do día.

Para realizar esta avaliación tomaranse, en xeral, en conta os seguintes indicadores, tendo en conta, ademais, os sinalados na programación de cada materia:

- Temporalización axeitada segundo o previsto.
- Sinalamento, cando sexa o caso, de variacións na temporalización dos contidos.
- Sinalamento dos aportes que se fan ó currículo dende as actividades complementarias que organiza o Departamento.
- Reflexión, ó final de cada avaliación, sobre os resultados obtidos nas diferentes materias impartidas.

O proceso de mellora terá en conta as reflexións xurdidas a partires das reunións de Departamento e tamén a partires da Memoria onde se recollan os resultados cuantitativos e cualitativos das diferentes materias impartidas polo profesorado que integra este Departamento.



ANEXO I

ORATORIA

Obxectivos específicos

A materia oratoria contribúe especialmente os obxectivos xerais e, g, h, i, que se concretan nos seguintes obxectivos específicos:

- Dotar ao alumnado das ferramentas e competencias verbais e non verbais para falar en público.
- Utilizar o diálogo e a argumentación coherente como elementos para convencer aos demais das nosas ideas.
- Practicar e dominar a escoita activa, o silencio reflexivo e o respecto polas ideas dos demais
- Utilizar as ferramentas TIC necesarias tanto no proceso previo de preparación como para a posterior realización e difusión do debate.
- Afondar no coñecemento de diferentes temas de actualidade.
- Falar e escribir con fluidez.
- Comprender textos orais e escritos.
- Empregar vocabulario axeitado.
- Facer críticas con espírito construtivo.
- Formar un xuízo crítico e ético.
- Dialogar e expoñer a adaptación ao contexto.
- Analizar e organizar coñecementos.
- Xestionar varias fontes de información.
- Expresar ideas e emocións.
- Xerar ideas, suposicións e hipóteses.
- Eliminar estereotipos e expresións sexistas

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Oratoria 1º E.S.O.. - Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. CCL (36)
ORB1.1.1. Identifica nos textos escritos os argumentos principais e a tese.
ORB1.1.2. Explica a intención do discurso.
ORB1.1.3. Identifica a estrutura do texto e a relación entre ideas.
ORB1.1.4. Identifica as estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia equilibrando o uso de recursos emocionais e racionais.
ORB1.1.5. Contrasta o contido do texto co coñecemento obtido noutras fontes e co que sabe.
ORB1.1.6. Valora a influencia dos trazos lingüísticos e dos procedementos retóricos na eficacia da mensaxe.
ORB1.2.1. Identifica nos textos orais os argumentos principais e a tese.
ORB1.2.2. Explica a intención persuasiva do discurso e exprésaa.
ORB1.2.3. Identifica a estrutura do texto e a relación entre as ideas que expón.
ORB1.2.5. Identifica os recursos da linguaxe non verbal, e describe o seu valor expresivo.
ORB2.1.1. Condensa nunha frase breve e clara unha mensaxe persuasiva.



ORB2.2.1. Emprega nun texto estratexias comunicativas para captar a atención e a benevolencia da audiencia.
ORB2.2.2. Planifica o discurso tendo en conta as características do modelo ou xénero elixido.
ORB2.2.3. Deseña o discurso tendo en conta o tempo e a canle de comunicación de que dispón.
ORB2.3.1. Identifica as fontes das que pode obter información.
ORB2.3.2. Selecciona as fontes documentais máis acaídas e as súas propias vivencias para extraer contidos e ideas variadas relacionadas co tema do discurso.
ORB2.4.1. Analiza de xeito crítico a información atopada e avalía a súa idoneidade para o obxectivo do seu discurso.
ORB2.4.2. Organiza os datos para o seu tratamento facendo uso das técnicas de traballo intelectual.
ORB2.5.1. Selecciona as ideas combinando equilibradamente os contidos lóxicos cos emocionais, para construír unha proposta persoal e orixinal.
ORB2.6.1. Emprega con propiedade os recursos propios da argumentación.
ORB2.7.1. Organiza os contidos nunha estrutura clara e eficaz, na que se observa unha introdución, unha conclusión e un desenvolvemento coherente do corpo do discurso.
ORB2.8.1. Redacta o discurso con coherencia, cohesión e corrección lingüística.
ORB2.8.2. Emprega recursos retóricos básicos de maneira orixinal e ao servizo da eficacia persuasiva.
ORB2.9.1. Realiza sucesivas revisións, correccións e melloras do texto, axudándose da autoavaliación e da coavaliación.
ORB2.9.2. Utiliza as TIC nos procesos de revisión da corrección ortográfica.
ORB3.1.1. Desenvolve estratexias propias para memorizar un texto.
ORB3.2.1. Presenta un texto aprendido sen perder a improvisación e a espontaneidade.
ORB3.3.1. Realiza unha exposición na que procura manifestar confianza, seguridade e serenidade para gozar da oportunidade de presentar o seu discurso perante un auditorio.
ORB3.4.2. Desenvolve estratexias propias e saudables para controlar a conduta asociada ás emocións negativas.
ORB3.5.1. Pronuncia con corrección e claridade un texto de creación propia.
ORB3.5.2. Emprega con especial coidado o ritmo de elocución natural de xeito que permita seguir a exposición con facilidade.
ORB3.5.3. Emprega as pausas, os silencios e os cambios de ton e de ritmo de maneira significativa, para potenciar o poder expresivo do seu discurso.
ORB3.6.1. Emprega nunha exposición a mirada, a posición do corpo e a xestualidade de maneira natural, eliminando progresivamente pequenos vicios e tics inadecuados.
ORB3.6.2. Ocupa o espazo con naturalidade e personalidade, evitando o artificio.
ORB3.7.1. Deseña presentacións con diapositivas sinxelas, claras e creativas, e emprega con moderación os recursos audiovisuais.



Oratoria 1º E.S.O.. - Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. CSC (10)
ORB2.2.1. Emprega nun texto estratexias comunicativas para captar a atención e a benevolencia da audiencia.
ORB2.2.2. Planifica o discurso tendo en conta as características do modelo ou xénero elixido.
ORB3.3.1. Realiza unha exposición na que procura manifestar confianza, seguridade e serenidade para gozar da oportunidade de presentar o seu discurso perante un auditorio.
ORB3.4.2. Desenvolve estratexias propias e saudables para controlar a conduta asociada ás emocións negativas.
ORB4.1.1. Emprega nun discurso as estratexias da retórica e da oratoria de maneira ética e honesta, recoñecendo as debilidades do razoamento propio e valorando as achegas do razoamento alleo.
ORB4.1.2. Identifica as estratexias que terxiversan a información.
ORB4.2.1. Presenta proxectos, achegas, opinións ou refutacións en ámbitos orais diversos reais ou ficticios.
ORB4.2.2. Elabora discursos para a defensa lexítima de dereitos establecidos.
ORB4.3.1. Recoñece a manifestación das súas habilidades intrapersoais a través do discurso.
ORB4.3.3. Desenvolve habilidades asertivas para expor as propias ideas con honestidade, afirmando os propios dereitos.

Oratoria 1º E.S.O.. - Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. CAA
ORB1.1.3. Identifica a estrutura do texto e a relación entre ideas.
ORB1.2.3. Identifica a estrutura do texto e a relación entre as ideas que expón.
ORB2.2.3. Deseña o discurso tendo en conta o tempo e a canle de comunicación de que dispón.
ORB2.4.1. Analiza de xeito crítico a información atopada e avalía a súa idoneidade para o obxectivo do seu discurso.
ORB2.4.2. Organiza os datos para o seu tratamento facendo uso das técnicas de traballo intelectual.
ORB2.5.1. Selecciona as ideas combinando equilibradamente os contidos lóxicos cos emocionais, para construír unha proposta persoal e orixinal.
ORB2.7.1. Organiza os contidos nunha estrutura clara e eficaz, na que se observa unha introdución, unha conclusión e un desenvolvemento coherente do corpo do discurso.
ORB2.8.1. Redacta o discurso con coherencia, cohesión e corrección lingüística.
ORB2.8.2. Emprega recursos retóricos básicos de maneira orixinal e ao servizo da eficacia persuasiva.



ORB2.9.1. Realiza sucesivas revisións, correccións e melloras do texto, axudándose da autoavaliación e da coavaliación.
ORB2.9.2. Utiliza as TIC nos procesos de revisión da corrección ortográfica.
ORB3.1.1. Desenvolve estratexias propias para memorizar un texto.
ORB3.2.1. Presenta un texto aprendido sen perder a improvisación e a espontaneidade.
ORB3.3.1. Realiza unha exposición na que procura manifestar confianza, seguridade e serenidade para gozar da oportunidade de presentar o seu discurso perante un auditorio.
ORB3.5.2. Emprega con especial coidado o ritmo de elocución natural de xeito que permita seguir a exposición con facilidade.
ORB3.5.3. Emprega as pausas, os silencios e os cambios de ton e de ritmo de maneira significativa, para potenciar o poder expresivo do seu discurso.
ORB3.6.1. Emprega nunha exposición a mirada, a posición do corpo e a xestualidade de maneira natural, eliminando progresivamente pequenos vicios e tics inadecuados.
ORB3.7.1. Deseña presentacións con diapositivas sinxelas, claras e creativas, e emprega con moderación os recursos audiovisuais.
ORB4.1.1. Emprega nun discurso as estratexias da retórica e da oratoria de maneira ética e honesta, recoñecendo as debilidades do razoamento propio e valorando as achegas do razoamento alleo.
ORB4.1.2. Identifica as estratexemas que terxiversan a información.
ORB4.3.2. Presenta as súas ideas desde unha perspectiva empática e sen agredir as outras persoas.
ORB4.3.3. Desenvolve habilidades asertivas para expor as propias ideas con honestidade, afirmando os propios dereitos.

Oratoria 1º E.S.O.. - Contribución ao desenvolvemento das competencias clave - CMCCT (3)
ORB2.4.2. Organiza os datos para o seu tratamento facendo uso das técnicas de traballo intelectual.
ORB2.5.1. Selecciona as ideas combinando equilibradamente os contidos lóxicos cos emocionais, para construír unha proposta persoal e orixinal.
ORB3.1.1. Desenvolve estratexias propias para memorizar un texto.



Oratoria 1º E.S.O. - Contribución ao desenvolvemento das competencias clave - CCEC (4)
ORB2.5.1. Selecciona as ideas combinando equilibradamente os contidos lóxicos cos emocionais, para construír unha proposta persoal e orixinal.
ORB2.8.2. Emprega recursos retóricos básicos de maneira orixinal e ao servizo da eficacia persuasiva.
ORB3.7.1. Deseña presentacións con diapositivas sinxelas, claras e creativas, e emprega con moderación os recursos audiovisuais.
ORB4.1.1. Emprega nun discurso as estratexias da retórica e da oratoria de maneira ética e honesta, recoñecendo as debilidades do razoamento propio e valorando as achegas do razoamento alleo.

Oratoria 1º E.S.O. - Contribución ao desenvolvemento das competencias clave - CD (4)
ORB2.4.1. Analiza de xeito crítico a información atopada e avalía a súa idoneidade para o obxectivo do seu discurso.
ORB2.4.2. Organiza os datos para o seu tratamento facendo uso das técnicas de traballo intelectual.
ORB2.9.2. Utiliza as TIC nos procesos de revisión da corrección ortográfica.
ORB3.7.1. Deseña presentacións con diapositivas sinxelas, claras e creativas, e emprega con moderación os recursos audiovisuais.

Oratoria 1º E.S.O. - Contribución ao desenvolvemento das competencias clave - CSIEE (7)
ORB3.2.1. Presenta un texto aprendido sen perder a improvisación e a espontaneidade.
ORB3.3.1. Realiza unha exposición na que procura manifestar confianza, seguridade e serenidade para gozar da oportunidade de presentar o seu discurso perante un auditorio.
ORB3.4.1. Recoñece as emocións negativas (medo escénico, inseguridade, nerviosismo, etc.) como unha manifestación natural da exposición perante o público.
ORB4.2.1. Presenta proxectos, achegas, opinións ou refutacións en ámbitos orais diversos reais
ORB4.2.2. Elabora discursos para a defensa lexítima de dereitos establecidos.
ORB4.3.2. Presenta as súas ideas desde unha perspectiva empática e sen agredir as outras
ORB4.3.3. Desenvolve habilidades asertivas para expor as propias ideas con honestidade,



Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable dos seguintes grao mínimo de consecución para superar a materia, competencias clave e avaliación

Segundose establece no curriculum, os contidos están organizados en catro bloques, que semellan a división clásica do oratorio en partes: "inventio" (busca dos materiais necesarios para a formación do discurso), "dispositivo" (elección e estruturación destes materiais) "elocutio" (textualización do discurso), "memoria" (memorización) e "actio" (escenificación do discurso). O primeiro bloque, chamado discurso persuasivo é un achegamento ás producións en diversos formatos persuasivos. As actividades relacionadas con isto teñen como obxectivo a práctica de habilidades de comprensión lectora e exercicios de audición. Ademais de poñer en práctica estas habilidades (comprensión lectora e auditiva), os estudantes deben familiarizarse con diferentes tipos de discurso persuasivo para recoñecelas e identificalas poñendo en práctica algúns destes recursos nas súas propias producións. Os exercicios da primeira avaliación estarán dirixidos a este tipo de habilidades. No segundo bloque, "Elaboración do discurso persuasivo", a "invención", o "dispositivo" e o "elocutio" están presentes. Aínda que evidentemente neste bloque trátase de elaborar un discurso, entre os elementos deste bloque teñen unha gran presenza as habilidades de busca e tratamento e a información, a comprensión lectora e a expresión escrita. Para presentar un tema a unha audiencia, os estudantes necesitan un coñecemento adecuado do tema, acadado grazas á busca de información, preparación, planificación e xestión adecuada da linguaxe. O traballo, polo tanto, esencial antes da exposición oral. O terceiro bloque, a presentación dun discurso persuasivo implica a implementación do que se traballou anteriormente. Esta é a presentación oral dun discurso ante unha audiencia. Para iso, é fundamental crear un clima de confianza no que os alumnos poidan expresarse con seguridade. Por este motivo, é fundamental un clima de respecto e tolerancia. O cuarto bloque, "Oratoria, valores e educación emocional", achégase máis á retórica. verdade. Os estudantes deberán poñer en práctica as técnicas de retórica e oratoria para presentar proxectos, opinións ou refutacións en diversos foros nos que poidan participar.

A temporalización ten un carácter de orientación, define a grandes trazos a distribución dos contidos durante un curso académico da materia de Oratoria en 1º da ESO. Porén, a metodoloxía é o debate, cuio desenvolvemento será o que condicione a distribución. A temporalización real reflectirase nas actas das diferentes reunións do Departamento.

Oratoria: 1 sesións semanal

	1º Aval	2º Aval	3º Aval
setembro	2		
outubro	5		
novembro	4		
decembro	2	1	



xaneiro	4		
febreiro	3		
marzo	2		2
	abril		4
	maio		4
	xuño		2
Total sesións/período:	13	10	12
Total sesións/curso:	35		

En xeral, o curso desenvolverase segundo os catro bloques mencionados anteriormente, do seguinte xeito:

Primeira avaliación: as actividades estarán dirixidas ao alumno SABER cal é o discurso persuasivo e tamén que o alumno coñeza a exposición oral, perda o medo, sabe actuar. Bloque 1. 13 sesións.

Segunda avaliación: as actividades centraranse en que os alumnos coñezan o discurso persuasivo e empecen a ELABORAR o discurso. Bloque 2. 10 sesións.

Terceira avaliación: PRESENTACIÓN do discurso. Bloque 3. 12 sesións.

Mesmo tendo en conta o anteriormente mencionado, en todos os exercicios mellorarase a relación entre oración e educación emocional e valores (Bloque 4). Así mesmo, buscaranse actividades nas que dende o principio os alumnos practiquen o discurso oral.

Oratoria. 1º/de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (contidos mínimos en negra)	Temporalización
Bloque 1. O discurso persuasivo			Primeiro trimestre
3.B1.1. Discursos persuasivos escritos (presentacións e debates). Tipos de discurso persuasivo. Intención comunicativa. Estrutura do texto. Procedementos retóricos. Características estilísticas.	4.B.1.1. Ler e comprender discursos persuasivos sinxelos de diferentes tipos.	5.ORB1.1.1. Identifica nos textos escritos os argumentos principais e a tese.	
		7.ORB1.1.2. Explica a intención do discurso.	
		9.ORB1.1.3. Identifica a estrutura do texto e a relación entre ideas.	
		12. ORB1.1.4. Identifica as estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia equilibrando o uso de recursos emocionais e racionais.	
		14. ORB1.1.5. Contrasta o contido do texto co coñecemento obtido noutras fontes e co que sabe.	
		16. ORB1.1.6. Valora a influencia dos trazos lingüísticos e dos procedementos retóricos na eficacia da	



Oratoria. 1º/de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (contidos mínimos en negra)	Temporalización
		mensaxe.	
<p>20. B1.2. Discursos persuasivos orais en situacións formais (presentacións e debates) e informais. Tipos de discurso persuasivo. Intención comunicativa. Estrutura do texto. Procedementos retóricos. Características estilísticas.</p> <p>21. B1.3. Pronuncia, voz, mirada, linguaxe corporal e presenza escénica.</p>	<p>22. B.1.2. escoitar e ver discursos persuasivos sinxelos de diferentes tipos.</p>	23. ORB1.2.1. Identifica nos textos orais os argumentos principais e a tese.	
		25. ORB1.2.2. Explica a intención persuasiva do discurso e exprésaa.	
		27. ORB1.2.3. Identifica a estrutura do texto e a relación entre as ideas que expón.	
		30. ORB1.2.4. Contrasta o contido do texto co coñecemento obtido noutras fontes e co que sabe.	
		32. ORB1.2.5. Identifica os recursos da linguaxe non verbal, e describe o seu valor expresivo.	
Bloque 2. Elaboración do discurso persuasivo			
<p>35. B2.1. Concreción dunha mensaxe persuasiva. Trazos da mensaxe persuasiva: claridade e brevidade.</p>	<p>36. B2.1. Elaborar unha mensaxe breve e clara que funcione como núcleo do discurso.</p>	<p>37. ORB2.1.1. Condensa nunha frase breve e clara unha mensaxe persuasiva.</p>	Segundo trimestre
<p>40. B2.2. Adaptación do discurso ao contexto.</p> <p>41. B2.3. Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia.</p> <p>42. B2.4. Adaptación do discurso ao modelo textual ou xénero elixido.</p> <p>43. B2.5. Adaptación ao tempo e á canle de comunicación.</p>	<p>44. B2.2. Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.</p>	<p>45. ORB2.2.1. Emprega nun texto estratexias comunicativas para captar a atención e a benevolencia da audiencia.</p>	
<p>48. ORB2.2.2. Planifica o discurso tendo en conta as características do modelo ou xénero elixido.</p>			
<p>51. ORB2.2.3. Deseña o discurso tendo en conta o tempo e a canle de comunicación de que dispón.</p>			



Oratoria. 1º/de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (contidos mínimos en negra)	Temporalización
59. B2.6. Documentación e investigación. Alfabetización mediática. 60. B2.7. Tipos de fontes documentais. Criterios de selección. 61. B2.8. Estratexias de procura.	62. B2.3. Identificar e manexar fontes documentais.	63. ORB2.3.1. Identifica as fontes das que pode obter información.	
		65. ORB2.3.2. Selecciona as fontes documentais máis acaídas e as súas propias vivencias para extraer contidos e ideas variadas relacionadas co tema do discurso.	
72. B2.9. Xestión da información.	73. B2.4. Obter e organizar a información para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	74. ORB2.4.1. Analiza de xeito crítico a información atopada e avalía a súa idoneidade para o obxectivo do seu discurso.	
		78. ORB2.4.2. Organiza os datos para o seu tratamento facendo uso das técnicas de traballo intelectual.	
86. B2.10. Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas, etc.) e os emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos, etc.).	87. B2.5. Seleccionar as ideas máis adecuadas e organizalas nunha estrutura ordenada e eficaz.	88. ORB2.5.1. Selecciona as ideas combinando equilibradamente os contidos lóxicos cos emocionais, para construír unha proposta persoal e orixinal.	
96. B2.11 Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos.	97. B2.6. Empregar recursos propios da argumentación.	98. ORB2.6.1. Emprega con propiedade os recursos propios da argumentación.	
103. B2.12. Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas.	104. B2.7. Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	105. ORB2.7.1. Organiza os contidos nunha estrutura clara e eficaz, na que se observa unha introdución, unha conclusión e un desenvolvemento coherente do corpo do discurso.	
110. B2.13. Textualización do discurso. 111. B2.14. Coherencia e cohesión. 112. B2.15. Corrección	114. B2.8. Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	115. ORB2.8.1. Redacta o discurso con coherencia, cohesión e corrección lingüística.	
		118. ORB2.8.2. Emprega recursos retóricos básicos de maneira orixinal e ao servizo da eficacia persuasiva.	



Oratoria. 1º/de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (contidos mínimos en negra)	Temporalización
lingüística. 113. B2.16. Figuras retóricas: metáfora, paralelismo, antítese, interrogación retórica, etc.			
124. B2.17. Proceso de revisión. Correctores.	125. B2.9. Realizar o proceso de revisión do texto.	126. ORB2.9.1. Realiza sucesivas revisións, correccións e melloras do texto, axudándose da autoavaliación e da coavaliación.	
		129. ORB2.9.2. Utiliza as TIC nos procesos de revisión da corrección ortográfica.	
Bloque 3. A presentación do discurso persuasivo			
135. B3.1. Memorización do discurso. Regras mnemotécnicas.	136. B3.1. Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso a partir de secuencias pequenas ata dar co texto completo.	137. ORB3.1.1. Desenvolve estratexias propias para memorizar un texto.	
143. B3.2. Interiorización do discurso.	144. B3.2. Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	145. ORB3.2.1. Presenta un texto aprendido sen perder a improvisación e a espontaneidade.	
151. B3.3. Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza e seguridade).	152. B3.3. Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público.	153. ORB3.3.1. Realiza unha exposición na que procura manifestar confianza, seguridade e serenidade para gozar da oportunidade de presentar o seu discurso perante un auditorio.	
160. B3.4. Xestión das emocións negativas.	161. B3.4. Controlar a conduta asociada ás emocións negativas ante situacións comunicativas con público.	162. ORB3.4.1. Recoñece as emocións negativas (medo escénico, inseguridade, nerviosismo, etc.) como unha manifestación natural da exposición perante o público.	
		164. ORB3.4.2. Desenvolve estratexias propias e saudables para controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	
168. B3.5. Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación,	169. B3.5. Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	170. ORB3.5.1. Pronuncia con corrección e claridade un texto de creación propia.	
		172. ORB3.5.2. Emprega con especial	



Oratoria. 1º/de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (contidos mínimos en negra)	Temporalización
intensidade, pausas e silencios.		coidado o ritmo de elocución natural de xeito que permita seguir a exposición con facilidade.	
		175.ORB3.5.3. Emprega as pausas, os silencios e os cambios de ton e de ritmo de maneira significativa, para potenciar o poder expresivo do seu discurso.	
179.B3.6. Kinésica: comunicación corporal. Tics. 180. B3.7. Proxémica: espazo escénico. 181.B3.8. Naturalidade fronte a artificiosidade.	182. B3.6. Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	183. ORB3.6.1. Emprega nunha exposición a mirada, a posición do corpo e a xestualidade de maneira natural, eliminando progresivamente pequenos vicios e tics inadecuados. 186. ORB3.6.2. Ocupa o espazo con naturalidade e personalidade, evitando o artificio.	Terceiro trimestre
191.B3.9. Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.	192. B3.7. Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	193. ORB3.7.1. Deseña presentacións con diapositivas sinxelas, claras e creativas, e emprega con moderación os recursos audiovisuais.	
Bloque 4. Oratoria, valores e educación emocional			
203. B4.1. Oratoria para a construción da veracidade do discurso.	204. B4.1. Usar a oratoria como un instrumento ético para a construción ou aproximación colectiva á verdade.	205. ORB4.1.1. Emprega nun discurso as estratexias da retórica e da oratoria de maneira ética e honesta, recoñecendo as debilidades do razoamento propio e valorando as achegas do razoamento alleo.	Transversal
		209. ORB4.1.2. Identifica as estratexemas que terxiversan a información.	
217.B4.2. Oratoria para a participación activa na democracia.	218. B4.2. Elaborar textos para intervir en ámbitos de participación social, reais ou simulados, con respecto polas normas de convivencia e procurando a resolución pacífica dos conflitos.	219. ORB4.2.1. Presenta proxectos, achegas, opinións ou refutacións en ámbitos orais diversos reais ou ficticios.	
		222. ORB4.2.2. Elabora discursos para a defensa lexítima de dereitos establecidos.	
227. B4.3. Representación das habilidades	228. B4.3. Desenvolver as relacións interpersoais e a propia	229. ORB4.3.1. Recoñece a manifestación das súas habilidades intrapersoais a través do discurso.	



Oratoria. 1º/de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (contidos mínimos en negra)	Temporalización
persoais e sociais no discurso. Autoconfianza, empatía e asertividade.	personalidade grazas ao uso cívico da palabra.	231. ORB4.3.2. Presenta as súas ideas desde unha perspectiva empática e sen agredir as outras persoas.	
		234. ORB4.3.3. Desenvolve habilidades asertivas para expor as propias ideas con honestidade, afirmando os propios dereitos.	

Concrecións metodolóxicas

Empregarase o debate como metodoloxía de aprendizaxe activa, no contexto da materia Oratoria, co obxectivo de fomentar a participación activa do alumnado e o traballo en equipo. Consideramos que promove o desenvolvemento das habilidades comunicativas do alumnado. Contribúe a mellorar a disciplina de lectura, o uso crítico das fontes e referencias bibliográficas, a consulta máis frecuente da biblioteca. Fortalece asimismo as destrezas comunicacionais e de exposición oral que son o obxectivo fundamental da materia Oratoria.

Materiais e recursos

- Materiais elaborados pola profesora.
- Materiais elaborados polo alumnado.
-

Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

O Departamento de Filosofía asume que a avaliación debe ser continua. Deste modo a avaliación realízase dende o principio da acción educadora, non é algo que xurde ao final do proceso para comprobar unos resultados. A avaliación continua inclúe a avaliación de diagnóstico (inicial), formativa e sumativa. Permite incluír as modificacións necesarias na programación para facilitar a aprendizaxe dos educandos, manexar as diferenzas entre o alumnado na aula e por tanto tanto tamén se entende como unha práctica inclusiva. A cualificación final responderá ao conxunto do traballo realizado polo alumno ou alumna durante o curso e quedará reflectida na cualificación de xuño despois de realizar a media das cualificacións obtidas nas distintas avaliacións, ou no seu caso das recuperacións, efectuadas. A cualificación de cada avaliación resultará do traballo realizada na aula, as probas, traballos ou actividades realizadas en cada período, de acordo cos criterios que se sinalan a continuación:



Avaliación da aprendizaxe do alumnado:

Cualificación global: 100% (ata 10 puntos)			
Traballo individual 50%		Traballo en grupo 50%	
Traballo de aula	Conxunto das actividades realizadas	Presentación do guión	Participación no debate
20%	30%	20%	30%

Procedementos e instrumentos de avaliación:

Participación do alumnado na aula: Valorárase mediante unha escala de valores se o alumno/a:

1. Asiste regularmente
2. Responde a preguntas abertas
3. Formula preguntas significativas
4. Traballa en equipo
5. É ordenado/a co material
6. Presenta ás tarefas en prazo.

Materiais e recursos: Valorárase mediante unha rúbrica se o alumno/a:

1. Arquiva e clasifica todas as tarefas, anotacións ou traballos relacionados cos contidos ou obxectivos do bloque curricular.
2. Todos os documentos están correctamente presentados: data, encabezamento coa indicación clara da tarefa, A tarefa está realizada e ten anotacións.
3. Incorpora diversidade de materia: novas, artigos, ilustracións, etc. Relacionando o aprendido con novos contextos
4. Amona unha redacción coidadosa dos textos, sen erros ortográficos.

Elaboración do guión: Valorárase mediante unha rúbrica se o alumno/a:

1. O grupo presentou o borrador do guión á profesora na data acordada.
2. O guión axústase ás normas gramaticais e ortográficas, así como as tres propiedades textuais de coherencia, cohesión e adecuación necesarias para calquera discurso escrito
3. Os contidos están tratados con profundidade, segundo o tema proposto.
4. Figuran, de maneira visible, os datos básicos do grupo, dos seus integrantes e do guión.
5. O guión está manuscrito, con letra lexible, respectando as marxes e os espazos en



branco, sen tachóns.

Participación nos debates: Valorarse mediante unha rúbrica se o alumno/a:

1. Capacidade para captar a atención
2. Capacidade de convicción nos posicionamentos
3. Claridade expositiva
4. Variedade, orixinalidade e pertinencia dos argumentos
5. Calidade do discurso (expresividade, uso de construcións adecuadas e léxico variado)
6. Corrección lingüística
7. Comunicación non verbal axeitada
8. Manexo do tempo e do espazo
9. Uso eficaz do material de apoio
10. Coordinación do equipo

15. ACTA DE APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN E SINATURAS:

Reunidas en sesión extraordinaria as profesoras que integran este departamento acordan aprobar a presente programación para o curso 2018-2019 e proceder a súa entrega na dirección del centro nel prazo legalmente establecido.

En Santiago a 30 de setembro 2019

As profesoras do Departamento

Ana María Alonso Rodríguez
Xefa do Departamento

M^a del Carmen Rey Sobral